

Postremum Munus

*Studia in Honorem
Celsi Rodríguez Fernández*

Coordinación

Helena Cortés Gabaudan
Francisco J. Ledo Lemos
Fernando Romo Feito

Homenaxes



Helena Cortés Gabaudan



Helena Cortés Gabaudan (Salamanca, 1962) es profesora titular de Filología alemana en la Universidad de Vigo. Está especializada en la época clásico-romántica alemana y ha llevado a cabo numerosas ediciones de estudio de obras clásicas de J.W. Goethe, Hölderlin y los hermanos Grimm, entre otros. Es miembro de la "Academia de la Lengua y Literatura alemanas", Medalla de Oro Goethe en Alemania y Premio Nacional de Traducción 2021 en España por el *Diván de Oriente y Occidente* de Goethe.

Francisco J. Ledo Lemos



Francisco José Ledo Lemos é profesor de latín na Universidade de Vigo. Estudou Filoloxía Clásica en Salamanca, onde logo foi becario de investigación, e onde se doutorou na especialidade de Lingüística Indoeuropea. Entre as súas publicacións como investigador están os libros *La palabra "mujer" en Indoeuropeo* (2002) e *Femininum Genus: a study on the origins of the Indo-European feminine* (2003). Tamén traduciu as comedias *Hecyra* e *Adelphoi* do latino Terencio ó galego.


Fernando Romo Feito



Fernando Romo Feito (Madrid, 1950), catedrático de bachillerato (1983), fue profesor titular de teoría de la literatura, acreditado para cátedra en 2012, en la Facultad de Filología e Tradución de la Universidade de Vigo, desde el año 1998 hasta su jubilación, en 2014. Autor de artículos y libros sobre teoría de la literatura y cervantismo, y de traducciones del latín humanista y del clásico.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo



Homenaxes

n.º 014

Edición

Universidade de Vigo
Servizo de Publicacións
Rúa de Leonardo da Vinci, s/n
36310 Vigo

Deseño gráfico

Área de Imaxe
Vicerreitoría de Comunicacións e Relacións Institucionais

Imaxe da portada

"Signo rodado" de Alfonso X o Sabio que confirma, a petición do bispo de Tui D. Fernando Arias, o privilexio da división da diocese (Sevilla, 5 de agosto de 1279). Arquivo da Catedral de Tui, pergameo 1/11.

Maquetación e impresión

Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

ISBN (Libro impreso)

978-84-8158-951-1

Depósito legal

VG 34-2023

© Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, 2023


© Os autores, dos seus textos

Sen o permiso escrito do Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo, quedan prohibidas a reprodución ou a transmisión total e parcial deste libro a través de ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluídos a fotocopia, a gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación.

Ao ser esta editorial membro da **une**, garántense a difusión e a comercialización das súas publicacións no ámbito nacional e internacional.

Servizo de Publicacións

Universidade de Vigo



Postremum Munus

Studia in Honorem Celsi Rodríguez Fernández

Coordinación

Helena Cortés Gabaudan
Francisco J. Ledo Lemos
Fernando Romo Feito

00

Presentación

Helena Cortés, Francisco J. Ledo y Fernando Romo

11

00

Semblanza

Commentariolum de vita et moribus magistri Celsi.

Francisco J. Ledo Lemos

13

00

Bibliografía selecta

Libri et studia philologica a magistro Celso Rodríguez.

Fernández scripta


31

01

Edad Antigua

35

1. Alberte González, Antonio 35
El Constructum histórico del obispo Pelayo.
2. Alonso Montero, Xesús 55
Repercusión do Beatus Ille de Horacio na poesía galega entre 1868 e 1936: a tradución de García Mosquera (1868) e dúas imitacións (Crecente Vega, 1933; Álvaro de las Casas, 1936). E unhas observacións para unha nova lectura do epodo de Horacio.
3. Bueno Alonso, Jorge-Luis 81
Unha pequena illa nun mar continuo de inglés antigo: A única adiviña latina do Codex Exoniensis MS 3501 e os problemas da(s) súa(s) tradución(s).
4. Carracedo Fraga, José 91
Las citas bíblicas en la colección documental de los tumbos del monasterio de Santa María de Sobrado.
5. Castro Caridad, Eva M^a 105
Huellas del compilador del Códice Calixtino. Dos ejemplos.
6. Cortés Gabaudan, Helena 139
El espíritu de los bosques. La veneración al árbol en los mitos y tradiciones del mundo germánico.
7. Díaz de Bustamante, José Manuel 157
De munere et officio sacerdotis: relección de varias fuentes desechadas.



02


8. Estefanía Álvarez, Dulce 173
El canto de Sileno virgiliano y las Metamorfosis de Ovidio.
9. Molinos Tejada, María Teresa y García Teijeiro, Manuel 189
Sobre la lengua de los papiros griegos mágicos cristianos.
10. Redondo Sánchez, Jordi 199
¿Biión nos evanxeos sinópticos?
11. Tabarés Goldar, Ángel Manuel 205
La mujer bíblica a la luz de las cuatro vías de la interpretación escriturística.
12. Vázquez Buján, Manuel Enrique 215
El capítulo sobre los humores en las Etimologías de Isidoro de Sevilla.

Edad Moderna y Contemporánea

227

13. Becerra Suárez, Carmen 227
Dios entre ficciones: aproximación a la vertiente religiosa en algunas obras de Torrente Ballester.
14. Corvo Sánchez, M^a José 243
El papel del latín en los Sprachbücher de Juan Ángel de Zumaran (s. XVII).
15. Domínguez Castro, Luis 257
A bandeira europea:¿un símbolo vaticanista?
16. Fariña Busto, María Jesús 261
Revitalizando el tópico del carpe diem: algunos poemas de Aurora Luque.
17. Fernández Álvarez, Manuel Santiago "Forcadela" 269
Suxeito, autoría e enunciado en Álvaro Cunqueiro.
18. Fernández Salgado, Benigno 299
Morrer de soidade: unha investigación etimolóxica sobre as voces morriña e saudade.
19. Fernández Vallina, Emiliano 335
El Tostado como poeta.
20. Henríquez Salido, María do Carmo 345
O latim, base da terminología jurídica europea.
21. Ledo Lemos, Francisco José 357
Del arte de Antonio al Arte de la Lengua Panganisán: ecos y ausencias de Nebrija y de las compilaciones de adagia en la gramática misionera de Fray Andrés López.

22. Lorenzo García, Lourdes	383
<i>La dimensión religiosa en libros y películas para niños y jóvenes.</i>	
23. Montero Cartelle, Enrique	395
<i>De Cicerón a Cervantes: un ejemplo de Decorum.</i>	
24. Navaza Blanco, Gonzalo	403
<i>Tres fitotopónimos vigueses.</i>	
25. Rodríguez Guerra, Alexandre	409
<i>O culto ós mortos inmortais: a relixiosidade e a música galegas en Miguel de Unamuno.</i>	
26. Romo Feito, Fernando	419
<i>Reflexiones sobre la traducción literaria.</i>	
27. Varela Bravo, Eduardo José	433
<i>Newman y Blanco White, dos trayectorias religiosas divergentes, una misma coherencia personal.</i>	





Presentación

Helena Cortés, Francisco J. Ledo y Fernando Romo

11

Celso Rodríguez Fernández –don Celso para sus colegas y alumnos de la Facultad de Humanidades, hoy Filología y Traducción, de la Universidad de Vigo– falleció el día 10 de junio de 2021.

Inmediatamente surgió la iniciativa por parte del decano actual de dicha facultad, el catedrático de literatura española, José Montero Reguera, secundada sin demora por cuantos firman este volumen –y por otros muchos que desgraciadamente no llegaron a tiempo o no pudieron por motivos diversos– de confeccionar un tomo homenaje a modo de pequeña muestra de público reconocimiento para quien fuera durante tantos años nuestro compañero, maestro, amigo, o todas estas cosas a la vez. Porque don Celso acompañó la andadura de la facultad de letras de Vigo desde sus inicios, cuando el edificio en donde todavía hoy se albergan los estudios de humanidades dejó de ser el CUVI, un colegio universitario dependiente de Santiago de Compostela, para convertirse en universidad. En varias ocasiones ostentó el cargo de decano de la facultad. Él fue, por tanto, historia viva y piedra angular en la construcción de nuestra joven universidad.

Con lo dicho ya se adivina que el motivo para lanzar este homenaje libresco es, cuanto menos, doble: la admiración sincera por el docto erudito y el sabio colega que tantas cosas sabía y escribía sobre la lengua latina, algunos campos de la teología y la patrística y otros ámbitos varios del saber, por un lado, pero junto a todo eso, y sin duda no es un rasgo menor, la gratitud y el afecto por un compañero que siempre fue modelo de discreción y sencillez, generoso y servicial, atento por igual con alumnos y colegas, dispuesto a asumir cargos y cargas cuando nadie los quería y, según nos consta, también callado promotor de obras sociales de calado en su ciudad de residencia, Tuy, y otros lugares.

Si los sacerdotes son a veces vistos con algo de recelo por los profesores de las ramas humanísticas –pues ya se sabe que nuestra especialidad alberga numerosas

personalidades bohemias y rebeldes, espíritus libres poco amigos de la clerecía y el olor a incienso–, no fue este el caso de don Celso, apreciado sin reservas por unos y por otros, da igual la ideología, ya que nuestro compañero jamás salió fuera de su cometido de profesor, jamás intentó hacer proselitismo, jamás enarcó una ceja ni se escandalizó al escuchar durante las enjundiosas comidas del mediodía en el comedor de la facultad opiniones contrarias a sus convicciones, sino que se llevó siempre bien con todos, sin intentar cambiar a nadie, solo ayudando cuando era necesario, limitándose a reír con verdadero sentido del humor ante la diversidad del mundo.

Este libro quiere por tanto ofrecer un “último regalo” al maestro y al compañero que tanto nos regaló a todos, desde los que convivimos con él en el día a día de la facultad viguesa, su última *alma mater*, como los que lo conocieron en otras etapas y ámbitos de su vida, pues el volumen integra firmas prestigiosas procedentes de lugares muy dispares de la geografía, lo que deja ver a las claras la riqueza de una biografía bien cumplida. No son los nombres que integran este volumen, pese a sus muchos méritos, los que distinguen a don Celso –y por ello renunciamos a los consabidos elogios–, sino que es él, el motivo común que aquí nos concita, el que a todos nos distingue y nos honra.

Acta est fabula, decían los romanos al terminar la función. Sea. Pero otra ‘fábula’ distinta ha comenzado: la de las palabras aquí reunidas, nacidas de un mismo reconocimiento.

Para don Celso

LOS EDITORES

Semblanza

Commentariolum de vita et moribus magistri Celsi

13

Francisco J. Ledo Lemos

Para a obrigada *captatio benevolentiae*, a min gustárame poder presentarme como unha autoridade na materia, como alguén, en fin, que coñecese a Celso de toda a vida, pero teño que acollerme ó *locus humilitatis*, e non só pola diferenza entre os méritos de Celso e os deste improvisado biógrafo, senón tamén porque unicamente tiven ocasión de tratalo nos seus últimos anos, cando, por unha coincidencia (feliz para min), os primeiros pasos da miña carreira como docente de latín na Universidade de Vigo coincidiron cos últimos do profesor Celso Rodríguez. Tamén é verdade que Celso ó longo da súa vida fixo tantas cousas, en escenarios tan distintos e en épocas tan diferentes, que se pode dicir del, e con moita razón, que viviu moitas vidas, e non sería doado atopar a alguén que poida dicir que o acompañou en todas ou sequera nas máis delas. E é verdade tamén que Celso era home tan franco e tan aberto de trato que ata un inexperto latinista, case acabado como quen di, de saír do ovo, ó cabo duns minutos de estar con el xa parecía que o coñecía de toda a vida. Pero mellor que empecemos co relato, que temos moita la que fiar e non nos vai dar tempo para todo.¹

De Celsi pueritia

Celso Rodríguez Fernández naceu o 8 de novembro de 1932 no concello de Tomiño, onda as ribeiras do Miño que debuxan a raia entre España e Portugal. A súa nai foi

¹ É moita a xente á que teño que agradecer as noticias que inclúo nesta pequena evocación de Celso. O cóngo arquivado da Catedral de Tui, don Avelino Bouzón, ademais de contarme moitas anécdotas, proporcionoume a documentación que alí gardan sobre o noso homenaxeado. O avogado, don Ignacio Pallares Pereira, que foi asistente persoal e chofer de don Celso entre os anos 2012-2017, tamén lle debo moita información e algunhas anécdotas. E aínda tiven a sorte de poder coñecer interesantes detalles da infancia de Celso por boca do seu irmán Abel. Conste aquí o meu agradecemento para todos eles, como tamén para os que foron compañeiros seus de estudos e de docencia e me contaron ou escribiron recordos que del tiñan.

Virginia Fernández Rodríguez, dunha familia de mestres e profesores, filla do mestre de escola Manuel Fernández Álvarez (que tamén estivera varios anos en Brasil), e irmá do famoso historiador Manuel Fernández Rodríguez. O pai de Celso foi Manuel Rodríguez Mariño, home inqueda que de mozo formara parte dunha charanga de música, e logo estivera moitos anos en Estados Unidos, traballando como cociñeiro, e tiña un bo pasar económico polos aforriños que de alá trouxera.

O matrimonio tivo outros tres fillos máis (Celia, Milda e Abel). Celso naceu e foi bautizado na parroquia de Goián, pero a súa familia trasladouse moi pronto á veciña parroquia de San Salvador de Sobrada; alí viviu Celso a súa infancia, e sempre se sentiu moi vencellado a esta parroquia: nesta igrexa ofreceu a súa primeira misa como sacerdote, e no cemiterio dela repousan hoxe os seus restos.

Se o propio Celso non mo tivese contado (e ademais diante da miña muller, que me serve de testemuña), eu nunca pensaría que aquel home tan asentado fora de neno un auténtico trasno. O seu irmán, Abel, confírmame que efectivamente foi un deses nenos que non había árbore ou valado ó que non subise, nin tella que non escachase, nin sitio prohibido no que non se metese, e que algunha vez, de resultas dunha caída por enredar onde non debía, ata houbo que levalo a Vigo para que lle botasen un remendo.

Como se non lle chegase co azougue que tiña no corpo, os seus intereses intelectuais da infancia concentrábanse na rama da química recreativa chamada pirotecnia. Tiña unha especial habilidade para facerse con pólvora, que de contado utilizaba nos seus experimentos, e seica máis dunha vez estivo moi a piques de se converter nun mártir da ciencia, e mesmo de conseguir que outros membros da familia tamén o acompañasen (involuntariamente) en tan heroico destino. Como se ve, xa daquela o seu Anxo da Garda non había ter moito vagar.

Pero aquel meniño tiña un problema bastante máis grave aínda: sufría ataques epilépticos, para desconsolo dos seus pais, que temían que o rapaz non chegase a mozo se seguía tendo aquelas arrepiantes crises. E a medicina da época tampouco era moita a axuda que podía prestar.

De Celso in Seminario Dioecesano Tudensi

Sobrada, a parroquia na que vivía Celso de neno, non queda moi lonxe de Tui, e ata alí chegaban os seminaristas nos seus paseos dos domingos pola tarde, camiñando ben ordenadiños en ringleiras, coas súas sotanas e as súas faixas clariñas. O espectáculo daqueles rapaces en formación e uniformados, como un exército espiritual, fascinou ó neno que era Celso, e empezou a dicirlles ós pais que el quería ser seminarista. Os pais, naturalmente, non tomaron moi en serio esta petición do cativo, pensando que xa se lle pasaría aquel capricho, pero Celso seguía insistindo, e cada

vez con máis teima. O pai consideraba non só inconveniente, senón ata imposible que o seu primoxénito entrase no seminario, pois daquela o dereito canónico prohibía explicitamente a ordenación de persoas con epilepsia. O avó materno, o mestre don Manuel, púxose de parte do neno, e mesmo se ofreceu para pagarlle a metade do custo dos estudos.

Contra todo prognóstico, aquel rapaz petardista e epiléptico ingresou no Seminario Diocesano de Tui, a principios do outono de 1944, cando aínda non tiña os doce anos cumpridos. Alí interno, ía seguir Celso os doce cursos que daquela conformaban os estudos eclesiásticos: cinco anos de “latín e humanidades”, tres de “filosofía”, e catro de “teoloxía”, sempre, por certo, con moi boas notas.

Se isto seguise as convencións das haxiografías, agora eu aproveitaría para contar que, nada máis chegar Celso ó seminario se produciu nel unha transformación milagrosa e desapareceron os seus problemas de saúde e a súa travesura. E o certo é que a transformación milagrosa producir produciuse, pero fixeron falta uns aniños. Os primeiros anos de internado, Celso seguiu devecendo pola pólvora e sufrindo ataques de epilepsia. Pero, co tempo, a epilepsia desapareceu por completo, e o noso artificioiro foi perdendo interese polos explosivos e fíllelo collendo ós libros e ós rezos. Pero, aínda que esta metamorfose non se producise de forma instantánea, senón despois duns aniños, non deixa de ser cousa digna de admiración, e Celso, moitos anos despois, a última vez que tiven ocasión de falar con el, contábamo coa convicción de que fora unha auténtica *gratia* (unha palabra, por certo, que ós filólogos case nos dá tanto rendemento como ós teólogos, así que tivemos materia para unha boa charla).

O ciclo de “latín e humanidades” tiña como obxectivo fundamental conseguir que os alumnos adquirisen un perfecto dominio do latín, porque tanto o ciclo de “filosofía” como o de “teoloxía” se impartían integramente na lingua do Lacio: en latín explicaban os profesores as súas leccións, e en latín tiñan que responder os alumnos ás preguntas dos profesores e ós exames. Os seminaristas da época, por tanto, cando aínda eran nenos, aprendían o latín non como unha “lingua morta”, senón como unha lingua viva, e tiñan que lograr un uso tan fluínte e matizado como para poder despois improvisar nela as respostas ás arduas cuestións de filosofía e teoloxía que se lles propoñían nas clases, nas competicións dialécticas e nos exames.

Nos doce anos xustos, en 1956, Celso completou brillantemente os estudos eclesiásticos, e o 17 de xuño deste mesmo ano recibiu a ordenación de presbítero. Comezou así a súa carreira pastoral, con labores en diferentes parroquias, e tamén a súa carreira docente, dándolles ós seminaristas máis noviños clases de lingua (e seica tamén de música, segundo lle oín contar).

Romae Celsus Sacrae Theologiae operam dedit

16 Este primeiro período como sacerdote e profesor do seminario apenas durou dous anos, porque en outubro de 1958 xa estaba Celso en Roma, na Universidade Gregoriana, adscrito ó *Collegium Leoninum*. O latín era alí a lingua católica (isto é, "universal") en que se entendían estudantes chegados de tódalas terras: "Os primeiros días —contaría logo Celso lembrando esta etapa— parecía imposible entenderse, polos acentos tan diferentes con que cadaquén falaba o latín, pero ás poucas semanas xa nos entendiamos todos, como se fose o único que faláramos na vida".

Rodriguez
Celsus

Pater Emmanuel
natus die 8 Novembris 1932
in Coyán (Pontvedra) Hispania
Dioecesis / Religio Tundensis

Collegium Leoninum
inscriptus est inter Auditores
anni IV Facultatis Theologicae.

Romae, die 24 Octobris 1958

DECANUS FACULTATIS
SECRETARIUS GENERALIS

Eran moitas as anécdotas e amigos que Celso recordaba anos máis tarde desta época; contaba así —con gran sorpresa dos oíntes pouco coñecedores dos distingos e busilis do Dereito Canónico— que moitas tardiñas de domingo saía a pasear por Roma con outro crego amigo seu, e mais a muller e os fillos deste:

— ¿Un crego católico con muller e con fillos, don Celso?

E tiña entón Celso que explicar que se trataba dun sacerdote católico, pero de rito oriental, que lles permite ós cregos estar casados, e ilustrábanos coa historia das igrexas orientais que seguían en comuñón con Roma.

Cando lle oía contar estas historias, pensaba eu no ben que lle acaerían aqueles anos en Roma a ese carácter de Celso, que tan equilibradamente conxugaba a estrita ortodoxia coa tolerancia e a apertura de espírito. Durante tres anos, neste ambiente latino e cosmopolita, Celso, *theologiae operam dedit* (por usar a fórmula que vexo no seu *libellum inscriptionis* da Gregoriana). Obtivo a licenciatura en teoloxía en xullo de 1959, cunha tesina (sobre a corredención de María) que mereceu a cualificación *cum laude*. Doutorouse en xullo de 1961, cunha tese sobre o beato Diego de Cádiz (fillo, por certo, dun tudense), baixo a dirección do famoso teólogo xesuíta Maurizio Flick.

Salmanticae Celsus Classicae Philologiae operam dedit

Ó pouco de regresar a España, outra vez deixa don Celso a súa diocese para proseguir estudos, nesta ocasión en Salamanca. Alí completa, entre 1961 e 1966, a licenciatura en Filosofía e Letras, na especialidade de Filoloxía Clásica. Temos, entre os autores que participan neste volume, algúns compañeiros daqueles anos: da súa mesma promoción foron a profesora María Teresa Molinos Tejada e o profesor Emiliano Fernández Vallina; tamén os profesores Manuel García Teijeiro e Antonio Alberte, aínda que eran de cursos diferentes, coincidiron con el nalgunhas clases. Dáse a casualidade, por certo, de que naquel mesmo ano de 1966 e naquela mesma facultade presentou a súa tese de doutoramento o profesor Xesús Alonso Montero, que algún tempo despois (en 1977) sería compañeiro de Celso como profesor na Escola Universitaria de Vigo.

Nesta época de estudante en Salamanca, Celso era doce ou trece anos maior que case todos os compañeiros de clase e xa tiña unha experiencia e uns coñecementos intelectuais que sempre compartía desinteresadamente cos condiscípulos. O profesor Emiliano Fernández Vallina (*per litteras*) recórdao “con sotana y muy deprisa siempre”, e nos conta a seguinte anécdota:

Una vez en clase el profesor Díaz y Díaz me preguntó de dónde había sacado yo cierto comentario. Le respondí que de un determinado autor italiano.

- ¿Y qué hace usted cuando no sabe una palabra en italiano?
- Se la pregunto a don Celso.

18 Toda la clase se reía. don Celso también reía, pero estaba muy colorado. Sólo el profesor Díaz permanecía sin inmutarse.

O profesor Manuel García Teijeiro (*per litteras*) tamén o recorda así: “siempre con su sotana, afable y sonriente, muy bien integrado con sus compañeros y siempre muy atareado”, e tamén nos conta unha anécdota que recolle a idiosincrasia de Celso:

Estando yo en segundo de comunes, me pediu que al finalizar el curso le pasara los apuntes de Literatura Española, que impartía el profesor César Real de la Riva. Así lo hice y Celso, muy contento, me preguntó por el nombre de mis padres y hermanos, porque quería conseguirnos una indulgencia especial. Efectivamente, en las Navidades de 1962 me regaló un documento de indulgencia plenaria *in articulo mortis* para todos, concedida por el papa Juan XXIII y fechada en el Vaticano. La he guardado siempre con mucho agradecimiento y cariño. También sus profesores lo tenían en gran estima.

Entre os seus profesores de Salamanca estaba —como xa se mencionou— o famoso latinista e medievalista Manuel Cecilio Díaz y Díaz. Este, que tan bo ollo tiña para descubrir o talento, axiña incorporou a Celso ó seu equipo de colaboradores. E así, nada máis licenciarse, Celso iniciou a súa longa andadura na docencia universitaria, en calidade de “profesor adxunto provisional” de filoloxía latina, no curso académico 1966-67, ó tempo que realizaba os “cursos monográficos” previos ó doutoramento.

Celsus Compostellanae Universitatis magister

Ó curso seguinte, o profesor Díaz y Díaz trasladouse a Santiago de Compostela, co propósito de crear na universidade galega a especialidade de Filoloxía Clásica, e con el foi tamén o seu xa non tan mozo discípulo (Celso tiña daquela 35 anos). Foi en Santiago, por tanto, onde presentou Celso a súa tese de doutoramento, *Antifonario Visigótico de la Catedral de León: aspectos literarios de sus fórmulas sálmicas*, o 18 de outubro de 1976, baixo a dirección, naturalmente, do seu mestre Díaz y Díaz.

No seu traballo como investigador, en Celso conflúen todas as circunstancias para convertelo nun excelente estudoso da literatura latina medieval. O seu traballo destaca na edición dos relatos haxiográficos e no comentario dos himnos litúrxicos. O maxisterio do filólogo Díaz y Díaz se combinaba co substrato da súa educación eclesiástica e teolóxica. Celso, como filólogo, podía aplicar as ferramentas da lingüística, da crítica textual ou da paleografía; como teólogo coñecía todo o contexto litúrxico e espiritual en que xurdiran esas composicións; pero a todo isto se sumaba que Celso aprendera o latín como unha lingua viva, igual que aqueles cregos medievais e aqueles humanistas ós que estudaba.

Na Universidade compostelá, Celso, aínda que sempre fixo pouco máis ou menos o mesmo traballo docente, foi pasando polo labirinto de categorías de profesor non numerario (axudante de clases prácticas; encargado de curso; profesor adxunto contratado...) ata adquirir a condición de funcionario en setembro de 1982 (en calidade de "profesor adxunto numerario", reconvertido en "profesor titular" ó ano seguinte pola nova lexislación).

Celsus magister latinitatis apud Vicum Spacorum

Aínda que, como digo, Celso foi máis de vinte anos profesor da universidade compostelá, a case totalidade do seu traballo docente se desenvolveu na cidade de Vigo. Aquí, en efecto, creouse en 1972 un Colexio Universitario que academicamente funcionaba como unha extensión da Universidade de Santiago de Compostela. Celso formou parte daqueles primeiros profesores chegados dende a *alma mater* compostelá para atender ó novo colexio universitario vigués. Cando o incipiente colexio universitario aínda nin tiña un edificio propio e a docencia aínda se impartía en aulas improvisadas na rúa do Conde de Torrecedeira, Celso tivo a responsabilidade de ser o primeiro xefe da sección de filoloxía.

O novo edificio do Colexio Universitario inaugurouse en 1977; eran 600 alumnos en total os que cursaban aquí os tres primeiros anos das tres licenciaturas que daquela se ofrecían (Ciencias, Economía e Filoloxía). Andando o tempo multiplicouse tanto o número de alumnos e profesores, das titulacións, dos edificios e, en fin, da complexidade administrativa, que este Colexio Universitario de Vigo se independizou da súa matriz compostelá e se converteu na Universidade de Vigo en 1990. O caso é que aquel primeiro edificio do Colexio Universitario, o mesmo que Celso inaugurara cos seus alumnos en 1977, acabou por ser o edificio da actual facultade de Filoloxía e Tradución. E así, aínda que Celso seguiu facendo o mesmo labor, nas mesmas aulas, e sen cambiar de despacho en case corenta anos, administrativamente pasou de ser profesor da Universidade de Compostela a selo da Universidade de Vigo.

Entre aqueles seiscentos mocíños que iniciaran os seus estudos co novo edificio acabado de inaugurar, estaba Amparo Solla González, que co tempo chegaría a ser, e por moitos anos, compañeira do seu antigo profesor Celso. Conservamos unha foto en que aparece, na aula noviña do trinque, un grupo de alumnos de filoloxía e mais Celso, sentando como un mais entre os seus discípulos.



Don Celso e os seus alumnos no Colexio Universitario de Vigo en 1977.

E cóntanos Amparo que Celso era así: un profesor realmente próximo ós alumnos. Unha anécdota desta época, que recolle o seu antigo alumno do seminario e logo compañeiro de sacerdocio, don Avelino Bouzón, ilustra esta accesibilidade de Celso:

Una vez suspendió a una universitaria en latín. La chica disgustada comentó en casa que el profesor había sido injusto con ella. La madre escribió una carta a D. Celso recriminándole por el suspenso de su hija. El buen maestro contestó a aquella carta diciendo a la madre que ella no podía valorar el examen de la chica, pero que se lo explicaba para que comprendiese la calificación negativa. En varios folios escribió primeramente cada pregunta del examen, luego la respuesta de la alumna y, en tercer lugar, la contestación correcta con todo lujo de aclaraciones.²

En 1995, sendo xa profesor da Universidade de Vigo, accedeu por concurso á condición de catedrático de universidade. Ó chegar ós setenta anos de idade, no ano 2003,

² Publicado no diario *Faro de Vigo*, 13-VI-2021

aínda exerceu como catedrático emérito dez anos máis, ata a súa retirada definitiva en outubro de 2013, despois de 47 anos como profesor universitario. Durante os seus últimos cursos na universidade, a normativa prohibía que os eméritos tivesen "carga docente", e isto entristeceu moito a Celso, que sempre desfrutara de dar clases. Por sorte acabou encontrando o xeito de seguir na docencia: naqueles anos había na facultade moitos alumnos Erasmus que querían cursar aquí a materia de latín, pero tiñan problemas para facelo mentres non dominaban o español; así que Celso creou para estes alumnos estranxeiros un grupo de clases extraoficiais que el lles impartía en inglés (Celso pasara temporadas en Vancouver, onde tiña unha irmá, e falaba bastante ben inglés, como tamén, por certo, italiano, francés, alemán e portugués).

Celsus magister in Seminario Diocesano Tudensi

Non esquezamos que Celso, ó tempo que era profesor nas universidades de Salamanca, Compostela e Vigo, tamén daba clases no Seminario Diocesano de Tui. Como dixemos, nada máis terminar os seus estudos eclesiásticos (en 1956) se converteu en profesor de latín dos alumnos máis novos dese mesmo seminario onde el se formara. Esta docencia na súa *alma mater* tudense exerceuna intermitentemente nos períodos en que regresaba dos seus estudos en Roma e en Salamanca, e xa a retomou definitivamente cando se asentou como profesor no colexio universitario de Vigo. Ó longo destes anos, naturalmente, todo o sistema de estudos do seminario diocesano foi pasando por moitas e substanciais reformas. En 1959 construíuse en Vigo un novo edificio, que pasou a ser o "Seminario Maior" (con estudos de teoloxía de nivel universitario), en tanto que no antigo edificio, en Tui, quedou o "Seminario Menor" (con estudos de nivel de ensino secundario). Moito traballou Celso neste "seminario menor": incluso foi "director técnico" del entre 1970 e 1972; alí impartiu clases de latín e de lingua española a moitas xeracións de seminaristas. O xa citado don Avelino Bouzón, que foi alumno seu nos anos sesenta, lembra que don Celso utilizaba para as clases os libros de texto de Lázaro Carreter e se mostraba moi esixente nos exames; e, efectivamente, o propio Celso tivera por profesor en Salamanca a Lázaro Carreter, e por iso coñecía en profundidade toda a teoría gramatical que estaba detrás deses libros de texto, e non se conformaba con que os seus alumnos tivesen un coñecemento superficial dela. Polo que se refire ó Seminario Maior, este converteuse no ano 1999 nun Instituto Teolóxico afiliado á Universidade Pontificia de Salamanca (acadando así, tamén a efectos civís, rango universitario). Neste Instituto Teolóxico aínda apurou Celso a súa actividade como profesor universitario ata o ano 2017 (catro anos despois da súa xubilación definitiva na Universidade de Vigo). Pódese dicir, por tanto, que a gran maioría dos sacerdotes que hoxe ten a diocese de Tui-Vigo foron, nun momento ou outro, alumnos de "don Celso".

De Celso sacerdote

Pero malia estes 47 anos de docencia en tres universidades, e estes 61 anos como profesor do seminario, malia os seus libros e publicacións, Celso se vía a si mesmo, ante todo, como un sacerdote, e consideraba que os seus labores pastorais debían ser a parte máis importante da súa atención. Só podo deixar aquí apuntado este aspecto tan esencial da vida de Celso, pois, malia seren o Celso filólogo e o crego Celso unha única e inconsútil personalidade, eu unicamente podo falar do Celso profesor de latín, e hai que deixar para outras instancias máis autorizadas a ponderación do Celso sacerdote. Se, aplicando o Código de Dereito Canónico (§ 509) o seu bispo, *audito capitulo*, o elixiu como cóengo “por destacar pola súa doutrina e integridade de vida” (*doctrina vitaeque integritate praestans*), e aínda lle asignou o delicadísimo *munus paenitentiale*, e se un santo canonizado como o Papa Xoan Paulo II o elixiu como prelado honorífico, calquera cousa que eu quixese engadir sobre Celso como sacerdote sería demostrar a miña inutilidade como latinista, pois xa me deixou advertido Horacio: *in silvam ne ligna feras insanius*.

De Celsi apostolatu apud iuventutem

Con todo, coido que podo mencionar que unha consecuencia dos labores pastorais de Celso foi o que hoxe chamariamos a “dinamización cultural”. Aínda se recordan en Tui as representacións no Teatro Principal que, ó longo dos anos sesenta, organizaba o grupo de aficionados dirixidos por don Celso.



Representación no Teatro Principal de Tui en 1964 (foto cortesía de Juan Riveiro Duran)

Pero sen dúbida a súa máis querida criatura era a “J.U.M” (acrónimo de “Juventud Unida en Marcha”) unha asociación de xente moza que el creara a principios dos anos sesenta. Isto co tempo deu lugar a unha asociación de fieis formalmente constituída segundo o dereito canónico, que aínda perdura. Nos anos sesenta e setenta a J.U.M. de don Celso se fixo famosa entre os mozos por introducir a música moderna na liturxia, con guitarras e percusión, e por animar á xente nova a que levase as súas manifestacións artísticas ós actos relixiosos. Así, dos coros parroquiais saíron grupos de música como *Balcagia* e “*Testimonio JUM*” (o nome deste último grupo non pode ser máis indicativo da conexión con don Celso), bandas que a principios dos anos setenta foron moi famosas en toda Galicia. O cantautor Urbano Cabrera recorda as súas orixes naqueles grupos xuvenís parroquiais dinamizados por don Celso:

Aquelas eran unhas verdadeiras misas concerto. A igrexa enchíase de xente que viña a escoitarnos, incluso cheaba os laterais e quedaba de pé. Desenrolábase a liturxia con pulcritude, e eu versionaba “el credo”, o “yo, pecador”... Tiñamos cancións de amor, de paz..., de miña autoría. Fixémonos famosos, e comezaron a chamarnos doutras igrexas.³

A vocalista Paruca Goce, outra das protagonistas daquel movemento musical, reconece o que aqueles grupos lle debían a don Celso e nos transmite a visión que del tiñan os mozos da época:

Don Celso Rodríguez fue un cura de los que hay pocos. Cualquiera día lo canonizarán santo. Gozaba de un enorme poder de convocatoria con los jóvenes, y siempre nos apoyaba en todas nuestras iniciativas. Ensayábamos en el salón capitular de la Colegiata y gracias a él y a don José Carvajal, cantamos por primera vez en una misa (...).⁴

Pero a música non era o único atractivo daquelas misas-concerto. O profesor Enrique Montero Cartelle, que tivo ocasión de asistir a algún dos sermóns que Celso dirixía naquela época ós centos de mozos que reunía nas súas celebracións, aínda se admira hoxe ó recordar cómo aquel cura lograba electrizar á mocidade coa súa verba ardente.

Para o seu amado J.U.M. Celso quixo construír un edificio que debía ser un Centro de Espiritualidade aberto a mozos de todo o mundo. E efectivamente, sen máis presuposto que os seus propios ingresos como profesor da universidade e os donativos espontáneos de tanta xente que o coñecía e apreciaba, don Celso foi levantando un complexo, que, para o ano 2013 (o ano en que Celso se xubilou na universidade), xa tiña en uso un gran pavillón central (con salón de actos, dúas capelas, cociña, come-

³ Tomado de Luis Alberto Rey Lama *Por la Baiona de antes (sine loco*: Editorial Pica; 2015) p. 204.

⁴ *Ibidem* p. 210.

dor, biblioteca...) e outro pavillón de cincuenta habitacións (cada unha co seu baño), e xa levaba máis que medio feito outro pavillón con cincuenta habitacións máis.

24 **De secreta caritate**

Esta "dinamización cultural" que resultara da peculiar pastoral de Celso, era ben coñecida por todos, e incluso famosa. Pero había outro aspecto da actividade de Celso, que tamén derivaba da súa actividade pastoral e que a exercía caladiño, tan caladiño que case ninguén se decatara dela; eu mesmo só a cheguei a albiscar despois de moitas horas de compartir con el despacho. A súa concepción da pastoral non se limitaba ó estritamente sacramental ou litúrxico (cousas que, dende logo, se tomaba moi en serio), senón que tiñan tamén moito que ver co que agora chamariamos "asistencia social". Os anos en que eu tiven ocasión de tratar a Celso, este xa era setuaxenario, e non puideron, por tanto, coñecerlo na época da súa vida de máis intensa actividade, pero si podo dicir que sempre andaba preocupado por un ou outro drama humano de que lle chegara noticia e para o que el andaba buscando solución: facendo xestións para que se lle concedese unha axuda a algún inválido, buscando praza nunha residencia para algunha anciá que quedara desamparada, e mesmo procurándolles libros de texto ós nenos dunha familia escasa de recursos. Todo este traballo Celso facíao con tal naturalidade e discreción que os compañeiros da universidade, polo xeral, nunca tiñamos noticia das preocupacións que lle bulían na recámara, e que el mesmo disimulaba baixo a súa fama de despistado.

De vigilia nocturna et diurno sonno

E agora que falamos da fama de despistado de Celso, temos tamén que dicir que era merecida e coido que ata cultivada. Considerando en retrospectiva o asunto, algún método de organización tiña que ter aquel home que, con setenta e moitos anos, simultaneamente daba clases na universidade e no seminario, escribía traballos de investigación, dirixía unha asociación de fieis, construía un enorme edificio, andaba por tódalas parroquias da diocese dando misas e charlas día si e día tamén, e aínda tiña tempo de axudar, cos seus recursos materiais e espirituais, se sabía de alguén que o precisase. Se Celso, co seu despiste, tivo tempo de facer tanto labor, hai que pensar que o bo Deus o fixo despistado para que nos quedase algún traballiño que facer ós demais.

A fama de despistado de Celso lle debía moito ás peculiaridades dos seus ritmos circadianos. Non se fixera para el o de estar desperto polo día e durmir pola noite. Polas cousas que a este respecto lle oían contar, el xa viñera así de nacemento. Nos seus tempos de seminarista, dentro da férrea disciplina horaria propia daqueles internados, a súa condición de alumno exemplar tiña a pexa de que cada dous por tres

o prefecto lle tiña que chamar a atención por andar lendo, estudando ou rezando ás horas que o regulamento sinalaba para durmir. Cando nas vacacións regresaba á casa, a nai o obrigaba a estar uns días metido na cama e coa habitación a escuras, a ver se así recuperaba o sono perdido.

25

Antes de coñecer eu en persoa a Celso, xa me chegaran historias de certo profesor de latín que podía estar as catro da madrugada no seu coche, nalgunha rúa de, poñamos por caso, Baiona ou O Porriño, corrixindo exames ou probas de imprenta á luz dunha farola. Supuxen, claro, que, como adoita pasar cos rumores, o conto estaría esaxerado e descontextualizado. Pero no seu momento descubrín polo propio Celso que as cousas eran efectivamente así. Como el andaba sempre no seu coche, dun lado para outro, predicando ás seis nun recuncho da diocese e confesando ás oito a un enfermo na esquina contraria do mapa, entre tantas idas e voltas moitas veces acababa parándose en calquera sitio para terminar un traballo pendente á luz, efectivamente, dun farol da rúa.

No seu despacho da universidade, Celso, mentres tivo a chave do edificio e podía entrar e saír cando lle petaba, vivía, como di o romance, "sin saber cuándo es de día / ni cuándo las noches son": tanto podía pasar noites enteiras traballando, como podía estar alí durmindo a calquera hora do día (a isto axudaba moito que Celso podía durmir sentado na cadeira do despacho, dereitiño como unha pavesa). E así foi durante decenios; nos últimos anos, con todo, os profesores perderon aquela liberdade de entrar e saír día ou noite da facultade. Certa tarde Celso quedou durmido no despacho, e, ó recordar, descubriu que era noite cerrada e el estaba pechado e só dentro do edificio. E aínda foi quen de ceibarse daquela prisión brincando por unha fiestra, e probando de paso (e a cousa foi moi comentada) que, malia ter ben cumpridos os setenta anos, seguía conservando a axilidade dun mozo, pois a ventá pola que saíu queda a máis de dous metros do chan (tanto por dentro como por fóra) e ademais é tan estreitiña que cómpre darse moita maña para esvarar por ela. O caso é que tras esta famosa aventura, Celso comprendeu que cambiaran os tempos, e que agora, despois de máis de trinta anos alí, o despacho xa non era unha prolongación da súa casa, senón, como quen di, a oficina dun funcionario co tempo pautado.

Esta limitación horaria do uso do seu despacho, naturalmente, non foi bastante para obrigar a Celso a durmir pola noite e vixiar polo día. Dende hai moitos anos, Celso tiña o seu domicilio oficial en Tui, no convento-residencia "Paz e Ben" das Irmás Franciscanas Hospitalarias, e estas monxas, e ata os membros da súa querida J.U.M., preocupados polo pouco que Celso durmía acabaron por recorrer á autoridade do bispo, para que este puxese veto ós seus horarios desbaratados. Pero diso falo despois; antes teño que contar algo sobre don Celso como condutor automobilístico.

De autocurru velocissimo

26 Máis célebres aínda que as idiosincrasias circadianas de Celso, eran as súas habilidades como piloto de bólidos, quero dicir, como condutor de automóbiles. E aínda que o home corría moito (co coche) a fama aínda corría máis e precedía ó home, pois, efectivamente, tamén disto me chegou a fama tempo antes de ter eu ocasión de coñecer e tratar a Celso, e tamén nisto din por suposto que as cousas que se contaban serían esaxeracións inverosímiles. Eu podía crer que andaba pola provincia un crego que corría moito co coche; e ata podía crer que o tal crego xa levaba esnaquizados varios automóbiles, aínda que a el nunca lle pasara nada. Cousas así, aínda que raras, entran dentro do posible. Pero a miña credulidade terminaba cando oía contar que ese crego, nas súas vertixinosas carreiras, non se limitaba a calcarlle ó acelerador, senón que ía ó tempo lendo libros ou corrixindo exames. A xente, pensaba eu, cando bota a lingua a pacer, perde todo o sentido da proporción.

E teño que admitir o meu erro, porque cando coñecín a Celso e pasei a ser compañeiro seu na facultade, o que eu considerara lenda resultaba ser historia puntual e verdadeira. Celso, como se fose a cousa máis normal do mundo, dicíame, poñamos por caso, “estes exames xa os corrixo eu no coche, mentres vou á parroquia tal”, ou “teño que terminar esta comunicación para o congreso, pero xa a remato esta tarde no coche mentres vou a Tui, que teño confesións na catedral”. A primeira vez que tal oín, pareceume que entendera mal, pero non cabía dúbida; eu mesmo vin algunha vez cómo sostiña coa man esquerda o volante e as follas, e coa dereita empuñaba o bolígrafo, e escribía alí con aquela letra pequerrecha e minuciosa que tiña. *Non debet, cui plus licet, quod minus est non licere*, e, se Celso, ó tempo que conducía o seu coche, podía corrixir exames ou escribir artigos, lóxico que tamén puidese estudar e ler.

Seica os gardas civís que se ocupaban do tráfico na zona xa o coñecían, e tiñan con el a mesma tolerancia e comprensión que Celso tiña cos pecados dos seus penitentes. Nalgunha ocasión (e non esaxero) o coche de Celso deixou fora de combate a moto dun garda de tráfico, e seguro que isto, malia ser involuntario, aínda serviu para que a figura de don Celso gañase unha consideración especial entre os gardas da provincia. Nos últimos tempos, con todo, deberon chegar axentes novos, que non estaban ó tanto destas peculiaridades. Celso contoume un día que a véspera, pola tardiña, lle dera o alto un garda de tráfico:

- ¡Estaba vostede lendo un libro! ¡Un libro moi gordo! ¡Non mo negue que o vin ben! — díxolle o garda escandalizado e esforzándose por darlles creto ós seus propios ollos.
- Claro: o breviario — respondeulle Celso, con perfecta naturalidade —. Como tiveron unha reunión cos mozos na parroquia X, e agora xa vou con retraso á misa que teño na parroquia Y, non me deu aínda tempo de rezar o breviario e teño que facelo polo camiño.

E o da Benemérita, desarmado con semellante razoamento, deulle escolta o resto do camiño, coas luces postas, para que puidese chegar a tempo.

Moito lle debían querer a Celso no concesionario de Citroën en Tui. Nunha entrevista (publicada o 20 de xuño do 2010 no Faro de Vigo) Celso indicaba que o coche que tiña daquela era o décimo sétimo que mercara desa marca, e seica aínda tivo outros dous máis. Segundo as miñas contas, a don Celso un coche duráballe, como moito, tres anos. E non sempre porque os destruíse en accidentes aparatosos (aínda que algún tivo), senón porque os deixaba gastadiños de tanto uso como lles daba. 27

Cando, en 1977, empezara a funcionar o edificio da Cidade Universitaria de Vigo, como este quedaba a unha boa distancia da cidade e daquela os estudantes non adoitaban ter coche, don Celso ofrecíase para facer de condutor dos seus alumnos. Unha das que se beneficiou deste taxista supernumerario foi a xa mencionada Amparo Solla (que daquela foi unha das protoestudantes da universidade en terras viguesas, e co tempo sería colega de Celso no departamento “de Filoloxía Galega e Latina”). Pois cóntanos a profesora Solla que un día en que ían con Celso no coche ela e outras compañeiras, unha das rapazas empezou a explicarlle a “don Celso” que non quedara moi conforme coa nota do exame, porque pensaba que certa cousiña non lla corríxira ben. E o don Celso, sempre moi preocupado pola transparencia das súas cualificacións, deixou o volante e ata o asento de condutor, e púxose a buscar na parte de atrás do coche o maletín no que tiña os exames, para que a alumna desconforme puidese comprobar con todo detalle o acerto da corrección. As estudantes (xentiñas de pouca fe) berraban desesperadas, pero o coche parece que estaba ben ensinado e xa sabía ir só polo rego.

Historias como estas cóntaas moita xente de diversas épocas e lugares. Nunha homenaxe que os seus compañeiros lle fixeran a Celso, cando pasou a ser emérito, o seu compañeiro de moitísimos anos, o profesor José Mayoralas, e o seu antigo alumno e logo compañeiro, o profesor Xosé Henrique Costas, xa adiantaban algúns dos innumerables milagres que serían un día usados no proceso de canonización de Celso, e de entre estes destacaban os relacionados coa súa carreira automobilística:

Transcendeu tamén as fronteiras deste mundo o moi famoso caso de como Celso converteu o seu automóbil nun oratorio rodante para o alumnado, chamado despois o *Celsomóbil*, pois grande marabilla foi, para maior gloria do Altísimo, que moitos alumnos subisen ateos ou descreídos a aquel coche e que, ao cabo de poucos minutos, comezasen a rezar, a encomendarse chorosos a San Cristovo e mesmo a pedir suorosa e arrependidamente santa confesión. De aquí arranca a devoción piadosísima de grande parte do noso alumnado por San Xosé de Cupertino, santo protector dos estudantes: a raíz de viaxaren como autoestopistas no oratorio rodante con D. Celso feliz ao volante.

O que fora compañeiro de estudos de Celso en Salamanca, o profesor Emiliano Fernández Vallina, xa lle deixou dito a Celso que el había ser o santo patrón dos automo-

bilistas. O tempo dirá se se cumpre a profecía, pero conste que don Emiliano non só coñeceu ben a don Celso, senón que tamén é unha autoridade en materia de santos: acaba de entregar á imprenta unha historia dos santos canonizados que pasaron pola universidade de Salamanca (libro que nas futuras edicións terá que incluír un novo capítulo para Celso).

De novissimis annis et morte Celsi

Volvo agora ó resultado das xestións que ante o bispo fixeran as monxas con que convivía e mais algúns dos membros da congregación de feis fundada por el (o J.U.M.), asustados todos polo pouco que durmía Celso. O certo é que no ano 2012, Celso sufriu un pequeno ictus cerebral do que se recuperou moi pronto, e aparentemente sen consecuencias. O bispo, con todo, prohibiulle a Celso que volvесе conducir. Celso, naturalmente, obedeceu humildemente ó seu superior, pero resolveu a situación contratando a un estudante da súa confianza para que lle servise de chofer e asistente persoal. Con este axudante, Celso aínda seguiu fatigando as estradas da diocese cinco aníños máis. Claro que agora xa non tiña máis remedio que pasar todas as noites na súa habitación en Tui, na residencia das monxas, pero iso non quere dicir que dedicase as noites a durmir. A súa cama (conto o que vin) estaba chea de libros e papeis, e só quedaba un curruncho estreitiño no que Celso pasaba as noites lendo, escribindo e rezando. Aínda que a súa saúde se foi deteriorando, Celso devecía por seguir traballando como profesor e como sacerdote, pero o bispo (segundo o consello dos médicos) foille impoñendo máis e máis restricións. A última vez que estivo na nosa facultade foi en xuño do ano 2016, cando viñera a actuar como xurado no certame de oratoria, e, como xa contamos, no 2017 deixou de dar clases no Instituto Teolóxico de Vigo.

O 23 de maio do 2018 grandes cantidades de explosivos almacenados irregularmente por unha industria pirotécnica estoupaban en Paramos, o lugar de Tui no que don Celso levantara os edificios do Centro de Espiritualidade. A explosión matou a un matrimonio, feriu a corenta persoas, e arrasou por completo trinta casas; o Centro de Espiritualidade foi o único edificio que quedou en pé, pero tan afectado pola explosión que farán falta inversións millonarias para reconstruílo. Pero cando tal cousa sucedeu, Celso xa levaba algúns meses moi enfermo e totalmente recluído, e seica nunca lle chegaron a dicir o alcance real da catástrofe. Os seus últimos anos coincidiron coa pandemia do coronavirus, que o deixou a el (como a tantos anciáns) illado do exterior, dentro da residencia das Irmás Franciscanas Hospitalarias. Moi preto, por certo, da casa na que nacera San Rosendo Salvado.

De sapientia subtilissima et Gallaeco aceto

Aquí la *Historia Compostelana* sigue, a su manera, la introducción de la *Divisio Theodomiri*, donde se decía que Lugo había sido reconocida sede metropolitana al igual que Braga: *episcopi elegerunt in sinodo ut sedes lucensis esset metropolitana sicut et Braccara*³².

Hay que pensar que esta marginación se debe, muy probablemente, a la exaltación que este obispo hace del Lugo de Asturias, como sede antecesora de la ovetense,

30 En la página 465 de la edición de J.A. Valdés Gallego (1999).

31 *Historia Compostellana II*, XV, 2.

32 P. David (1947: 31).

sobre la que proyecta su foco de atención, dejando en la sombra la sede del Lugo galaico.

50 Bien es verdad que esta *damnatio memoriae* del Lugo galaico, tiene su *lapsus* (*quandoque bonus dormitat Homerus*, decía Horacio en su *Ars*, 359) en la información mostrada en el documento *Antiquum privilegium Archiepiscopatus ovetensis ecclesie* del *Liber Testamentorum*, donde se señala que Oviedo adquiere condición metropolitana a costa de la que tenía Lugo de Galicia³³:

Praeterea monasteria... singula fidelibus dispositis provisoribus aedificare curemus, ne aliquam victus inopiam toleremus dum ad celebranda concilia Ovetum venerimus, quae quidem sedes metropolitana ex Lucensi sede archiepiscopali est translata. Lucensis namque sedes prius metropolitana Bracare fuit deinde subdita. Bragara vero a gentibus destructa. Lucensis sedes in concilio sancto Ovetensi archiepiscopo est súbdita.

En fin, que si Oviedo había sido la sucesora de la sede de Lugo de Llanera, de la sede de Lugo de Galicia había tomado su condición metropolitana.

No deja de ser extraño el planteamiento realizado por este obispo: señala que el título de metrópolis otorgado a Oviedo se debe al traslado del mismo del *Lucus Augusti*, cuando en su obra ni ha sido citado este Lugo galaico como metrópolis en la que se celebrara el concilio convocado por Teodomiro, ni ha sido citado obispo alguno de esta metrópolis en aquellos otros celebrados en Braga. Es posible pensar que, al igual que Gelmírez acabó consiguiendo para Santiago el título metropolitano de Mérida, este obispo dejara caer que la sede ovetense había heredado tal título de Lugo. En cualquier caso, la contradicción es evidente: mientras, por un lado, se habla del otorgamiento de tal prelación por decisión del Concilio celebrado en Oviedo, con autorización papal, con la anuencia de todos los preladados de la Hispania cristiana y del rey, por otro, se nos dice que tal titularidad se debe al traslado de la sede de Lugo de Galicia a la de Oviedo; de igual modo, mientras, unas veces, este hecho es atribuido a la época de Alfonso II, otras, a la de Alfonso III.

En definitiva, este obispo lo que pretendía era reconocerle a la sede ovetense tal condición ya en tiempos del reino de Asturias y, si bien ignora en su obra la importancia del *Lucus Augusti*, no deja de citarlo para expropiarle aquella condición de metrópolis que había alcanzado, perdido en favor de Braga y recuperado, cuando esta cayó en poder de los árabes, para volverla a perder en favor de Oviedo. Evidentemente de esta condición metropolitana nada nos dicen ni los documentos pontificios ni los documentos de las sedes hispanas.

33 Página 466 de la edición de J.A. Valdés Gallego (1999).

VIII

Nada sorprende que este obispo presente a Oviedo como la sucesora de Toledo, pues contaba con la declaración de la *Crónica Albeldense* (9) en la que se decía que Alfonso II restablecía en Oviedo el sistema gótico sustituyendo a Toledo: *omnemque Gothorum ordinem, sicut in Toleto fuerat, tam in ecclesia quam palatio in Oveto cuncta statuit*. En consecuencia, Oviedo se convierte en la capital sucesora de Toledo, a la que la divinidad había castigado por sus pecados y, por ende, le había retirado tal dignidad y se la había otorgado a Oviedo, que deviene la capital de la cristiandad hispana:³⁴ 51

Ne igitur cuiquam videatur dissonum et quasi rationi contrarium Lucense seu Bracarense archiepiscopium Oveto fuisse translatum, legimus Gothos dignitatem Cartaginensis Toleto transtulisse eique sedes viginti subdidisse, iudicio autem divino propter peccata retro acta cecidit Toletus et elegit Asturias Deus; (...) simili modo Toletus totius Hispanie antea caput exstitit, nunc vero Dei iudicio cecidit, cuius loco Ovetum surrexit.

Por otra parte, se justifica la designación de Oviedo como sede metropolitana, al señalar la protección que Cristo le había otorgado por medio de la orografía, razón por la cual esta ciudad se había convertido en depositaria del Arca Santa:

(o.c., p. 467): qui -sc. Ihesu Christus- ipsum locum muro firmissimo montium, videlicet, munimine vallavit...

(o.c., p. 468): ...cuius romani pontificis Iohannis iussu et consilio congregati sumus...

Oviedo, así convertida en la nueva Toledo, exigirá que todas las sedes episcopales se sometan al obispo ovetense como nuevo primado de la España liberada: *(o.c., p. 471) et ecclesie Ovetensi...omnes vos subditos esse mandamus*. Por ello ha de capacitarse para poder celebrar los concilios hispanos, debiendo proveer de medios necesarios a todos los obispos de *Hispania* que acudan a tales concilios (*o.c., p. 467*):

Nunc igitur quicumque in prefatis sedibus inventi fuerint episcopi ad concilium vocentur, eisque sicut et nobis in Asturiis mansiones singule dentur...; Asturiarum patria tanto terrarum spatio est distenta, ut non solum viginti episcopis in ea singule mansiones possint attribui, verum etiam sicut predictus rex Magnus Karolus per Theodulfum episcopum nobis significavit, triginta praesulibus ad vite subsidia valeant impendi singula loca...

Más aún, en este concilio presidido por Alfonso II se anima a recuperar todas las sedes episcopales desaparecidas tras la invasión y se recomienda leer el libro de Idacio

34 Páginas 468-468 de la edición de J. Gil Fernández, J.L. Moralejo y J.I. Ruiz (1986).

(Itacio, en nuestra opinión), para conocer todas las habidas antes de dicha invasión (o.c. p. 467):

52 *Rogandus est itaque ipse Dominus noster Ihesus Xristus, ut omnes istas sedes supradictas, tam populatas quam etiam a gentibus dirutas, pia miseratione restituat eisque tales episcopos conferat qui ei placeant, sedemque ovetensem metropolitana[m] et praesidium habeant... Si vero antiquas sedes...scire volueritis, Idacium (i.e.: Itacium) librum legite et per ipsas civitates annotatas invenietis sedes...*

El nombre de Idacio es, en nuestra opinión, una clara referencia al Itacio, autor de la Crónica en la que se establecía la *División de Wamba*, como así lo entendía también el padre Manuel Risco (1793: 187).

Todo este *constructum*, ofrecido en este documento, se articula sobre aquel relato anterior, mostrado en este mismo *Liber Testamentorum*, referido al traslado del Arca Santa a Oviedo y al consiguiente hecho de convertirse Oviedo, con Alfonso II, en centro de peregrinación de toda *Hispania*, al que acuden peregrinos de todos los rincones para visitar el Arca Santa y recibir la indulgente bendición que les redima de un tercio de la penitencia³⁵:

Concurrunt ad pia sanctorum suffragia Hispanie fideles vota cum devotione ferentes et accepta benedictione a pontifici inibi presente, leti revisant loca patrie... (p. 464): Quisquis autem vocatus amore divino meruerit visitare tam gloriosa sanctorum patrocinia, benedictione pontificali firmatus, tertiam partem penitentie ab ipso episcopo sciat sibi dimitti, ut sic tanta benedictione letus patrie proprie loca revisat, annuente domino nostro Ihesu Xristo.

Todas estas noticias sobre Oviedo como lugar de peregrinación aparecían ya en su *Corpus Historicum*. En efecto, interpolaciones similares se hallan en el ms. BNE 1513 (f. 49):

a latere meridionali in ultima parte ecclesie Sancti Salvatoris... Sancti Michaelis archangeli ecclesiam rex beate memorie posuit, ubi ob securitatem loci adhibitis tamen multiplicitate serarum archam gloriosissimam transtulit, hoc factum credens esse ad firmitatem sui regni et ad totius salutem populi. Concurrunt ad pia sanctorum suffragia Hispanie fideles vota cum devotione ferentes et accepta benedictione a pontifice inibi presidente, leti revisunt loca patrie dimisa tertia parte penitentie...

Conclusion

Sin duda, el obispo Pelayo con estos informes estaba desarrollando aquella idea de Oviedo, como una nueva Toledo, esto es, como la nueva ciudad regia, tal como la ha-

35 *Liber Testamentorum*, edición de J.A. Valdés Gallego (1999: 463).

bía transmitido la *Crónica Albeldense* (cap. 9 y 12) y había sido recogida en su *Corpus historicum* (BNE, 2805):

(fol. 24v.) *omnemque Gothorum ordinem sicut Toletum fuerat tam in ecclesia quam in palatio in Oveto cuncta constituit.*

(fol. 27v.) *Ab hoc principe -i.e. Alfonso III- omnia templa domini restaurantur et civitas in Oveto cum regias aulas aedificatur.*

Según estas declaraciones Oviedo era la ciudad especialmente distinguida por ambos monarcas. Por añadidura el obispo Pelayo sacaba razones de su argumentario ficticio y real para justificar tal decisión conciliar: interpretaba tal conversión en metrópoli principal, tanto por su fantástico antiguo origen, al ser Lugo de Asturias, fundada por los vándalos, su antecesora, como por ser la depositaria del Arca Santa y de reliquias de santos especialmente importantes para la conciencia hispano-cristiana, dada la protección orográfica, como por el sentido providencialista, al igual que había ocurrido anteriormente en *Hispania*, cuando Toledo sustituyó a Cartago, y al igual que había ocurrido en tiempos bíblicos, con el cambio de sedes³⁶:

Adhuc etiam ut omnes invidos et refragatores Oveto metropolitanae translationis leviter convincamus, alia exempla inducimus. Destructa vero a Domino Babilonia, mundi principatum obtinuit Roma... Sic et Iherosolima, que antea Romae et Babiloniae fuit subdita, omnium provinciarum facta est domina... Culpa infidelitatis est derelicta velut tugurium in vinea et crevit fides Christi per universa mundi climata...

Probablemente todas estas razones para reconocer tal titularidad metropolitana a Oviedo no eran ajenas al hecho de que el obispo Pelayo no ignoraba el tesón del obispo Diego Gelmírez, coetáneo suyo, por convertir la sede de Santiago en metrópoli, como acabó logrando³⁷: si el argumento empleado por Gelmírez era el que Santiago era el lugar de la tumba del Apóstol, al que acudían numerosos peregrinos³⁸, el obispo Pelayo haría hincapié en que Oviedo era la sede del Arca Santa y de múltiples reliquias, lugar también de peregrinación, y si Santiago acabó usurpando la titularidad de metrópoli que antes tenía Mérida, Pelayo diría que Oviedo había obtenido dicha titularidad bien por concesión directa del Papa Juan, bien por usurpación de aquélla que la antigua metrópoli lucense galaica había poseído durante el período de la ocupación árabe de Braga.

³⁶ *Liber Testamentorum*, edición de J.A. Valdés Gallego (1999: 469).

³⁷ *Bula omnipotentis dispositione* de Calixto II, dirigida al obispo D. Gelmírez, en la que le transfiere los derechos metropolitanos de Mérida, año 1120 (A.de J. Da Costa 1999, documento 602). Véase también la *Historia Compostellana*, II, XV, 3; cito por la edición de E. Falque Rey, (1988).

³⁸ *Historia Compostellana o.c.*, II, L.

Referencias bibliográficas

- Calleja Puerta, Miguel (2012): “La traslación del Arca Santa a la catedral de Oviedo según el manuscrito número 8 de la catedral de Osma”, *Memoria Ecclesiae* 36, 213-222.
- 54 Da Costa, Avelino de Jesús (1999): *Livro Preto: Cartulario da Sé de Coimbra*. Coimbra: Arquivo da Universidade.
- David, Pierre (1947): *Études historiques sur la Galice et le Portugal du VIe au XIIe siècle*. Paris / Lisboa: Livraria Portugália / Institut français au Portugal.
- Falque Rey, Enma (1988): edición de la *Historia Compostelana*. Turnholt: Brepols (Corpus christianorum, continuatio mediaevalis, vol.LXX).
- Fernández Vallina, Emiliano (1980): “Pelayo de Oviedo, signo de contradicción”, *El Basilisco: Revista de Materialismo Filosófico* 9, 5456.
- Flórez, Enrique (1749): *España Sagrada, tomo IV: Origen y progresos de los obispados*. Madrid: Antonio Marín.
- Flórez, Enrique (1750): *España Sagrada, tomo V: Provincia Carthaginense*. Madrid: Antonio Marín.
- García de Castro Valdés, César y José Antonio Valdés Gallego (2020): “Las inscripciones perdidas de la basílica alto-medieval de San Salvador de Oviedo”, *Espacio, Tiempo y Forma* 33, 223-262.
- Gil Fernández, Juan, José L. Moralejo y Juan I. Ruiz de la Peña (1986): *Crónicas Asturianas: Crónica de Alfonso III (Rotense y “A Sebastián”) y Crónica Albeldense (y “Profética”)*. Oviedo: Universidad de Oviedo.
- Henriet, Patrick (2006) “Oviedo, Jérusalem hispanique au XIIe siècle. Le récit de la translation de l’Arca Sancta selon l’évêque Pélagé d’Oviedo”, en B. Caseau / J.-Cl. Cheynet / V. Deroche (eds.), *Pèlerinages et lieux saints dans l’antiquité et le Moyen-Âge. Mélanges offerts à Pierre Maravall*. Paris : Centre de recherche d’Histoire et Civilisation de Byzance, 235-248.
- Martín Iglesias, José Carlos (2011): edición de la *Vita s. Ildephonsi (BHL 3919)*. Madrid: Fundación Ignacio Larramendi.
- Reglero de la Fuente, Carlos Manuel (2006): “Los obispos y sus sedes en los reinos hispánicos occidentales, mediados del siglo XI-mediados del siglo XII: tradición visigoda y reforma romana”, en AA.VV. *La reforma gregoriana y su proyección en la cristiandad occidental. Siglos XI-XII (Actas de la XXXII Semana de Estudios Medievales de Estella. 18-22 de julio de 2005)*. Pamplona: Príncipe de Viana pp. 195-288, 195208.
- Risco, Manuel (1789): *España Sagrada, tomo XXXVII: Antigüedades civiles y eclesiásticas de los astures transmontanos hasta el siglo X*. Madrid: Blas Roman.
- Risco, Manuel (1793): *España Sagrada, tomo XXXVIII: memorias de la santa iglesia exenta de Oviedo concernientes a los siglos X, XI, XII, XIII y XIV*. Madrid: Blas Roman.
- Sánchez Alonso, Benito (1924): edición de la *Crónica del Obispo don Pelayo*. Madrid: Hernando.
- Santos Coco, Francisco (1921): edición de la *Historia Silense*. Madrid: Junta para Ampliación de Estudios e Investigaciones Científicas, Centro de Estudios Históricos.
- Valdés Gallego, José Antonio (1999): *El liber testamentorum ovetensis: estudio filológico y edición*. Oviedo: Real Instituto de Estudios Asturianos.
- Yarza Urquiola, Valeriano (2006): “La *vita vel gesta sancti ildefonsi* de Ps. Eladio: Estudio, edición crítica y traducción”, *Veleia* 23, 279-325.

I Edad Antigua

Repercusión do *Beatus Ille* de Horacio na poesía galega entre 1868 e 1936: a tradución de García Mosquera (1868) e dúas imitacións (Crecente Vega, 1933; Álvaro de las Casas, 1936). E unhas observacións para unha nova lectura do epodo de Horacio.

Xesús Alonso Montero

Nota preliminar

Non é a primeira vez que me achego ó tema do presente traballo. Xa en 2003, no XI Congreso de Estudos Clásicos (Santiago de Compostela), fixen unha incursión co título “Dous imitadores do *Beatus ille* de Horacio nos anos da II República: Xosé Crecente Vega (1933) e Álvaro de las Casas (1936). Unha análise gramsciana”. Publicouse no volume I, no ano 2005, das correspondentes *Actas* (pp. 191-203). O traballo de hoxe, vinte anos despois, é moito máis amplo, debido, en boa parte, a un achegamento maior ó texto do epodo de Horacio e tamén ó da magnífica tradución de García Mosquera. Cando, neste artigo, teño máis en conta algunhas páxinas do de 2003, incluso neste caso non escasean retoques e matices. As notas, algunhas bastante extensas, aumentaron notablemente. Verbo delas, debo aclarar que, cando cito a “Vida retirada” de Fray Luis de León ou a tradución que el fixo do epodo horacián, sigo a ed. de Ángel Custodio Vega (*Poesías*, Barcelona, Planeta, 1970).

Capítulo preliminar: texto do epodo de horacio e o da tradución galega de José García Mosquera (1868)

Texto do epodo segundo de horacio

Beatus ille, qui procul negotiis,
 ut prisca gens mortalium,
 paterna rura bubus exercet suis,

4 solutus omni faenore,
 neque excitatur classico miles truci,

56

neque horret iratum mare,
forumque vitat et superba civium
8 potentiorum limina.
ergo aut adulta vitium propagine
altas maritat populos,
aut in reducta valle mugientium
12 prospectat errantis greges,
inutilisque falce ramos amputans
feliciores inserit,
aut pressa puris mella condit amphoris,
16 aut tondet infirmas ovis;
vel cum decorum mitibus pomis caput
Autumnus agris extulit,
ut gaudet insitiva decerpens pira
20 certantem et uvam purpurae,
qua muneretur te, Priape, et te, pater
Silvane, tutor finium!
libet iacere modo sub antiqua ilice,
24 modo in tenaci gramine:
labuntur altis interim ripis aquae,
queruntur in silvis aves
fontesque lymphis obstrepunt manantibus,
28 somnos quod invitet levis.
at cum tonantis annus hibernus lovis
imbris nivisque comparat,
aut trudit acris hinc et hinc multa cane
32 apros in obstantis plagas,
aut amite levi rara tendit retia,
turdis edacibus dolos,
pavidumque leporem et advenam laqueo gruem
36 iucunda captat praemia.
quis non malarum, quas amor curas habet,
haec inter obliviscitur?
quodsi pudica mulier in partem iuвет

- 40 domum atque dulcis liberos,
Sabina qualis aut perusta Solibus
pernicis uxor Apuli,
sacrum vetustis exstruat lignis focum
- 44 lassi sub adventum viri,
claudensque textis cratibus laetum pecus
distenta siccet ubera
et horna dulci vina promens dolio
- 48 dapes inemptas apparet:
non me Lucrina iuverint conchylia
magisve rhombus aut scari,
si quos Eois intonata fluctibus
- 52 hiems ad hoc vertat mare,
non Afra avis descendat in ventrem meum,
non attagen Ionicus
iucundior, quam lecta de pinguissimis
- 56 oliva ramis arborum
aut herba lapathi prata amantis et gravi
malvae salubres corpori,
vel agna festis caesa Terminalibus
- 60 vel haedus ereptus lupo.
has inter epulas ut iuvat pastas ovis
videre properantis domum,
videre fessos vomerem inversum boves
- 64 collo trahentis languido,
positosque vernas, ditis examen domus,
circum renidentis Lares!
haec ubi locutus faenerator Alfius,
- 68 iam iam futurus rusticus,
omnem redegit idibus pecuniam,
quaerit Kalendis ponere.

[En *Odas y Epodos* (ed. de Manuel Fernández-Galiano y Vicente Cristóbal), Madrid, Cátedra, 1990, pp. 388 e 390]

Texto da tradución de garcía mosquera

A VIDA D' O CAMPO

58 VERSIÓN GALLEGA D' A ODA D' HORACIO

Beatus ille, qui procul negotiis etc.

¡Feliz quen vive, cal os d' outro tempo,

Lonxe de barafundas,

E labra os eidos que seu pai labraba,

4 Con xugada de seu, libre d' usuras!

Nin guerreiro clarín nin mar airado

O seu sono conturban,

Nin âs portas s' encorva d' os magnates

8 Nin postes leva n-o patín d' a curia.

Pero as ramas frondentes d' a videira

C' o vidueiro xunta,

Ou polastras ruis c' o podon tronza,

12 E polastras enxerta mais robustas.

Ou as vacas e bois desd' o picouto

Ve pacer n-a llanura

Ou o mel que espremeu garda n-as olas,

16 Ou os rexelos d' o vellon desnuda.

Ou cando o rico outono ergue a cabeza

Coronada de frutas,

Revertendo pracer descolga as peras

20 Co`a mao mesma que enxertou as pugas.

Ou á ti, Dios Priapo, á ti, Silvano,

Que d' os lindeiros curas,

A vos agradecido os acios novos

24 Vai ofrecer d' as coloradas uvas.

Ora â sombra deitado su d' a encina,

Ou n-a grama teimuda,

Choular sinte n-o val sobre as areas

28 O cachon que d' a serra se derrumba.

E dorme ô son d' o río, ô son d' as aves

Que cantan n-a espesura,
Ou dorme ô son d´a musical fontela
32 Que por entre o coyal salta e murmulla.
E n-a ruda estacion que bota neves
E tormentas e chuvias,
Sigue ô porco montés que cara â trampa
36 Vai, fuxindo d´os cas que lle azapurra.
Ou colle n-a trapela o voraz tordo
Ou a lebre ou a grulla,
Premios d´o gusto seu. N-estas faenas
40 ¿Quén non esquece as amorosas cuitas?
E s´hai unha muller que cuida a casa
E que os fillos educa,
Ou rubia de pudor, com´as Sabinas,
44 Ou morena d´o sol, com´as d´a Pulla;
Muller que antes que chegue o seu marido
Xa n-a lareira agrupa
As rachas onde esbroncha a lavareda
48 Que arredor d´o fogon quente y-alumbra;
E lista acude á recadar o gando
Retozon de fartura,
Para munguir os ubres que as canadas
52 Enchen de leite rebordando espuma;
E vai logo â bodega e saca o viño
D´a recendente cuba
E volve e pon a mesa, rica mesa
56 Que sin mercarse nada, en todo abunda;
¡Ai! por esta comida regalada,
Que amor e paz endulzan,
Eu as ostras deixára d´o Lucrino
60 Que â xente d´a ciudá tanto lle gustan.
Deixára o rodaballo y-os escaros,
S´acaso algus empuxa

- 60
- 64 Á nosa costa o furacan soberbio
Que alá n-as costas d'ó Levante bufa.
Mais que o francolin xonio, mais que a pita
- 68 Que n-a Numidia empruma,
Soupéranme as acedas, ou as malvas,
Que moitos corpos delicados curan,
Ou a ña d'as festas terminales,
Ou a verde aceituna,
Ou o pequeno chivo que d'ó lobo
- 72 Fresca trai n-o cernizo a mordedura.
¡Oh mesa afortunada! E ¡canto praxe,
Entre tanta fortuna,
Ver baixar as ovellas d'a encorgada
- 76 Cando xa fartas a cortella buscan!
¡Ver os bois que xunguidos e cansados
De facer a decrua,
Trân n-o xugo a rabela pendurada
- 80 C'ó temon arrastrando pol-a punta!
¡E ver, en fin, de rústicos escravos
Unha riseira chusma,
Groso enxame d'a casa que de noite
- 84 Sentado n-a cociña o lar circunda!
Esto dixo un tal Alfio, un usureiro,
Mui resolto á vivir d'a agricultura;
Y-os cartos recolleu que tiña á logro,
- 88 Y-os quince días xa volveu á usura.

[Reproducimos o texto tal como aparece na primeira edición: na *Gramática Gallega* de Saco y Arce, Lugo (1868)]

1 Canta horacio, no epodo 2 ("beatus ille"), en realidade, a vida do campo?

Se examinamos libros escolares de hoxe, non tardamos en chegar á conclusión de que, no famoso epodo, Horacio foi un apoloxeta da vida do campo; tamén se nos asomamos ós libros de Literatura do século pasado e do XIX. Lembro con precisión os libros de texto dos tres últimos anos do meu bacharelato (1945-1948), e creo

recordar que, nalgún exame, repetín o que lera naqueles libros ou oíra ós profesores: Horacio, no cidadísimo epodo, é o poeta que gaba, excelsamente, a vida do campo (traduzo do castelán). Na literatura erudita, onte coma hoxe, abunda esta caracterización. Aducirei dous exemplos, na miña opinión, moi significativos. En 1990, o latinista Vicente Cristóbal, editor dos epodos do noso poeta, escribía, referíndose ó “*Beatus ille*”: “Es un elogio de la vida campestre, en cuanto que apartada de los inconvenientes y molestias de la ciudad y sus servidumbres³⁹”. Nun manual de Latín que honra as Letras galegas, coordinado polo filólogo Xesús Ferro Ruibal, batemos con estas palabras: “... canta a vida sinxela e retirada do campo⁴⁰”.

Chovía sobre mollado, pois xa nas vellas edicións latinas prodigaban o título “*Vitae rusticae laudes*”. Nesta liña está o título da primeira tradución ó galego, feita por José García Mosquera (1817-1968), profesor do Instituto de Ourense: “A vida d’o campo⁴¹”. Non hai tradución galega máis citada, gabada, reeditada e homenaxeada. Nós reproducímola, despois do texto latino, nas páxinas preliminares deste traballo.

En efecto, o “*Beatus ille*” de Horacio fai a gabanza da vida do campo en 66 dos 70 versos de que se compón o seu celeberrimo epodo, pero, nos catro finais –un final insospetado, desconcertante-, o autor revélanos que os versos anteriores están posto en boca de Alfio, un coñecido usureiro, quen pensa volver ás andadas, ó cobro do gaño usurario. Cómpre ter moi en conta que, desde o mesmo comezo do epodo, quen fala, sexa o cidadán Quinto Horacio Flaco, sexa un eu poético, é alguén que non só suspira pola vida do campo senón que rexeita a usura. Ilústranos a lectura dos catro primeiros versos:

*Beatus ille, qui procul negotiis,
ut prisca gens mortalium,
paterna rura bubus exercet suis,
solutus omni faenore,
("Feliz quen vive, cal os doutro tempo,
lonxe de barafundas,
e labra os eidos que seu pai labraba,
con xugada de seu, libre de usuras")*

39 Horacio, *Odas y Epodos*. Edición bilingüe de Manuel Fernández Galiano y Vicente Cristóbal. Introducción... de Vicente Cristóbal, Madrid: Cátedra, 1990, p. 386

40 *De onte a hoxe. Método de latín*. 2º de BUP, Xunta de Galicia, 1984, p. 334

41 Publicouna Juan Antonio Saco y Arce, colega, no Instituto, do autor, na súa *Gramática Gallega*, Lugo: Soto Freire, 1868, pp. 292-295

Repárese no cuarto verso, “libre de usuras”, na tradución de García Mosquera⁴². Pois ben, quen declara isto, nos versos finais, acláranos que é un usureiro disposto a non abandonar o vello oficio. Pero nós, no noso asedio ó poema de Horacio, ímonos centrar, agora, nos 66 versos citados.

Quen fala e actúa neles é o home que gusta de podar as videiras; o que se recrea “su” unha aciñeira, oíndo o canto das aves e o soar dos regueiros; o que goza, no inverno, cazando xabaris; o que se deleita cando, canso, a súa casta muller mungue as vacas e ofrécelle, co leite e o viño novo, alimentos caseiros, non comprados; o que, mentres come, préstalle moito contemplar as ovellas que, como os bois cansos, volven cara a casa, e tamén lle presta contemplar, nesa hora, o enxame de servos, nados na casa, quentándose arredor da lareira.

Rebus sic stantibus, o lector non dá creto ós catro versos finais do epodo:

*haec ubi locutus faenerator Alfius,
iam iam futurus rusticus,
omnem redegit idibus pecuniam,
quaerit Kalendis ponere.*

*(Isto dixo un tal Alfio, un usureiro,
moi resolto a vivir da agricultura;
i os cartos recolleu que tiña a logro,
i os quince días xa volveu á usura)*

E non dá creto porque, no longo relato de 66 versos, non só amosara o seu deleitoso compromiso co campo e cos costumes do vivir campesiño senón que propugnaba, mentres labraba os eidos cos bois paternos, estar “*solutus omni faenore*” (“libre de usuras”). Horacio, nese final, bota un xerro de auga fría sobre os 66 versos anteriores, especialmente sobre o 4 (“libre de usuras”). Centos de páxinas teñen escrito os comentaristas sobre o desenlace do epodo e non parece estar moi claro, para ninguén, se Horacio, o cidadán Quinto Horacio Flaco, é sincero no idilio dos 66 versos ou na humorada dos catro últimos. Ó meu ver, este debate aínda non está pechado. Lembremos, por outra parte, que na historia da erudición algún estudoso ten suxerido que os catro versos finais foron engadidos por *man allea*.

En calquera caso, para o obxectivo central deste capítulo, non é necesario decantarse por unha ou por outra interpretación. Como sinalo ó comezo deste traballo, foron moitos os lectores e os estudosos, ó longo dos séculos, que só viron, no epodo hora-

⁴² Cando cite versos ou expresións desta tradución galega, fareino sempre entre aspas. Se, nalgúns casos, fago unha intervención lingüística, é, sempre tamén, de carácter estritamente gráfico, aténdome á normativa académica de hoxe.

cián, o que este ten de “vitae rusticae laudes”, de gabanza da vida do campo. Abonda con asomármonos ás imitacións do “Beatus ille”, unha das cales, a de Fray Luis de León (1527-1591), figura entre os poemas máis importantes da lírica hispana. Titúlase “Vida retirada”, aínda que algúns manuscritos e edicións ofrecen outros títulos, un deles, “Vida del campo”, título este que apoia, por se cumprise, o noso punto de vista. O cidadán Luis Ponce de León ignora totalmente como outros imitadores do epodo, a Alfio, que non comparece en ningún dos 85 versos do texto. Sinxela e confortante é a vida do campo na que Fray Luis se autentifica: lonxe do “mundanal ruido” (“procul negotiis”), xa no “campo”, no “monte” ou no “río”:

A mí una pobrecilla
 mesa, de amable paz bien abastada,
 me basta, y la vajilla
 de fino oro labrada
 sea de quien la mar no teme airada.

2 Cómpre reparar na condición socioeconómica, laboral e familiar do “vir” que, no epodo segundo, gaba a vida do campo

O do epodo está lonxe, moi lonxe, de ser un labrador propietario dunhas pequenas terras, quen, coa axuda dos seus, cultiva, de xaneiro a decembro, nun labor non exento de suores e esforzos, froito dos cales a familia vaise sustentando sen privacións importantes pero sen luxo ningún. Este traballador agrícola de poucas terras é o que, non pasando fame, atura o duro traballo campesiño e agradece a inexistencia das preocupacións que tanta mágoa producen nos habitantes da cidade. Está lonxe o de Horacio, moi lonxe, de ser o protagonista da “Vida retirada” quen, “Del monte en la ladera/ por mi mano plantado tengo un huerto”, horto no que está alleo ás coitas que angustian, no “mundanal ruído”, ós que cobizan a riqueza (“oro”) e o poder (“cetro”, “mando”).

Por razóns didácticas, ofrecemos, nun resumo bastante esquemático, a biografía do protagonista do “Beatus ille”, resumo no que poñemos o acento na condición socioeconómica, laboral e familiar do “labrador” que conta a súa vida no agro, onde é dono de terras e cabezas de gando que están lonxe, moi lonxe, do pequeno horto plantado polo protagonista do xenial poeta do século XVI. Neste resumo, como verá o lector, non escasean os versos e as expresións da citada tradución de García Mosquera. Este é:

1. Feliz aquel que, “lonxe de barafundas”, como os antigos, cultiva os campos paternos “con xugada de seu, libre de usuras” (vv. 1-4).

2. “Nin guerreiro clarín nin mar airado/ o seu sono conturban” e evita o foro⁴³ e non domea o lombo “ás portas dos magnates” (5-8).
3. O seu é rodrigar as cepas, podalas e inxertalas (9-12)⁴⁴;
4. ou contemplar, no val, os rabaños do gando vacún, ou gardar en olas o mel espremido ou tosquiar “rexelos” (13-16);
5. e cando o outono amosa os froitos en sazón, canto goza collendo as peras e as uvas (17-20),
6. para ofrecelas a ti, Priapo, e a ti, Silvano, “que dos lindeiros curas⁴⁵” (21-24),
7. Mentres, o soar das augas fondas e dos regueiros e o cantar queixoso das aves convidan a soños gasalleiros (25-28).
8. Mais, cando o inverno de Xúpiter manda choivas e neves, persegue cos cans o “porco montés” (29-32),
9. “colle na trapela ó voraz tordo” e caza á lebre temerosa e ó grou pasaxeiro: “premios do gusto seu” (33-36)
10. Con todo isto, quen non esquece as coitas do amor? Por outra parte, se unha muller casta coida, en parte (“in partem”) da casa e dos tenros fillos (37-40),
11. enche a lareira sagra de leña seca cando chega o seu home canso (41-44),
12. e, metendo o gando na corte, mungue os ubres farturentos, e, sacando do bocoi viño novo, prepara comidas de produtos caseiros (45-48);

43 O primeiro hemistiquio do verso 7 (“forumque vitat”) ten sido moi problemático para moitos tradutores. García Mosquera resólveo cunha solución na que adoitan a naufragar os lectores: “nin postes leva no patín da Curia”. Hai xa 32 anos Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda deixounos unha esclarecedora observación verbo deste texto en prosa de Lamas Carvajal: “Con postes que levan no patín dos Gobernos Cívís pra pediren favor, como os probes que piden unha limosniña, aseguráranse todos os parralles dos viñedos de Galicia”. Esta:

A expresión “levar postes”, que non recolle ningún dicionario galego, significa “agardar inutilmente, esperar polo que nunca chegará”. Rexistrámola por vez primeira na versión galega que fixo José García Mosquera da oda de Horacio “Beatus ille” (“nin ás portas se encorva dos magnates/ nin postes leva do patín da Curia”).

Supoñemos que debería ser viva en Ourense xa que Lamas Carvajal a emprega con certa asiduidade [O texto de Lamas é da prosa “Os caciques”, de 1885. V. *O Catecismo do labrego e outras prosas* (ed. de V.A.R. de O., Xerais, 1990, p. 104).

44 García Mosquera manexou unha edición na que, entre os versos da rodriga e da poda, non se intercalan “aut in reducta [...] errantis greges” (11 e 12 nas edicións modernas).

45 O afortunado García Mosquera traduce, no verso 22, “tutor finium” (atributo do deus Silvano) por “que dos lindeiros curas”, expresión que os seus veciños do rural ourensán (Santa Eulalia do Castro de Escuadro, Maceda) entenderían como deidade avogosa naquela agricultura de minifundios e de chantos que sinalaban as extremas. No campo galego non escaseaban as liortas e os preitos polo cambio furtivo deses marcos, deses chantos. Valedor das extremas acordadas, das fronteiras xustas, ben merecía Silvano uvas e peras das terras de quen o invoca. Neste punto, a tradución de Fray Luis (“que guardas el ejido”) non parece moi acertada.

13. isto agrádame máis que as ostras de Lucrino, o rodaballo e os escaros (49-52);
14. nin a ave africana, nin o francolín xónico enviarei con máis pracer que a oliva (53-56),
15. "as acedas ou as malvas, que moitos corpos curan"/ ou a aña sacrificada nas festas terminales"/ ou o "pequeno chivo que do lobo/ fresca trai no pescozo a mordedura" (57-60).
16. Entre tantos manxares, "canto prace.../ ver baixar as ovellas da encorgada/ cando, xa fartas, a cortella buscan"; "ver os bois que, xunguidos e cansados/ de facer a decrúa,/ tran no xugo a rabela pendurada/ co temón arrastrando pola punta!" (61-64)
17. e ver ós escravos, enxame dunha casa rica, postos arredor da lareira chispeante (65-66).
18. "Esto dixo un tal Alfio, un usureiro,/ mui resolto a vivir da agricultura;/ i os cartos recolleu que tiña a logro;/ i os quince días xa volveu á usura" (67-70).

Quen lea cun pouco de atención o resumo precedente decátase axiña de que o protagonista do epodo de Horacio non é un pequeno labrador, un humilde home do campo que traballa, para poder vivir, de sol a sol, as súas poucas terras. O "vir" do poeta latino é moi distinto.

¿Cal é o ideal de vida no epodo segundo de Horacio? Vivir no campo da labranza, escenario e modo de existencia que están "procul negotiis" ("lonxe de barafundas"). Este ideal proclámase xa nos catro primeiros versos e, nos catro seguintes, o poeta acláranos cales son os "negotii" ós que ese campesiño está alleo: a guerra, o mar irado, as corruptelas da curia urbana e a soberbia dos poderosos. Son catro moi ben escolleitos, pois, en calquera deles, o ser humano sofre grave alteración espiritual ou grave degradación moral. En calquera deles está presente, dun xeito ou doutro, o poder ou a cobiza do diñeiro. A partir de aquí, Horacio fai poética relación das actividades agrícolas que confortan o espírito: podar e rodrigar as cepas, espremer e gardar o mel, esquilar os rexelos, ir á caza do porco montés... Entregado a estes mesteres, un esquece mesmo "as amorosas cuitas", as mágoas inherentes ó amor ("amor curas habet").

Hai máis. Se quen está tan satisfeito e tan alleo ás barafundas alienantes, ten unha muller, casta e boa nai dos fillos, que o agarda co lume ben rechamante para que se quente na lareira; esa muller, cando el chega canso, agasállao con leite que ela mesma munguiu, con viño da casa e con alimentos non mercados, da propia colleita. Nesta situación, gusta máis das viandas ofrecidas pola muller que das ostras de Lucrino, e mesmo saberíanlle máis as olivas e as acedas có francolín xonio. Entre

estes manxares, cómo disfruta vendo as ovellas retornaren para os eidos, vendo os bois cansos chegaren coa rabela pendurada na canga, e vendo os escravos, enxame de casa rica, arredor do lume da lareira!

- 66 Aquí finalizan as “gabanzas da vida rústica” (“vitae rusticae laudes”) e finalizan cun signo elocuente, de clase, de clase alta: o panexirista do vivir campesiño ten escravos e gusta de velos contentes ás noites arredor da lareira (“riseira chusma”, traduce García Mosquera). Son escravos nados na casa –nunha casa rica: “ditis examen domus”-, xuridicamente tan escravos como os procedentes das guerras ou do mercado, pero, afectivamente (se teño licenza para empregar este adverbio), máis da casa. Non se esqueza que Horacio, na súa quinta Sabina, tiña oito escravos e cinco parceiros⁴⁶.

Pero antes de chegarmos ó verso 65, o dos “vernas”, estaba claro que o panexirista non era un labrador humilde, de poucos predios: era, en maior ou menor medida, un rico propietario, quizais un latifundista: posúe viñas, árbores froiteiras, gando lanar, moito gando bovino... ¿Traballa el tanta facenda? O panexirista “divírtese” laboricando en tarefas pouco duras (rodrigar, gardar o mel en ánforas...). As omisións do poema son moi significativas: o panexirista non cava, no abre gavias, non desfonda, non carrega feixes de estrume ou cestos de esterco... A muller e os fillos (fillos de casa rica) non realizan estes traballos, nin sequera os levadorios que, “por deporte”, fai o pai. É certo que a súa “mulier pudica” mungue o gando na corte pero faino para agasallar ó seu marido, que acaba de chegar canso. É o detalle amoroso –e un pouco submisodesta estampa paternalista. Son consciente de que a “uxor” do noso panexirista non só “cuida a casa... e os fillos educa” (“in partem iuuet/ doumum atque dulces liberos”) senón que realiza actividades, dentro do ámbito da casa, que implican un certo esforzo físico: recadar o gando, munguilo... Son labores, en certo modo, domésticos: fanse na casa, na corte ou no eido⁴⁷. Todos estes traballos realizaos, sen dúbida, con axuda de subalternos; tamén, por tanto, cando o home –o rei da familia, o patriarca- chega á casa canso do deporte da caza. A muller do panexirista, aínda non sendo criada, nin escrava, nin parceira, non está nunca no mesmo nivel do home.

Así pois, pense ou non Horacio na súa quinta Sabina, estamos ante a gabanza do campo e do seu vivir feita por quen, no esencial, non traballa os seus predios, labor

46 Sobre a moi folgada situación económica de Horacio aténome ó dito por Horacio Silvestre no prólogo da súa tradución de *Sátiras. Epístolas. Arte poética* (Madrid: Castalia, 1996, pp. 14-16), autor que ten moi en conta o libro de R. O. A. M. Lyne *Horace. Behind the Public Poetry*, New Haven and London: Gale University Press, 1995

47 “Eido” no sentido presente no verso 3 do “Noiturnio” de Curros Enríquez:

Da aldea lexana fumegan as tellas,
detrás dos petoutos vai pódose o sol,
retornan prós eidos coa noite as ovellas
tiscando nas beiras o céspede mol

que realizan escravos, parceiros e criados. É a gabanza do labrador rico que labra moi pouco. Se labra, cando quere e porque quere, é por deporte, como por deporte dedícase á caza do porco montés, axudado por unha grea de cans e para o que necesita criados, pero o protagonista e o gran gozador é el, o rico cazador.

O panexirista, dono de importantes bens que outros traballan para que el e a súa familia os gocen, gusta de vivir no campo ou, mellor, de ir, de vez en cando, a el. O panexirista, rico propietario agrícola e pecuario, non fala do campo desde o punto de vista do escravo nin dos parceiros nin dos criados. Nin sequera fala desde o punto de vista do pequeno propietario, ese labrador que co seu traballo, de sol a sol, e coa axuda da muller e dos fillos, vai tendo para se valer el e os seus.

Isto é, en boa medida, o que gaba Virxilio no fragmento do libro II das *Xeórxicas* que abre cos versos:

O fortunatos nimium, sua si bona norint agricolas! (II, 458-459)

(Serían moi afortunados os labradores se fosen conscientes do seu ben).

En realidade, Virxilio nesta obra ten especialmente en conta ós pequenos propietarios, non ós latifundistas: "Laudato ingentia rura,/ exiguum colito" (II, 412-413): gaba as fincas grandes, pero cultiva unha pequena.

Virxilio, como Horacio, deosta a soberbia dos pazos, o estrondo das armas, as navegacións ambiciosas...: os "negotii" nos que nos perde o poder ou a cobiza de diñeiro. Pero non é o mesmo execrar estas "barafundas", estes alienantes "negotii" no "Beatus ille" –onde fala un propietario non alleo á riqueza e a un certo poder- que facelo desde o punto de vista económico e vital do pequeno propietario. Volvamos a dous dos versos protagonizados pola muller, pola "uxor" do protagonista: "quodsi pudica mulier in partem iuuet/ domum atque dulcis liberos". Sempre reparei no sintagma "in partem", que non debería sorprenden a un sociólogo algo versado na familia romana. En efecto, a esposa daquel home tan rico non asume as responsabilidades laborais que moitos tradutores lle atribúen, entre eles, García Mosquera e Menéndez Pelayo:

E se hai unha muller que cuida a casa

e que os fillos educa,

... si la mujer honesta atiende

los hijos y la casa

É certo que está "mulier" está moi por debaixo do home en dereitos e atribucións, pero, esposa de home tan rico, dono de tantos bens, as súas obrigas na casa, mesmo no coidado dos fillos, compárteas cos subalternos (criados, "vernas"...), que desempeñan boa parte dos labores no fogar, nas cortes e no eido. Por iso Horacio precisa que a "uxor" do "vir", do patrón, cuida *en parte* ("in partem iuuet") da casa e dos tenros fillos. Que algunha vez esta "mulier", asistida por tanta servidume, munga os

68

farturentos ubres do gando, labor non exento de esforzo, hai que interpretalo como un agasallo delicado ó marido, cazador que chega canso á casa: agasallo ó marido e tamén ó rei da familia, co que isto implica de submisión. Non hai verso no epodo de Horacio que aluda a unha canada de leite, munguido pola nai, para os seus fillos. É Casa grande, moi grande, tamén en eidos, o que reclama sempre o concurso dun enxame de vernas e doutros subalternos. A raíña da casa, raíña consorte, está condenada a reinar e, en canto a gobernar, abóndalle con facelo en parte (“in partem”). A esta “mulier” referiuse, vai para trinta anos, a latinista Aurora López para laiarse de que, nun epodo tan ecoloxista, Horacio nos deixara deseñado un ideal de muller. “que a mi non me parece ni bueno, ni convincente, nin admisible”⁴⁸, Certamente, o autor dos *Epodos* está lonxe, moi lonxe, do poeta –ou da poeta– que escriba, algún día, “Beata illa quae procul negotiis”. Coas ferramentas do feminismo tería que ter o estro de Fray Luis de León para construír unha “beata mulier” sen “vernas” e sen outros traballadores explotados. Ignoro se hai traballos estilísticos sobre a adxectivación de Horacio que aclaren por que a muller que agasalla ó seu home neste epodo non aparece denominada só co substantivo “mulier”. Esa muller comparece no texto como *pudica mulier*, mentres o marido comparece, sen adxectivo, como *vir*, pois, ó parecer, non necesita ser casto, nin intelixente, nin gasalleiro...

Sobre os “vernas” quizais non sexa desaxeitado volvermos:

63 ...videre...

65 positosque vernas, ditis examen domus

66 circum renidentes Lares!

Ó rei daqueles bens agropecuarios gústalle contemplar ós servos, enxame de casa dun rico, postos arredor da chispeante lareira. De feito, Horacio non emprega, para referirse á condición de escravo, nin “mancipium”, nin “captivus”, nin “servus”; parece que quere atenuar tan baixa condición humana. “Verna”, en efecto, ten, cando menos, o estatus de ser un “servus” nado na casa, como da familia. En calquera caso, os “vernas” non deixan de seren “obxectos” que o rei da casa contempla con agrado, como con agrado contemplaba, en versos anteriores, as ovellas e os bois retornando á casa.

A algúns tradutores pareceulles moi duro o verso 65, o dos “vernas”, e traduciron tan infamante substantivo por voces que non apuntan á concreta condición de “servus”, de escravo. Velaquí uns cantos exemplos: “esclavillos” en Fray Luis de León e Alfonso Méndez Plancarte⁴⁹; “els esclavets nats a la casa”, en Josep Vergés⁵⁰; “sirvientes”, en

48 “Prototipo y estereotipo: la mujer en Horacio”, *Horacio. El poeta y el hombre* (ed. de Dulce Estefanía, Madrid: Ediciones Clásicas, 1994, p. 47)

49 *XL odas selectas (Versión de A.M. A)*, Universidad Nacional Autónoma de México, 1985, p. 56

50 *Odes i epodes*, Barcelona: Fundació Bernat Metge, 1981, vol. II, 1981, p. 130

Alfonso Cuatrecasas⁵¹; “a turba dos crioulos”, en Elpino Duriense⁵²; “el servil enjambre nacido en casa rica”, en Manuel Fernández Galiano⁵³... Mesmo hai un tradutor, galego, Serafín Villanueva Bembibre, que emprega o latinismo “vernas”, hápax, probablemente, na historia da lingua galega⁵⁴.

69

3 Unhas notas sobre a tradución galega de José García Mosquera (1868) e sobre o seu autor (1817-1868)

Ó longo deste traballo boto man, con frecuencia, de versos ou expresións da tradución do “Beatus ille” de García Mosquera, e fágoo por entender que se trata dunha versión moi celebrada, desde moi cedo, dentro e fóra de Galicia. Entre as voces galegas que a homenaxearon hai nomes non alleos á latinidade e de recoñecido gusto poético: Curros Enríquez, Marcelo Macías, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Roberto Blanco Torres, Filgueira Valverde, Ricardo Carballo Calero, Andrés Pociña... Fóra das Letras galegas, imponse citar a Menéndez Pelayo, Francisco Blanco García e Eduardo de la Barra. De don Marcelino, nun tratado sobre Horacio, é esta consideración:

No conozco, ni sé que exista, más que una versión muy apreciable del “Beatus ille”, debida al difunto catedrático del Instituto de Orense Sr. García Mosquera. Insértala en su *Gramática Gallega* el Sr. Saco y Arce, y juzgo conveniente reproducirla⁵⁵.

Dun coñecido estudoso da literatura española do XIX, Francisco Blanco García, é esta opinión:

... no por la poesía de circunstancias. “Á Real Familia en Santiago” sino por la traducción del “Beatus ille” de Horacio, debe recordarse aquí el nombre de D. José García Mosquera, quien, al buen gusto de la elección del original, añadió el esmero en reproducir con frase castiza las descripciones rurales del lírico de Venusia, entre cuyas obras ninguna quizá pudiera encontrarse más adecuada a las condiciones de un dialecto que casi exclusivamente hablan los aldeanos. Cualquiera de ellos está en disposición de apreciar tan bien como los eruditos las exclama-

51 *Obras completas*, Barcelona: Planeta, 1986, p- 140

52 *A lyrica de Horacio*, Lisboa: na impressa regia, 1807, p. 216

53 *Odas y epodos*, Madrid: Cátedra, 1990, p. 190.

54 O autor, catedrático de instituto, é autor do manual *Curso de morfoloxía indoeuropea aplicada á lingua latina* (Galaxia, 1996). Así traduce os versos que nos importan: “e os vernas, sinal de casa grande, a carón sentados do lume que no lar estrala”. A tradución, inédita, foi solicitada por min en 1996.

55 *Horacio en España. Solaces bibliográficos*, Madrid: Colección de Escritores Castellanos, I (Traductores y comentaristas), 1885, p. 291.- Emprega as mesmas palabras na primeira edición publicada, por entregas, na *Revista Europea*, Madrid, 172, 10-6-1877, p. 709 (nesta ed. non reproduce o texto de García Mosquera)

ciones del usurero Alfio, personaje que tampoco le ofrecería gran novedad fuera del nombre⁵⁶.

70 O apoloxista máis sorprendente da versión de García Mosquera é un escritor chileno, hoxe pouco citado, pero, no seu tempo, moi coñecido e estimado: Eduardo de la Barra (Santiago de Chile, 1839-1900). "Poeta non carente de interese, filólogo non desdeñable e excelente latinista foi o prologuista de *Azul*, de Rubén Darío (Valparaíso, 1888), o libro que abre, no esencial, a época modernista nas Letras hispánicas"⁵⁷. O escritor chileno, en carta a Menéndez Pelayo de 1898, escribía:

Pensando en usted acabo de traducir del gallego el "Beatus ille" que usted trae en su *Horacio en España*. Me ha parecido sabrosísima traducción la del catedrático Mosquera y he procurado seguirla muy de cerca, menos en ciertos pasajes que retoco en la esperanza de mejorarlos⁵⁸.

Un ano despois, Eduardo de la Barra inclúe a súa curiosa versión nun volume de *Odas horacianas* por el traducidas, no que verque esta opinión:

Muy de mi gusto encuentro la traducción gallega... debida al Sr. Mosquera... Esta oda en gallego es bastante fiel al original y está vertida con originalidad y gracia, pero, como el gallego no cuenta con lectores, la he traducido al castellano conservándole su sabor y corte. Antes de conocer el "Beatus ille" en gallego, tenía hechas las dos traducciones de esta oda que he presentado a la consideración y juicio de los aficionados, una en estas páginas y la otra en distinta publicación⁵⁹.

Existe un apoloxista da famosa tradución galega que ninguén sospeita. Hai case vinte anos que dei noticia desa gabanza, sen que o mundo erudito –o galego e o horacián– manifestase a súa sorpresa. Publicada está no meu artigo "Isidoro Millán: Letras clásicas, Letras galegas"⁶⁰. Reproduzo nel esta declaración do ilustre helenista, que era resposta a un Inquérito:

Venme a memoria, e val a pena deixar aquí noticia, aínda que allea ó tema concreto do Inquérito, dunha anécdota que me contou [Ramón Cabanillas] de don Ramón del Valle-Inclán, de quen era frecuente contertullio na Granja del Henar [Madrid]. Díxolle unha vez, recitando grande parte dela, que non había tradución de Horacio que superase a do "Beatus ille" por García Mosquera. E poñía énfase

56 *La literatura española en el siglo XIX. Parte tercera*, Madrid, 1894, p. 239.

57 "V. o meu art. "O "Beatus ille" de Horacio: a tradución galega de García Mosquera (1868), verquida ó castelán polo poeta chileno Eduardo de la Barra (1898)", *Homenaxe a Fernando R. Tato Plaza*, USC, 2002, p. 663.

58 Op. cit., p. 663.

59 *Odas de Horacio*: Santiago de Chile, 1899, p. 79

60 *Boletín da Real Academia Galega*, A Coruña, 364, 2003, p. 244

se recitativo e reiterativo, calificándoa de in mellorable, no “lonxe de barafundas” (“procul negotiis”). Tiña toda a razón do mundo. Con acertos deste tipo se emparellan non poucas das versións de Ramón Cabanillas (Vgr. nos epigramas de Marcial, I, 42 e 44).

71

Xa aquí, fagamos unha breve incursión na biografía de José García Mosquera, o autor de tradución tan celebrada. Naceu, no concello de Maceda (Ourense), en Santa Eulalia de Castro de Escuadro, o 17 de marzo de 1814, e faleceu, na cidade de Ourense, o 10 de novembro de 1868, ano no que Saco y Arce publicou a *Gramática Gallega* que editou, por primeira vez, “A vida d’o campo”. Ignoramos se García Mosquera chegou a ver edita a súa tradución de Horacio. Era, desde 1866, no Instituto de Ourense (hoxe Ramón Otero Pedrayo), catedrático de Retórica e Poética. Seminarista en Ourense, non chegou a ordenarse de presbítero; non se confunda, pois, co sacerdote José García Mosquera, profesor de Relixión no mesmo instituto polas mesmas datas.

En 1948, José Fernández Gallego reuniu nun volume as *Poesías* do noso autor, no que figuran, ademais de 17 composicións en castelán, tres en galego e tres en latín⁶¹. Todos os que se teñen achegado ás páxinas deste poeta trilingüe están de acordo, *nemine discrepante*, en que o seu mellor poema é “A vida d’o campo”, que así titulou a tradución galega do celeberrimo epodo de Horacio. Será don Juan Antonio Saco y Arce (1835- 1881), o editor do epodo galego, quen o suceda na cátedra de Retórica e Poética do Instituto ourensán. José García Mosquera é lembrado, como “inspirado poeta y sabio humanista”, nunha placa da casa onde viviu e morreu (Ourense, rúa Hernán Cortés, nº 10).

4 Dúas imitacións galegas do “beatus ille” do primeiro terzo do século xx

4.1 A de Xosé Crecente Vega (1896-1948): un soneto de 1933

Ofrecemos, en primeiro lugar, unha ficha biobibliográfica do autor, ficha na que salientamos a súa relación, verdadeiramente intensa, coas Letras clásicas.

Lugués de Santa María de Outeiro (Castro de Rei), naceu en 1896 e faleceu en Segovia no ano 1948. Interesante poeta (de corte tradicional) dos anos trinta, no seu libro *Codeseira*⁶² é o cantor, devoto, de cousas e paisaxes do universo rural. Hai nas súas páxinas presenzas clásicas, a máis notoria, o título da primeira parte do poemario, unhas palabras de Ovidio (“Tenuis mihi campus aratur...”).

61 *Poesías* de.. Edición, introducción y notas de ..., Orense: Impr. de “La Región”, 1948.- Non teño noticias de que algún erudito engadise outros textos a este corpus de 23 poemas.

62 *Codeseira*, Santiago: Impr. do Seminario Conciliar, 1933

Iniciouse na Latinidade no Seminario de Mondoñedo, “fábrica” de latinistas e poetas. Nese centro asistiu ás clases dun entusiasta e excelente profesor, don Francisco Fanego Losada. Xa sacerdote (1919), cursará a carreira de Filosofía e Letras en Santiago e Salamanca (1935). Neste ano vencéllase, en Madrid, á revista *Emérita*, que publicou reseñas súas.

En 1936 é opositor, en Madrid, a cátedras de Latín, oposicións que, iniciadas foron interrompidas pola Sublevación ominosa. Crecente Vega, “atrapado” en territorio republicano (na zona centro), viviu días moi difíciles e penosos. Xa finalizada a Guerra Civil, obtén por oposición, en 1941, a cátedra de Latín do Instituto de Antequera (Málaga). O curso 1941-1942 xa o imparte no Instituto de Segovia, do que chegaría a ser director. Alí faleceu o 21 de marzo de 1948, ós 51 anos de idade.

Pouco antes do pasamento, en 1946, publicou o volume *Tibulo. Selección de Elegías* (introducción y notas de..., Madrid, CSIC, Clásicos “Emérita”). Sabemos por unha carta de Ramón Cabanillas a Ramón Otero Pedrayo que Crecente pensaba “verter ó galego a Catulo e a Marcial, [pero] coido que non se atopou nada feito⁶³”.

Quen queira ter un coñecemento minucioso da vida e da obra de Xosé Crecente Vega consulte a edición, xenerosa en datos e notas, da *Poesía galega completa* feita por Ricardo Polín (Xunta de Galicia, 2002), o seu máximo estudoso e o seu entusiasta valedor.

Tal como sinalamos, o soneto de Xosé Crecente Vega é de 1933. Ten por título, significativamente, “O fortunatos nimium...!”, título que é o primeiro hemistiquio do verso 458 do libro II das *Xeórxicas* de Virxilio. Velaquí o texto:

O fortunatos nimium...!

Ben ditoso é o labrego que se poda
valer en si, sin traballar no alleu;
quen ten pra dar ós fillos unha coda;
un peso pra gastar; gado de seu.

Terras onde coller, si axuda a sorte,
o maínzo a fartar, trigo e patacas;
e bos estrumes pra meter na corte,
e bos regados pra mante-las vacas.

E unha casiña, en pedra pedrexada;
grande a lareira, para que a rolada

63 V. Alonso Montero, Xesús, *Oteriana*, Trasalba: Publicacións da Fundación Otero Pedrayo, 2000, p. 34.

de nenos queipa ó rente do remol.
Co seu hórreo na eira, e seu alboio.
Ancho o curral. Ventás de cara ó sol...
Quen esto ten ¿para que quer máis choio?

73

O soneto de Crecente Vega que, agora, reclama a nosa atención procede máis de Virxilio que de Horacio, e cómpre salientar que está escrito desde dentro da mentalidade rural galega daquelas datas, hai 90 anos. Reparemos, de novo na primeira estrofa:

Ben ditoso é o labrego que se poda
valer en si, sin traballar no alleu;
quen ten pra dar ós fillos unha coda;
un peso pra gastar; gado de seu.

Estes versos parecen escritos por meu pai nese ano. Meu pai, nesas datas, non lera a Horacio nin lera a Virxilio, e morreu, en 1976, sen ter noticia de que existiran no mundo estes dous grandes poetas, pero meu pai fora, de adolescente e de mozo, xornaleiro, case a diario, nas viñas dun rico da parroquia. Fillo de pais de escasísimos bens e de abundante prole, estaba condenado a emigrar a Buenos Aires, como fixeron os seus catro irmáns, ou a traballar “no alleu”. Dito doutra maneira, tiña que soste, en boa parte, a casa familiar traballando para fóra, gañando o xornal tan cativo, na casa e nas terras dos ricos, que, non sendo extraordinariamente ricos, tampouco eran moi humanistas. No limitado horizonte de meu pai, o desexo máximo, a felicidade suprema era chegar a ter, no seu Ribeiro natal, os ferrados de terra labrantía que o librasen da súa condición de xornaleiro, de labrador que traballaba, no alleo, para o inglés. Por circunstancias familiares, por esforzo teimón e cun pouco de sorte, conseguiu ser dono dun viñedos que ocupaban os seus días –e parte das noites- pero, naquela estamentación rural, ascendeu: deixou de ser xornaleiro, de vender os seus brazos ó “señorito” local, para entregarse, de cheo, a traballar, nos eidos propios, o seu sustento e o dos seus. Mesmo nalgúns labores, algúns días, o ex-xornaleiro alugaba: contrataba uns homes para a cava, para gavear ou para carrexar as uvas. Era, dito coas palabras de Crecente Vega, un “ditoso... labrego”, que se valía por si, que non traballaba “no alleu”, que mantiña ós seus fillos, que tiña un peso para gastar e gado de seu. Lendo estes catro primeiros versos estou oíndo a meu pai, quen, por certo, nunca leu os poemas de Crecente Vega.

A meu pai gustáballes labrar os campos propios como a Crecente Vega e tamén a Horacio, pero este, no “*Beatus ille*”, cando se refire ós “*paterna rura*”, non só se refire a terras herdadas senón a moitas terras, tantas que, para traballalas, contaba con parceiros e escravos; non así meu pai nin Crecente Vega. No soneto do noso poeta fálase, non sen emoción, do “gado de seu”, que lembra o sintagma de García Mosquera, “xugada de seu”, con que este traduce o “*bobus... suis*” de Horacio, pero

Horacio –cómpre reiteralo- non ara persoalmente a vastedade dos seus campos con eses bois, que, si, son seus, como o gado no soneto de Crecente. Diga o que diga o verso 3 do “Beatus ille” –“paterna rura bobus exercet suis”-, o panexirista do vivir campesiño, dono de escravos como o mesmo Horacio, non ara e labra os seus campos: lábranllos, áranllos... “cos seus bois”.

Quen, si, coas súas mans, sacha o maíno, sementa o trigo e as patacas e roza o monte, é o “labrego” do noso soneto, “ditoso” coa casiña, o hórreo e a lareira grande, unha lareira non ocupada pola “riseira chusma de rústicos escravos” senón pola “rolada de nenos” da casa.

O “labrego” do soneto é compañeiro de fatigas e de soños de meu pai, camaradas, ambos os dous, dun mesmo ideal existencial. Supoño que certos lectores de 1933 recibían cunha especial emoción estes versos *ad maiorem gloriam* dos que, ¡por fin!, non traballaban “no alleu”. Daquela, traballaban “no alleu” os que, como meu pai, eran alugados (esta é a expresión) polo rico da parroquia, ou aqueles que, desde había varias xeracións, eran foreiros, traballaban terras doutros, por un canon ou “foro” ás veces especialmente abusivo. Sabido é que os foros foron redimidos, en Galicia, Asturias e León, polo Decreto Lei de Primo de Rivera do 25 de xuño de 1926. Así pois, a loita contra os foros, estaba en 1933, moi presente, e a realidade do foro, en non poucos casos, existiu, na práctica, anos despois de promulgado o Decreto.

Nestas coordenadas, hai que ler, sen dúbida, o soneto de 1933, un ano en España onde os espíritos conservadores estaban desacougados pola polémica que suscitaba a Reforma agraria, polémica na que, en ocasións, soaban voces colectivistas. O soneto de Crecente Vega é un canto, no mapa rural, á propiedade privada, á modesta propiedade que abastece e satisfai ó labrego e á súa familia. Propiedade privada é a do panexirista do “Beatus ille”; pero non é modesta (é un latifundio) nin, no século XX, xusta, pois o propietario éo non só de terras senón de persoas. O soneto de 1933 concorda co espírito bondadoso e conservador do seu autor, un sacerdote galego que procede de familia campesiña “con facenda de seu”. O labrego do soneto está de cheo comprometido en traballar os seus campos e en coidar a casa “de pedra pedrexada”. Non pensa noutra cousa, mentres que os labregos de Horacio recoñecen que alí, no universo rural, están lonxe das inquiredanzas que levan ós homes á guerra, ós atafegos da curia ou ás portas dos poderosos. Os labregos galegos de hai noventa anos, alleos ó que acontece máis alá do mundo rural, ou traballan “no alleu” ou, como no noso soneto, teñen facenda de seu. O labrego de Horacio busca refuxio no campo, que non traballa, para esquecer –ou tratar de esquecer- as ofensas que, fóra do campo, proveñen dos poderosos, dos máis ricos, da curia... Mentres que para o labrego de Crecente Vega, que traballa as leiras propias, só existe o mapa rural, para o do “Beatus ille”, que é un urbanita que laborica por deporte, vir ó campo significa estar alleo á curia, a certos poderosos, a certas grandes cobizas ou, como dixo Fray Luis de León:

Que no le conturbia el pecho,
de los soberbios grandes el estado,
ni del dorado techo
se admira, fabricado
del sabio moro, en jaspes sustentado.

Nese universo, o rural, prodúcese a condición
que del oro y del cetro pone olvido.

O labrego de Horacio, que, no fondo, non labra, foxe da urbe, escenario dos grandes problemas e das grandes degradacións, pero faino por pouco tempo, e aí están os catro últimos versos nos que Horacio nos revela o nome do panexirista, Alfio, e, o que é máis importante, a súa profesión: a de onceneiro, a de usureiro: a de usureiro que acaba de decidir que, pese á agrofilia, vai seguir gañando diñeiro con ese oficio moralmente tan cuestionable. No fondo, aínda non tendo que trabalar duro no campo, vai volver á cidade onde se forxan os grandes problemas –expresados na curia, na guerra, na soberbia dos ricos–, eses problemas sempre vencellados ó diñeiro e a multiplicar o seu diñeiro vai dedicar a súa vida. Con diñeiro pódese ser poderoso, saír airoso dos preitos da curia e non arriscarse en empresas perigosas. Está claro que Alfio volve á cidade, pero con diñeiro, argumento decisivo para os conflitos que a cidade depara. Creo que o noso panexirista onde se realiza é na cidade, pero volve ó campo –ós seus campos– para descansar e cobrar folgos.

O labrego de Crecente Vega, algunha vez vítima de Alfio –dos valuros, como se lles chama ós usureiros na súa Terra Chá natal–, nada ten que ver con Alfio. No seu horizonte non está a cidade, só existe o campo dentro deste limitado esquema: ou se traballa “no alleu” ou se traballa no propio, beizón máxima e, en certo modo, beizón única.

No soneto de Crecente Vega, dito por quen vive no campo e traballa de sol a sol para saír adiante coa familia, non hai a menor alusión ás excelencias da paisaxe non urbana. Habíaas no poema de Horacio onde o protagonista “dorme ó son do río, ó son das aves [...] ó son da musical fontela” ou gusta de estar “deitado su⁶⁴ da encina” (“sub antiqua ilice”). Aínda en tempos modernos, foron os urbanitas os que descubriron e valoraron as virtudes da paisaxe rural. Os conxéneres do protagonista do soneto de Crecente Vega, que viven no milagre, non perciben, do mesmo xeito, esas realidades paisaxísticas. O opulento labrador de Horacio, fose Alfio ou non, gozaba, nas súas vacacións, daquela paisaxe; para o labrego do soneto, o maízo, o trigo, o hórreo... son realidades utilitarias.

64 Agrada e sorprende a preposición “su” (latín “sub”), allea, penso, ó dialecto natal do tradutor. Consígnaa, por certo, Saco y Arce na súa *Gramática* (1868) con este exemplo: “su d’ a nogueira” (p. 206). ¿Estaba o ilustre gramático ourensán inducido pola tradución de García Mosquera, que el publicou por primeira vez?

4.2 A de Álvaro de las Casas (1901-1950): un poema de 1935 titulado “beatus ille”.

76 Fagamos, tamén, unha breve presentación de Álvaro de las Casas (Álvaro María Casas Blanco), nado en Ourense en 1901 e morto en Barcelona en 1950. Licenciado en Filosofía e Letras, foi catedrático de Xeografía e Historia no Instituto de Noia (A Coruña), e director, nos anos da II República. Militou no Partido Galeguista de 1931 a 1933, que abandonou –segundo el– por ser este Partido pouco “arredista”. Desde 1933 é tan separatista como hostil ó espírito do Frente Popular, coalición coa que pactan, en 1935, os galeguistas menos dereitistas. Foi sempre un reaccionario. Álvaro Casas, obstinado en ser “de las Casas” (polo prestixio aristocratizante da preposición) casou con dona María Ulloa no Ribeiro de Avia en 1928, propietaria dun ilustre apelido, dun pequeno pazo e de moitos viñedos. Por eles paseaba feudalmente don Álvaro como lle acontece ó eu lírico do “Beatus ille...”, retrato fiel do que é ou do que quere ser o autor do poema. A imaxe reaccionaria, feudal e un pouco fascistiña que nos transmite esta composición expresa a Álvaro Casas (perdón, a don Álvaro de las Casas) con elocuencia.

No libro que acolle o “Beatus ille...”, figura un poema dedicado a Heinz Haake, das Mocidades Hitlerianas de Bremen. Refírome a *Sulco e vento* (2ª ed., Porto, outubro, 1936), libro que na primeira edición (Ourense, 1931) contén un poema dedicado a Castelao que elimina na segunda edición. É a edición que prologa nestes termos: “... cuando a minha patria puxa heroicamente por salvar os eternos principios da Europa e eu, orgulloso como nunca da minha nacionalidade, sinto renacer en min a mais sublime fé en España...”. Nesas datas fai declaracións na prensa portuguesa en que proclama a súa admiración por José Antonio Primo de Rivera. Hai outras declaracións que lle saen da alma: contra a “horda comunista”, contra o “nomadismo judaico e depauperado”... Publiquei hai anos un traballo que se centra nestas cuestións⁶⁵.

De todos os xeitos, cómpre aclarar que na súa extensa e polifacética obra literaria (en galego e en castelán), a presenza dos autores clásicos, de existir, é irrelevante. Nisto diferénciase notablemente de Xosé Crecente Vega.

O poema de Álvaro de las Casas, titulado, precisamente, “Beatus ille”; foi escrito en Bruxelas no ano 1935 e publicado, ó ano seguinte, na segunda edición do seu poemario *Sulco e vento*. Velaquí o texto (cos seus paratextos)

Beatus ille...

Para José García Vidal
Non hai no mundo felicidade
como a de ser bon labrador,

65 “Sobre o escritor Álvaro de las Casas: o seu estraño exilio e a silenciada segunda edición do libro de poemas *Sulco e vento* (1931, 1936)”, *Madrygal*, Madrid: Universidad Complutense, 6, 2003.

sempre contento no chan pródigo,
traballando o pródigo terrón.

Traballar nas searas o trigo,
e nas hortas o bon freixó
herbilhas tenras, grosos repolos,
boas cereixas pra o San Anton.

Ter moito gado pelos lameiros,
na corte tér os melhores bois,
cuatro porquinhos para as matanzas
e uma boa vaca pra o requesón.

Ter pelos Santos ovos à farta,
bolas de anguias no San Ramon,
nos Reises tartas e figos doces,
e moitas galas para o Patron.

Ter vinho velho na pipa grande,
de noces novas todo un arcon,
e moito millo para que os pobres
venhan busca-lo xunto de nós.

Ter un cabalo de sete palmos
para ir às festas como un senhor,
e cans de caza para as cazatas
pra cuando un poda ser cazador.

Que ao ver-nos digan nosos vecinhos:

-ao fin é sangue do seu avó.

E as maes lhe digan aos pequerrechos:

-dáilhe beixinhos que é un gran senhor.

(Bruxelas, 1935).

O poeta, viaxeiro por Europa, lembra o chan nativo, e nel, os seus predios, "o propio terrón". O noso poeta, como o labrego de Crecente Vega, non traballa "no alleu", ten terras de seu, pero, mentres no soneto de 1933 o labrego ten que traballar as terras, neste poema de 1935, o propietario non ten que traballar, necesariamente, pois po-

súe uns bens agropecuarios moi superiores ós do labrego de Crecente Vega: searas de trigo, hortas, árbores froiteiras, lameiros, bois, porcos, viñas, veigas de millo... Case podería xurar que dona Álvaro de las Casas está e pensar nas terras e no gando que a súa muller, dona María Ulloa, ten en Esposende, á beira do Avia, no corazón do Ribeiro. Rico propietario consorte, evoca, desde a capital de Bélxica, as diversións propias dos agricultores acaudalados

Ter un cabalo de sete palmos
para ir ás festas como un señor,
e cans de caza para as cazatas
pra cuando un poda ser cazador.

O labrego de Crecente Vega, un privilexiado en certo modo (O fortunatos... agrícolas!), era moi pouca cousa á beira deste labrador que vai de caza, rodeado de cans (como no epodo de Horacio), e que vai ás festas da comarca “nun cabalo de sete palmos, como un señor”. Esta é, sen dúbida, a gran aspiración de Álvaro de las Casas: ser ou parecer un señor. Un signo de clase dese señorío é o cabalo alto e lustroso desde o que contempla ós labregos nas festas, algúns dos cales traballaban as viñas e as veigas de dona María Ullosa, dama de pazo, de ilustre apelido e de moitas terras coa que casara había anos en Esposende.

Neste poema, ¿que tipo de compromiso ten co campesiñado galego, tema fundamental das páxinas de tantos e tantos galeguistas, nacionalistas ou non? O porvir que agarda ó proletariado rural galego explicita o poeta, moi claramente, na antepenúltima estrofa:

Ter vinho velho na pipa grande,
[...]
é moito millo para que os pobres,
venhan busca-lo xunto de nós.

Para que o señor exerza a caridade teñen que existir estes pobres, sen dúbida xornaleiros, cando hai sorte, nas terras do señor, un señor, don Álvaro de las Casas, que non cuestiona a pobreza destes coitados, que é unha forma de non cuestionar a súa riqueza. O poeta parece gustar da vida e dos signos de clase dun señor feudal, se ben un señor feudal que non é rispato no trato e ata se permite o luxo de ser caritativo, non sabemos se por bondade de corazón ou por comenencia social. Estamos, en efecto, ante un señor feudal, de benévolo perfil, feliz cando os nenos da parroquia – os nenos, naturalmente, dos veciños pobres- instados por súas nais, danlle “beixiños” pois “é un gran señor”. Así finaliza esta estampa feudal. Non se avanzou da época de Horacio –século I antes de Cristo- á de Álvaro de las Casas -1935 despois de Cristo-: os “vernas” de onte, os “rústicos escravos” do famoso epodo non evolucionaron

moito: son os veciños condenados a mendigaren o millo na casa do señor e, por se fose pouco, a bicaren a súa man. No inconformismo, na ausencia de rebeldía, os labregos do poema do señorito Casas parecen ter a mesma conciencia social que tiñan os escravos do poeta latino.

Estamos, pois, ante unha imitación do epodo segundo moi horaciana, moi fiel, en dous aspectos esenciais, á fonte, ó texto orixinal. No poema do señorito Casas estamos, como no de Horacio, ante un panexirista do vivir campesiño que é un rico propietario agrícola, e tamén ante un poema no que hai un coro de servos que, lonxe de seren, para o señor, un problema, emiten signos de satisfacción. Pouco se avanzou de Roma ó Ribeiro de Avia, de Horacio a Álvaro de las Casas, autor, en pleno século XX, dunha interpretación feudal do "Beatus ille". O poema escribiuno Casas en 1935, xa hostil á causa da esquerda, e publícao en Portugal a fins de outubro de 1936, nun espazo e nun tempo en que o autor, reaccionario como poucos, era un fascista. Así se manifestaba publicamente. Hai documentos⁶⁶.

66 Cando hai 19 anos se inaugurou en Esposende, na casa natal de don María Ulloa, a Fundación Álvaro das Casas, asistiu ó acto un veciño (75 anos?) que fora, de mozo, xornaleiro daquela Casa grande; xornaleiro ás veces, porque había días en que o señorito do "pazo", o señor Casas, non o alugaba. O feito contouno el mesmo, a uns cantos, finalizado o acto, no que ó tal veciño lle sorprenderon moito as gabanzas que os oradores dedicaran ás virtudes literarias e cívicas do escritor e profesor Álvaro das Casas. En realidade, o tal veciño confesou que lle estrañaba que o don Álvaro que el coñecera –e padecera– fose dono de tantas virtudes. Aclarou que nos anos 1932, 1933, 1934..., el e outros mozos da súa andaina ían decote, á mañá cedo, á casa de don Álvaro, que se dirixía a eles en pixama e desde o balcón. Xa na porta do rico, a dez ou doce mozos que solicitaban seren xornaleiros ese día, don Álvaro, desde o balcón, arreboláballes unhas seis aixadas sobre as que se botaban, coma lobos, aqueles "vernas" do Ribeiro de Avia. Era contratado, alugado, o que tiña a sorte, a maña ou a forza para facerse cumha das aixadas.

Este era o método de "selección" que practicaba o autor deste feudal "Beatus ille"; moi poucos anos antes, meu pai, na aldea de San Paio de Ventosela, tamén, con outros mozos, achegábase a unha Casa grande para gañar un xornal, pero eran escolleitos con outro criterio. Cónstame que escollían ós máis traballadores, entre eles, meu pai. Quizais os amos, ó escollerem, non só tiñan en conta a laboriosidade senón un certo espírito de servidume. Había que comer! O criterio, por parte do empregador, era máis sensato, ben entendido que, nun tempo e nun lugar alleos a calquera forma de sindicación, o criterio, único, era o do amo.

I Edad Antigua

Unha pequena illa nun mar continuo de inglés antigo: A única adiviña latina do Codex Exoniensis MS 3501 e os problemas da(s) súa(s) tradución(s)⁶⁷

81

Jorge L. Bueno Alonso

As adiviñas medievais do *Libro de Exeter* forman parte sen dúbida da tradición adiviñatoria presente na práctica totalidade das culturas do planeta ao longo dos séculos. As metáforas, os símiles, os crebacabezas, as historias de detectives, todo elo ten a intención de representar as cousas dunha maneira distinta da que se expresan na realidade. Dende a clásica adiviña da esfínxe de Tebas ata os enigmas de Simposio pasando polas adiviñas infantís, os textos exípcios, os do Corán, da Biblia ou da mitoloxía grecolatina, sempre tivemos textos ou inscricións onde se agocha a natureza dos conceptos para plantexarmos retos que nos dirixan ata unha solución, varias ou ningunha.⁶⁸

Na literatura medieval inglesa as adiviñas son parte indispensable dos recursos estilísticos da poesía en inglés antigo, pois unha das figuras retóricas máis acaídas da súa composición –os chamados ‘kenningar’– eran metáforas a modo de adiviñas en miniatura. Cando o poeta de *Beowulf* se refería ao mar coma ‘swanrade’ (vieiro da balea)⁶⁹ ou ao corpo coma ‘banhus’ (morada dos osos) ou ao poeta coma ‘hleah-torsmiþ’ (facedor de gargalladas), qué estaba a facer senón unha adiviña reducida? Ou dito doutro xeito, qué son as adiviñas senon un ‘kenning’ espaxado ó longo de moitos versos?

Conservamos un total de 96 adiviñas na literatura en inglés antigo e todas elas atópanse nun único manuscrito que se garda na Biblioteca Capitular da catedral de Exe-

67 En lembranza de don Celso, presenza inesquecibel da nosa FFT durante moitos anos. Sirva este capítulo coma homenaxe persoal a un colega de fonda humanidade e carácter conciliador. κούφα σοι χθῶν ἐπάνωθε πέσοι.

68 Para entender as adiviñas no contexto xeral medieval e na tradición latina da que beben sen dúbida é imprescindible a lectura dos monumentais traballos de Mercedes Salvador (2015) e Dieter Bitterli (2019). Unha pequena parte do expresado neste artigo aparece doutro xeito nas primeiras páxinas da introdución e nas notas da miña edición destes textos (Bueno 2021).

69 Cito directamente da miña tradución deste poema épico, (Bueno 2010).

ter (MS 3501) e que adoita ser coñecido como *Libro de Exeter* ou *Codex Exoniensis* no seu nome latino. Este volume, un dos catro códices principais que recollen a meirande parte do corpus poético do inglés antigo –xunto co *Libro de Vercelli*, o *Junius 11* e o *Cotton Vitellius AXV*–,⁷⁰ pasou a formar parte dos fondos do cabido da catedral de Exeter trala doazón feita polo primeiro bispo desa sede, Leofric, no ano 1072. Polos rasgos lingüísticos do que temos nel e pola homoxeneidade da súa escritura hai un acordo xeral na crítica especializada en datar a súa composición a finais do século X a máns dun so amanuense. O códice aparece no libro de rexistros da catedral co ben coñecido apuntamento que o define como “mycel Englisc boc be gehwilcum þingum on leodwisan geworht”, ou sexa, un gran libro inglés sobre diversas materias composto en verso”.

O carácter misceláneo da colección é unha das características máis salientábeis do seu contido e a que distingue este códice dos outros manuscritos capitais da literatura en inglés antigo.⁷¹ O *Codex Exoniensis* é, pois, unha antoloxía de poesía que recolle poemas alegóricos cristiáns, poemas pagáns xermánicos, textos de carácter elexíaco e outros poemas de diversa natureza. É dentro desta miscelana onde atopamos as adiviñas, distribuídas en dous grupos que aparecen mesturados entre o resto dos textos: primeiro da adiviña 1 á 59, varios folios despois a adiviña 60 e unha versión distinta da 30, e ó final do códice o grupo da 61 á 95. É posíbel que houbese máis nos folios finais, pois sabemos polo estudo do manuscrito que un número indeterminado de páxinas non chegaron ata nós por diversos motivos: dende o lóxico percorrer do tempo ata un incendio que danou os catorce folios finais, pasando polo uso indebido do códice, xa que temos sináis e marcas que amosan que durante un tempo foi usado coma táboa de corte. Coma sucede con outros moitos manuscritos medievais, a súa supervivencia é case un milagre.

A pesar de estar contidas nun códice que data do século X é moi evidente que a composición das adiviñas tivo lugar moito antes, dende o século VIII coma algúns críticos sinalan (Krapp & Dobbie 1936: lxvii, Crossley-Holland 2010: xiii). Pola súa condición de poemas breves de carácter lúdico a súa transmisión oral tivo que ser frecuente e gozar de certa popularidade. Este feito de seren populares pode ser un dos motivos de que se engadisen a unha miscelánea moi conectada coa cultura monacal. A propia palabra inglesa ‘riddle’ deriva do verbo anglosaxón ‘rædan’, que quere dicir “explicar, guiar, aconsellar”, en un senso amplo, “ensinar, presenta-lo vello en novas formas”, de ahí que as adiviñas e os poemas de semellante natureza xogaran sen

70 Para unha descripción xeral dos catro códices, ver Brey & Story (2018: 230-239).

71 Caracter misceláneo, si, mais semella que hai unha certa lóxica na súa composición coma volumen unitario, tal e como sinala convincentemente John D. Niles (2019).

dúbida un papel importante en procesos de aprendizaxe e foran usados non só coma forma de entretemento se non tamén coma instrumento pedagóxico no ensino.⁷²

As 96 adiviñas que temos son todas elas unha fonte de información moi entretida sobre o mundo dos anglosaxóns. O seu estilo de composición segue as regras tradicionais da poesía en inglés antigo que usan o tradicional patrón de versificación xermánica: versos de catro acentos principais cunha pausa sintáctica ou cesura entre os acentos segundo e terceiro. Os dous hemistíquios están unidos por medio da aliteración, sendo o primeiro elemento acentuado do segundo hemistíquio o responsable do patrón aliterativo. Mais esta homoxeneidade rómpese nun destes 96 textos: a adiviña 90. 83

Esta é a única adiviña do códice que está escrita nun latín moi sinxelo de comprensión, por iso pódese facer unha tradución axeitada. O texto latino desta adiviña figura no folio 129v, xusto tras un burato que fai ilexíbel o final da adiviña anterior, deste xeito:




Fig 1 © Exeter, Cathedral Library MS 3501 f. 129v, detalle, tomado de Muir (2006).

Pódese facer unha transcripción lineal básica destas liñas así:

*Mirum videtur mihi lupus ab agno tenetur · obcu(bu)
it agnus · <rupi> et capit viscera lupi dum starem et mirarem
vidi gloriam magnam · dui lupi stantes et tertium
tribul(antes) · iii · pedes habebant · cum septem oculis videbant.*

O texto so ten dúas emendas comúnmente aceptadas pola tradición paleográfica do códice. Semella que tras “agnus” o copista esqueceu algo pois a frase perde sentido e non hai danos neste punto no texto (so “obcu[.]it” está danado por unha queimadura xusto enriba da palabra, mais a morfoloxía verbal engade o que falta sen pro-

⁷² Sobre este particular da pedagogía e da importancia do xogo pregunta/resposta nas adiviñas é interesante a consulta do artigo de Patricia Dailey (2013).

blema). A tradición editorial suxire “rupi” pola rima con “lupi” que segue.⁷³ Adaptando os versos ao xeito común de organizar a poesía anglosaxona o texto final latino tería esta forma:

- 84 *Mirum mihi videtur lupus ab agno tenetur
obcubuit agnus rupi et capit viscera lupi
dum starem et mirarem vidi gloriam magnam
dui lupi stantes et tertium tribulantes
iiii pedes habebant cum septem oculis videbant.*

Sen entrar aínda no contido o aspecto máis salientábel deste poema rítmicamente é a rima medial, que constrúe todos os xogos rítmicos do texto, aínda que no primeiro verso tiñamos que reposicionar ‘mihi’ e no terceiro o xogo sexa dobre (‘starem’/‘mirarem’, ‘gloriam’/‘magnam’). Logo volveremos sobre isto, mais polo de agora quedémonos so coa necesidade, se queremos trasladar esta adiviña en tradución a calquera outro idioma, de traducir tanto o contido como a forma.

Quizás por esa ruptura da homoxeneidade do inglés antigo antes mencionada a meirande parte das traducións das adiviñas do *Codex Exoniensis* non inclúen o texto latino 90. Ben sexan antoloxías ou traducións completas, o texto 90 sempre desaparece da listaxe. E cando o temos os tradutores/editores sinalan o carácter conxectivo do resultado. Procedemos de seguido a revisar aqueles que sí consideraron oportuno engadilo nas súas traducións.

Cronolóxicamente, Mackie (1934: 230-231) transcribe o texto coas enmendas mencionadas, e traduce coma segue:

*It seems to me marvellous; a wolf is held by a lamb;
the lamb has lain down on a rock and seizes the entrails of the wolf.
While I stood and wondered, I saw an equally glorious thing,
two wolves standing and tormenting a third.
They had four feet and saw with seven eyes.*

Mackie presenta o contido, mais non ten intención de traducir respectando os aspectos métricos e rítmicos do texto; tan só ofrece o contido nunha tradución en prosa que intenta darlle ao lector unha achega básica ao narrado.

Baum (1963) transcribe o texto latino sen ter en conta as enmendas e presenta a seguinte tradución:

⁷³ Salvador (2018: 109-115) presenta unha listaxe analítica completa de todos os erros de escritura latina que presenta esta adiviña. A análise paleográfico-gramatical non é o meu obxectivo neste traballo, polo que remito ao lector a esta referencia.

*It seemed strange to me, a wolf held by a lamb;
the lamb fell ... and disemboweled the wolf.
As I stood and watched I beheld great glory:
There stood two wolves troubling a third—
four feet had they; with seven eyes they saw.*

Coma vemos, Baum sinala a cesura mais tan só como unha marca gráfica, sen facer conexión co seu texto, que non presenta rasgos estilísticos poéticos, agás a inversión obxecto-verbo-suxeto do derradeiro verso para acomodar a tradución inglesa a sintaxe latina desta parte. O resto é prosa descriptiva, que ao non presentar as enmendas, deixa algunhas partes da tradución no baleiro léxico.

Crossley-Holland (2010: 113) aborda o texto, mais sacandoo fóra do corpo principal do volume. A adiviña 90 aparece só nas notas coa seguinte tradución que o mesmo Crossley-Holland sinala dun xeito impersoal como literal ("it translates literally") coma segue:

It seemed to me a wonder, the wolf is held by the lamb;/ the lamb fell on to the rock and takes the bowels of the wolf. / Then might I stand and sorrow, I have seen the great glory, / two wolves standing and weeping for the third; / they have four feet, they see with seven eyes.

A tradución literal de Crossley-Holland é de feito abondo impersoal e prosaica. Na nota na que aparece o traductor só se centra no contido e nas teorías conxecturais dalgunhas solucións, mais non fai esforzo para trasladar ese contido a un poema en lingua inglesa. O texto ofrecido é puramente descriptivo, e ten o estilo dunha glosa interpretativa destas liñas do códice. Nada no estilo conecta o texto co xénero poético; tan só a presenza do símbolo '/' para sinalar os versos, mais non hai rastro ningún de figuras poéticas ou vocabulario elaborado para trasladar os xogos do texto latino. É unha tradución aséptica.

Recentemente, Williamson (2017: 593) presenta unha tradución completa -dende a base, no que atinxe as adiviñas, da súa propia edición dos textos (Williamson 1977)- desta maneira:

*I saw a strange sight: a wolf held tight by a lamb-
The lamb lay down and seized the belly of the wolf.
While I stood and stared, I saw a great glory:
Two wolves standing and troubling a third.
They had four feet – they saw with seven eyes!*

Williamson presenta algo máis de ritmo, aínda que basicamente o seu texto é unha prosa mellorada. "Stood and stared" presenta aliteración e a primeira liña ten o xerme

dunha boa solución se mudamos a frase preposicional final: "I saw a strange sight: a wolf by a Lamb held tight"; isto faría que 'sight' e 'tight' rimasen medialmente, mais despois o traductor abandoa calquera opción de rima; de feito, non presenta nin esta opción.

Nos últimos tempos, no proxecto en liña *The Riddle Ages* Megan Cavell (2020), edita e traduce a adiviña 90 deste xeito:

*It seems wondrous to me – a wolf is held by a lamb;
the lamb lay down and grasps the wolf's innards.
While I stood and marveled, I saw a great wonder:
two wolves standing and afflicting a third –
they had four feet; they saw with seven eyes.*

Cavell segue a mesma filosofía dos tradutores previos e presenta un texto limpo en prosa para ter acceso ao contido sen mais nada. As veces incluso moi en prosa: o termo 'innards' para 'entrañas/tripas' é moi informal, e o mesmo sucede con "afflict" e con "stood and marveled".

Sinalabamos con anterioridade que o aspecto máis salientábel deste poema ritmicamente é a rima medial, que constrúe todos os xogos rítmicos do texto. Isto é claro, mais a forma métrica destes versos é tamén dubidosa. A tradición clásica considerou sempre que a adiviña 90 está composta en hexámetros rítmicos (Dietrich 1859: 486), mais segundo sinalan varios editores (Williamson 1977: 384-388, Krapp and Dobbie 1936: 378, Muir 2000: 726) de ser así a forma presenta moita distorsión do patrón métrico; se asumimos que cada verso contén seis acentos con cesura e rima medial temos que enmendar cousas en catro das cinco liñas do texto. De todos os xeitos, a presenza da rima medial como constructora dos xogos rítmicos do texto é un feito claro que ten un acordo importante na crítica especializada.

Aínda que o hexámetro sexa irregular ou dependa de enmendas ao códice, o importante é o xogo da rima medial interna. Isto ten que manterse en calquera tradución, pois se non o facemos perdemos moito polo camiño e o lector tería unha idea errada do poema. Como traductor, optei por mantela facendo de cada verso dous para acomodar a estrutura sintáctica do galego dun xeito máis acaido; a rima funciona perfectamente co mesmo efecto en galego aínda que de medial pasemos a final, consonte ao proposto co sinalado por varios expertos (Earl 1987 & Salvador 2018) que defenden editar a adiviña 90 coma un texto de pareados métricos de versos curtos e non coma un hexámetro irregular de rima medial. A forma final do poema en galego comparte estrutura co resto dos poemas traducidos do inglés antigo. Deste xeito, o texto aparece desta maneira (Bueno 2021: 122):

Mirum mihi videtur lupo ab agno tenetur...

Isto marabilloume enteiro:
 un lobo suxeito por un cordeiro.
 Nunha rocha o cordeiro deitado
 tiña o lobo destripado.
 Mentres marabillado ficaba dereito
 vin unha cousa gloriosa do mesmo xeito:
 dous lobos alí ficaban
 e a un terceiro molestaban.
 Con catro pés se sustentaban,
 con sete ollos miraban.

Podería considerarse unha versión mantendo a rima medial, mais isto faría uns versos excesivamente longos en galego:

Isto marabilloume enteiro: un lobo suxeito por un cordeiro.
 Nunha rocha o cordeiro deitado tiña o lobo destripado.
 Mentres marabillado ficaba dereito vin unha cousa gloriosa do mesmo xeito:
 dous lobos alí ficaban e a un terceiro molestaban.
 Con catro pés se sustentaban, con sete ollos miraban.

Isto rompería a homoxeneidade estrutural que as adiviñas teñen coma conxunto, tanto no *Codex Exoniensis* coma na miña tradución, por iso considero que a proposta publicada é a máis acaído.

No que atinxe á solución da adiviña, ata o momento presente ningún comentarista foi quen de ofrecer solucións que amosen acordo na crítica especializada. Hai algunha explicación de senso bíblico, coa lóxica dicotomía cordeiro/lobo - deus/demo e con diversas explicacións para os números dos pes, dos ollos e dos dous lobos, mais ningunha vai máis alá da mera conxectura sen fontes precisas, como sinalan entre outros Bitterli (2009: 74-79) e Salvador (2015). Recentemente esta última (Salvador 2018) propuxo a idea de que a adiviña 90 sexa unha práctica escolar de gramática latina, feita por un estudante ou un poeta principiante que comete moitos erros. É moi posíbel que esteamos, coma sucedeu noutros casos das literaturas antigas, diante dun texto que tivese referencias ben coñecidas para os escribas e os lectores, mais ao perderense no tempo sexan descoñecidas para nós, o que fai imposible acadar unha solución. Moitas propostas seguirán xurdindo co paso de tempo e co traballo dos filólogos.

De todos os xeitos, o que non é imposible, e a miña tradución é boa proba, é traducir o contido da adiviña respectando o seu recurso poético principal: a rima medial. O lector en lingua galega, ata o de agora, é o único que pode compartir na súa lingua a experiencia poética do texto orixinal desta, coma dixo Anderson (1992: 73), “pequena e singular illa nun continuo mar de poesía en inglés antigo”.

Referencias bibliográficas

- Anderson, James E. (1992): “Exeter Latin Riddle 90: a Liturgical Vision”. *Viator: Medieval and Renaissance Studies* 23: 73-93.
- Baum, Paul F. ed & trans. (1963): *Anglo-Saxon Riddles of the Exeter Book*. Durham, NC: Duke University Press
- Bitterli, Dieter (2009): *Say What I’m Called: The Old English Riddles of the Exeter Book and the Anglo-Latin Riddle Tradition*. Toronto: Univeristy of Toronto Press.
- Bueno, Jorge L. trad. (2010): *Beowulf*. Cangas: Rinoceronte Editora [Colección Vétera n° 4]
- Bueno, Jorge L. trad. (2021): *Adiviñas Medievais do Libro de Exeter*. Cangas: Rinoceronte Editora [Colección Vétera n° 37]
- Brey, Claire & Story, Joanna. (2018): *Anglo-Saxon Kingdoms. Art, Word, War*. London: British Library, 230-239.
- Cavell, Megan. 2020.10.30: “Exeter Riddle 90”. *The Riddle Ages. Early Medieval Riddles, Translations and Commentaries*. [Accessed 20th June, 2022. URL: <https://www.theriddleages.com/riddles/post/exeter-riddle-90/>].
- Crossley-Holland, Kevin. ed. & trad. (2010): *The Exeter Book Riddles*. London: Enitharmon Press.
- Dailey, Patricia (2013): “Riddles, wonder and responsiveness in Anglo-Saxon Literature”, en Lee, Claire A. ed. *The Cambridge History of Early Medieval English Literature*. Cambridge: Cambridge University Press, 451-472.
- Dietrich, F. (1859): “Die Räthsel des Exeterbuchs: Würdigung, Lösung und Herstellung”. *Zeitschrift für deutsches Altertum*, xi: 448-490.
- Earl, J. W. (1987). “Hisperic style in the Old English ‘Rhyming Poem’”. *PMLA*, 102(2): 187–196.
- Krapp, George & Dobbie, Elliott van Kirk. eds. (1936): *The Anglo-Saxon Poetic Records III: The Exeter Book*, New York: Columbia University Press.
- Mackie, W.S. ed & trad. (1934): *The Exeter Book part II: Poems ix-xxxii*. London: published for The Early English Text Society by Humphrey Milford, Oxford Univeristy Press [Original series, n° 194]
- Muir, Bernard J. ed. (2000): *The Exeter Anthology of Old English Poetry: An edition of Exeter Dean and Chapter Ms 3501. Volume I: Texts. Volume II: Commentary*. Exeter: University of Exeter Press.
- Muir, Bernard J. ed. (2006): *The Exeter DVD. The Exeter Anthology of Old English Poetry*. Exeter: Exeter University Press.
- Niles, John D. (2019): *God’s Exiles and English Verse: On the Exeter Anthology of English Poetry*. Exeter: University of Exeter Press.
- Salvador Bello, Mercedes (2015): *Isidorean Perceptions of Order: The Exeter Book Riddles and Medieval Latin Enigmata*. Morgantown, West Virginia University Press.

Salvador Bello, Mercedes (2018): "Exeter Book Riddle 90 under a New Light: A School Drill in Hisperic Robes." *Neophilologus*, 102: 107-23.

Williamson, Craig. ed. (1977): *The Old English Riddles of the Exeter Book*. Chapel Hill: The University of North Carolina Press.

Williamson, Craig. trad. (2017): *The Complete Old English Poems*. Philadelphia: University of Pennsylvania Press.

I Edad Antigua

Las citas bíblicas en la colección documental de los tumbos del monasterio de Santa María de Sobrado

91

José Carracedo Fraga

Una de las más ricas colecciones de documentos de la Galicia medieval es la que hoy se conserva en los dos tumbos pertenecientes al monasterio de Santa María de Sobrado, ahora depositados en la sección de códices del Archivo Histórico Nacional de Madrid bajo las signaturas 976 y 977⁷⁴. En esos dos volúmenes están recopilados 1.186 documentos, que abarcan el amplio período temporal que va desde el año 787 d. C. hasta el año 1252, aunque una gran parte de esos documentos, aproximadamente el 70%, corresponde a los siglos XII y XIII, es decir, al momento de mayor actividad y esplendor del cenobio tras su paso a la Orden del Císter⁷⁵. Es evidente que la mayoría de esos documentos tienen como intervinientes miembros del estamento clerical, ya sea como otorgantes, destinatarios o redactores, y que todos esos diplomas nacen en el ambiente cristiano que queda patente en sus invocaciones iniciales. Así pues, aunque no sea algo necesario para unos textos con un contenido tan específico y con una estructura bastante fija y formular, cabe siempre la posibilidad de que referencias directas a la Biblia puedan acabar jugando algún papel en esos textos. A analizar ese papel voy a dedicar las líneas que siguen.

En 38 documentos de los 1.186 recogidos en los cartularios del monasterio de Santa María de Sobrado encontramos alguna cita bíblica. Esto quiere decir que en un 3% de

74 Los dos códices están disponibles digitalizados en el Portal de Archivos Españoles (PARES): <https://pares.culturaydeporte.gob.es/inicio.html> (todas las referencias a esta página web en este artículo tienen como fecha de última consulta el 01/09/2022).

75 Fueron añadidos a *posteriori* un documento datado en el año 1355 y una noticia fechada en el año 1506. Sigo la edición de P. Loscertales de García de Valdeavellano (1976): *Tumbos del monasterio de Sobrado de las Monjes*, Madrid: Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural-Archivo Histórico Nacional, 2 vols. El primer volumen de esa edición incluye los documentos del código 977 numerados entre el 1 y el 645, y el segundo volumen incluye los documentos del código 976 numerados entre el 1 y el 541; en ambos casos se mantiene la ordenación original. En la edición el documento de 1355 es el número 220 del primer volumen (f. 84v del correspondiente manuscrito) y el documento de 1506 es el número 334 del segundo volumen (f. 123v del correspondiente manuscrito).

los textos del conjunto hay una referencia literal a las Sagradas Escrituras⁷⁶, si bien el número de citas es mayor, alcanza las 74, debido a que en 19 documentos son incluidos dos o más pasajes bíblicos. Esta es la distribución concreta de las citas de la Biblia:

Cita bíblica	N.º documento	Total
Gen. 2, 18	10	1
Num. 28, 2	4*	1
I Par. 29, 11	7*	1
I Par. 29, 14	3*, 4*, 5*, 7*	4
Tob. 4, 11	36*, 37*, 38*	3
Tob. 4, 12	22*, 36*, 37*, 38*	4
Psal. 40, 2	16*	1
Psal. 75, 12	1, 2, 3*, 5*, 6, 30*	6
Prov. 3, 9	3*	1
Prov. 15, 8	7*	1
Eccli. 3, 33	11, 14, 17, 18, 19, 20, 21*, 22*, 23*, 24*, 25*, 26*, 27, 28*, 30*, 31, 32*, 33*, 36*, 37*, 38*	21
Eccli. 7, 36	16*	1
Eccli. 29, 15	21*, 22*, 24*	3
II Macc. 12, 46	34, 35	2
Mat. 3, 2	29*	1
Mat. 25, 34	8	1
Mat. 25, 41	9	1
Luc. 6, 38	28*, 30*	2
Luc. 11, 41	7*, 16*, 22*, 23*, 24*, 25*, 26*, 28*, 30*, 32*, 33*, 36*, 38*	13
Luc. 14, 33	29*	1
Gal. 6, 8	30*	1
Gal. 6, 10	12, 13, 15, 37*	4
TOTAL	74	

Tabla 1: distribución de citas bíblicas⁷⁷

⁷⁶ Para los cálculos que aquí presento, sigo la mencionada edición de Loscertales. Hay que tener en cuenta, sin embargo, que algunos de los textos incluidos por la editora bajo un mismo número deberían ser segmentados en dos o más entradas, debido a que recogen actos documentales distintos, tal como puede comprobarse en la base de datos del *Corpus Documentale Latinum Gallaeciae (CODOLGA)* (<https://corpus.cirp.gal/codolga/> [todas las referencias a esta aplicación en este trabajo tienen como fecha de última consulta también el 01/09/2022]), donde el número total de documentos de la edición de Loscertales pasa a ser 1.339.

⁷⁷ El número de documento que utilizo en este cuadro y a lo largo de todo el trabajo remite al número de orden de la tabla global de datos que incluyo al final del artículo. El asterisco al lado del número indica que la cita bíblica aparece en el documento combinada con alguna otra.

Lo más habitual es que las citas bíblicas vayan al comienzo del documento, después del protocolo inicial, que incluye la invocación a la divinidad, a la Virgen o a algunos santos y la intitulación introductoria del otorgante. Sirven esas citas, por tanto, de enlace entre esa parte introductoria y el cuerpo principal del documento, en el cual se comienza explicando el acto jurídico concreto que se está ejecutando, en todos los casos una donación. La cita bíblica es utilizada para justificar en un contexto cristiano la razón principal que mueve al otorgante a efectuar la donación. Esa razón es en la mayoría de las ocasiones la necesidad de practicar la limosna en favor de la santa madre Iglesia, aquí representada por el monasterio de Santa María de Sobrado y su comunidad de monjes. La limosna es un acto de misericordia y generosidad que sirve para la remisión de los pecados y favorece la salvación eterna. Todo esto viene precisamente refrendado por el símil recogido en Eclesiástico, 3, 33 [3, 30], cuya cita es con mucho la más repetida en la colección documental objeto de nuestro estudio: *ignem ardentem exstinguit aqua et eleemosyna resistit peccatis*⁷⁸.

Lo que resulta especialmente interesante es que en todos los documentos de Sobrado en lugar de la versión de la Vulgata que acabo de reproducir está utilizado el texto de la *Vetus Latina* que transmiten también algunos autores patrísticos, como Cipriano de Cartago (ca. 200-258) o Agustín de Hipona (354-430), o, lo que es más significativo, el conocido como *Breviarium Cisterciense primitivum*, del siglo XII: *sicut aqua extinguit ignem, ita helemosina extinguit peccatum*⁷⁹. A eso debemos añadir que en tres documentos de Sobrado (21, 22, 24) ese versículo del Eclesiástico aparece combinado con otro de ese mismo libro, 29, 15 [29, 12], muy apropiado para definir el salvífico valor de la limosna: *conclude eleemosynam in corde pauperis et haec pro te exorabit ab omni malo*. Pero de nuevo no es la versión de la Vulgata, sino una versión de la *Vetus Latina* la que aparece reproducida en los documentos de Sobrado: *abscondite helemosinam in sinu pauperis et ipsa orabit pro uobis ad Dominum*⁸⁰. Esta versión podemos leerla también en el mencionado *Breviarium Cisterciense primitivum*, pero además aquí combinada exactamente de la misma

78 Los textos latinos de los documentos están tomados de la edición de Loscertales, aunque en muchos casos (como oportunamente se irá indicando) corregidos a partir de una lectura propia de los respectivos documentos en la reproducción digital publicada en el mencionado portal PARES. También he consultado la tesis inédita de M. Pardo Ferrín (1959): *Aportación a la historia del monasterio de Sobrado durante la Alta Edad Media*, Madrid: Universidad de Madrid; copia de esta tesis está disponible en la página web de CODOLGA. Pensando en lectores menos familiarizados con la lengua latina, ofrezco una traducción propia de todos los textos latinos citados: “el fuego ardiente lo extingue el agua y la limosna expía los pecados”.

79 “Como el agua extingue el fuego, así la limosna extingue el pecado”. El *Breviarium* está editado y estudiado por Ch. Waddell (2007), *The Primitive Cistercian Breviary*, Fribourg: Academic Press; véase allí p. 220. En los fondos de CODOLGA esta cita del Eclesiástico aparece también alguna vez en otras colecciones documentales (9 casos en 7 colecciones), pero es evidente que la frecuencia de uso es notablemente menor que la que encontramos en los documentos de Sobrado.

80 La traducción es respectivamente: “guarda tu limosna en el corazón del pobre y ella conseguirá por tí librarte de todo mal”; “esconded la limosna en el regazo del pobre y ella rogará por vosotros ante el Señor”.

forma que en nuestros documentos, esto es, el versículo 3, 33 inmediatamente a continuación del 29, 15, introducido aquel mediante la conjunción causal *quia*. Sin duda esto nos ofrece un indicio de la condición de los responsables de la redacción de los documentos en cuestión⁸¹.

O problema xurdiu co número. O bosquexo de Heitz tiña quince, como o número de membros na altura. Alemaña impuxo o seu veto porque estre eses quince se contaba un país asociado, o Sarre, que ela consideraba parte integral do seu país, como acontecerá en 1957. Daquela optouse por un número fixo de estrelas, independentemente do número de países membros que fora habendo. O doce pareceu acaído. Encarna tamén a perfección da media do tempo en horas e meses. Está presente en todas as tradicións que conformaron a civilización europea. Doce eran as tribos de Israel. Doce os deuses de Exipto. Doce os Apóstolos. Doce as portas do Walhala. Doce os cabaleiros do ciclo artúrico. Doce os traballos redentores de Hércules.

A Unión Europea adoptou como propia a bandeira do Consello de Europa en 1986. Daquela eramos doce os países membros da Comunidade Económica Europea — o nome de Unión Europea non debe empregarse con propiedade ata a entrada en vigor do Tratado de Maastricht, en 1994 —. Volveu unha certa confusión co significado do número de estrelas ata que a seguinte ampliación, en 1995, deixou as cousas claras sobre como interpretar a bandeira. Ou non?

Referencias bibliográficas

Berns, Egidius: *The Flag of Maria: Religion and Public Space in Europe*, Gregor, Kai e Spetschinshy, Serguei (eds) (2010): *Concerning Peace. New Perspectives on Utopia*, Newcastle upon Tyne: Cambridge Scholars Publishing.

Bichet, Robert (1985): *Le drapeau de l'Europe*, Besançon: Jacques et Demontrond.

Chevalier, Jean e Gheerbrant, Alain (1969): *Dictionnaire des symboles*, Paris: Laffont.

Lager, Carole (1991): *Le role des symboles dans la construction européenne*, Genève: Institut Universitaire d'Études Européennes.

Pasteoureau, Michel (2002): «*Bleu / Histoire d'une couleur*»: *un Essai de l'historien des symboles*, Paris: Éditions du Seuil.

Pastoureau, Michel e Schmitt, Jean-Claude (1990): *Europe: Mémoire et emblèmes*, Paris: éd. de L'Épargne.

II Edad Moderna y Contemporánea

Revitalizando el tópico del *Carpe Diem*: algunos poemas de Aurora Luque

261

María Jesús Fariña Busto

La expresión del paso del tiempo constituye uno de los motivos recurrentes de mayor intensidad en la obra poética de Aurora Luque, escritora almeriense cuyo conocimiento de las lenguas y la cultura clásicas aflora a lo largo de toda su producción atravesándola como un verdadero eje de abscisas. Poeta, traductora y crítica, Aurora Luque vuelve una y otra vez al mundo clásico como un lugar de “curiosidad, de aventura intelectual, de creatividad y de invenciones”, según sus palabras en una entrevista reciente publicada en la revista *Letras libres* (Huchin y Sánchez: 2021); un mundo del que aprender y extraer reflexiones, pero un mundo, igualmente, que se traslada y se integra a la creación propia con un abordaje inteligente y muy creativo. Tópicos, personajes y motivos varios del imaginario clásico transitan por sus versos como referentes o como activadores de la nueva realidad en que se insertan. Es un hecho comprobable en cualquiera de sus libros, desde *Problemas de lenguaje* (por el que recibió el premio Adonais en 1989) hasta *Gavieras*, de 2020, mereciendo destacarse, de entre los que quedan en medio, *Carpe noctem* (1994), *Las dudas de Eros* (2000), *Camaradas de Ícaro* (2003) y *La siesta de Epicuro* (2008); además, por su relevancia en relación con la forma del tópico sobre el que versa esta exposición, habría que remarcar los títulos de tres antologías: *Carpe mare* (1996), *Carpe verbum* (2004) y *Carpe amorem* (2007).

Al tratarse de elementos con una presencia tan destacada en la obra de Luque, no es de extrañar que varios estudios se hayan ocupado de ellos, con objetivos más o menos afines. Así, en los varios trabajos que le dedica, Josefa Álvarez (2000a y b, 2013 y 2018) profundiza en los mitos, tópicos y figuras actualizadas por la escritora poniendo de manifiesto “la índole especial de su mundo poético” (2013, 12); Marina Bianchi (2016) examina especialmente aquellos textos en los que el uso del *carpe diem* sirve para expresar cómo el amor salva del paso del tiempo, es decir, cómo Eros vence a Tánatos; por su parte, Ricardo Virtanen (2007), en su prólogo a la antología *Carpe amorem*, recalca la “forma de representación frívola y desenfadada del mundo

clásico" (17) llevada a cabo por Luque. Todos coinciden en la originalidad de la autora a la hora de incorporar los motivos clásicos, del tipo que sean, del mismo modo que en la actitud absolutamente libre con que los maneja y los personaliza.

- 262 Con objeto de no repetir lo ya contemplado en estos estudios, lo que me propongo aquí es un acercamiento a algunos poemas concretos, buscando examinar con detalle los mecanismos empleados por la autora en su revitalización del *carpe diem*, tópicus que, en palabras de Álvarez, "sirve de pilar básico a la poesía de Luque" (2009a, 218). Como es bien sabido, a través de esta fórmula, procedente de la *Oda* I, 11, 8 de Horacio, se invita a abrir el fruto del día y a no fiarse del mañana, que tal vez nunca llegue: «*carpe diem quam minimum credula postero*». En España, el éxito de la fórmula se consolidó durante el Renacimiento y, desde ahí, atravesó los siglos hasta llegar a la poesía contemporánea, donde es reelaborado por poetas de muy diferente signo y con un lenguaje también muy diferente. En el caso de Aurora Luque, es ciertamente notable el uso que hace de él, tanto en número de ocasiones cuanto en la singularidad de su tratamiento, para nada ortodoxo y siempre provisto de una tonalidad irónica, de lo que constituye un magnífico ejemplo el poema "Tópicus", de *Problemas de doblaje*, en el que voy a detenerme en primer lugar.

El título supone la primera marca significativa de este texto, configurado en su totalidad como un diálogo con la máxima horaciana, pero un diálogo reactivo (además de lúdico y tal vez algo melancólico), ya que la propuesta que contiene, lejos de respetar el consejo clásico, formalmente llama a desobedecerlo, tal como el comienzo del poema revela inmediatamente: "Ya no atrapes el día". Los elementos añadidos por Luque invierten la frase del tópicus con suma eficacia: por una parte, el adverbio temporal funciona como un índice por medio del cual se pretende cortar la continuidad de la serie de textos precedentes, seguidores de la fórmula horaciana, y, por otra, el adverbio de negación incita a un nuevo comportamiento: el interés no reside tanto en atrapar el día, cuanto en acompañarlo en su tránsito. El diálogo intertextual da solidez a la presencia del "Ya" como palabra de entrada del poema, antecedida por el título: donde la tradición creada a partir del verso latino invita a "atrapa[r] el día", la voz poética de "Tópicus" exclama lo contrario, contradiciéndolo por tanto, pero además solicitando su incumplimiento, siendo precisamente el adverbio temporal el elemento que enfatiza la interrupción de la serie.

Por otra parte, en correlación con este primer verso, en el antepenúltimo se insistirá en la desobediencia, destacando en él la reiteración del adverbio negativo y el empleo de un verbo de movimiento que expresa lo que sería la acción previa a "atrapar" ("No corras tras el día"): se corre hacia algo para llegar a una meta, que, en este contexto particular, sería la de atrapar el tiempo; pero en la recomendación dada en el poema tanto un verbo como el otro aparecen negados.

Una vez concretado el tópicus sobre el que gira el poema, su centro temático se desplaza hacia un territorio situado más allá de lo que supondría una mera invitación

a aprovechar el presente. Y no se trata de que esto no importe, simplemente que la reflexión desarrollada en los versos propone lograrlo de otro modo: de un lado, yendo a la par del momento, sin tensión y sin angustia, como expresa la frase condicional que cierra el texto; de otro, aprisionando el presente en la escritura, incluso mucho más que esto: haciendo de la escritura el propio objetivo: vivir para escribirlo: "Amas para escribirlo solamente, / la dicha pide a gritos que un recuerdo / del futuro la abrace y la duplique". Vida y literatura: el original y la duplicación: lo que fluye y la letra que lo fija. De esta manera se entrelaza la idea del gozar sin prisa con una concepción de la poesía como fijación-retención de lo vivido, y este entrelazamiento hace plausible entender, entonces, al tú poético como un desdoblamiento del yo, es decir, que yo y tú poéticos constituirían las dos caras de una misma moneda: la de un sujeto que, en un ejercicio además metapoético, se habla a sí misma (marco en femenino tendiendo un puente hacia la autora) tratando sobre el paso del tiempo y sobre su aspiración por fijarlo en palabras.

Otra aproximación al *carpe diem* es perceptible en "Fecha de caducidad", texto que abre *Carpe noctem*. La escena estival diseñada acaba deslizándose hacia una exhortación que no es otra que la de gozar del instante, dado su carácter tremendamente efímero. En el título y en los últimos versos del poema se condensa su tema: el cuerpo, la vida, como cualquier producto, se altera, de ahí que sea preciso disfrutarlo, disfrutarla, "ahora". Lo que singulariza el tratamiento del tópico es, en este caso, el registro lingüístico empleado para su formalización: si en otros poemas la autora acude al ámbito del cine o de la publicidad para configurar las metáforas, en este lo hace al de las recomendaciones de la industria alimentaria: "Consumir / de preferencia ahora. El producto se altera fácilmente, / antes que los deseos. No se admiten / reclamaciones" (1994, 9). La imagen conmueve y, aunque aquí no se produce ningún giro sobre el tópico de referencia, en medio de ese lenguaje convencional y aparentemente funcional del prospecto, la voz poética añade un comentario elocuente: "antes que los deseos". La llamada a la urgencia del vivir es clara: la "fecha de caducidad" es "ahora" mismo, no existe ningún otro momento antes de que el producto pierda sus propiedades; los deseos, en cambio, perduran más allá del desgaste, en equivalencia evocadora, sin duda, del amor más allá de la muerte.

Los diversos tiempos verbales modulan la reflexión expuesta: mientras que el imperfecto sirve de vehículo a la descripción que ocupa la mayor parte de los versos, el indefinido marca su suspensión y el presente recoge el mensaje consecuente, universalizándolo. El paso del imperfecto al indefinido señala el tránsito del mero disfrute a la conciencia de la temporalidad y del deterioro del cuerpo/vida, la fruta/producto que hay que consumir y que se ofrece en su plenitud y en la plenitud de una mañana de verano en la playa, momento y lugar, obviamente, para nada casuales: el verano como imagen de la plenitud y el mar acogiendo sobre sí todo el entramado semántico que la tradición literaria hizo confluír en él (la vida es, de momento, "un puro litoral", pero el mar, que es el morir, lo bordea). Además, y al contrario que en el poema

anterior, donde la adjetivación está ausente, en este los adjetivos abundan: colores y olores acentúan el sensualismo y el vitalismo de la escena con el fin de subrayar la necesidad de aprovecharlos antes de que desaparezcan tras esa sombra indefinida (“una sombra”) que avanza y que provoca que el gesto de “borrar con saliva la sal de la mañana” deje al descubierto “la inscripción junto al omóplato: FRUTA PERECEDE-RA”. Por otra parte, este uso retórico que identifica el cuerpo con un producto que se consume llevaría implícita una crítica a la sociedad de consumo, donde todo es desechable y mínimamente duradero.

La metáfora de la fruta reaparece en “Fruta del día”, poema, también inicial, de *La siesta de Epicuro*. De la idea de la necesidad apremiante del vivir, manifestada de manera categórica en los primeros versos, se da paso a la expresión del ansia por el disfrute inmediato (“las quiero todas ya” [las vidas descritas previamente]), subrayada por acciones relacionadas con la degustación y, de la misma forma que ocurre en tantos otros poemas de la autora, también en este resulta sumamente interesante y muy eficaz el modo en que se entretajan ideas e imágenes. Las “vidas” que hay que vivir se quieren “recolectadas” ya, dispuestas para ser paladeadas. En relación con este aspecto, conviene no olvidar que el significado del verbo latino *carpo* contiene la idea de “arrancar el fruto”, seleccionándolo para saborearlo y disfrutarlo, y este valor se actualiza aquí a través de la imagen de la recolección. Los frutos elegidos conviven en la cesta en la que son depositados lo mismo que en la cesta de la vida se encuentran unidas todas las experiencias: las decisivas (“uvas esenciales”), las que evocan la infancia (“cerezas infantiles”), las de la pasión (representadas en las “húmedas fresas que prometen bosques”, con esa alusión velada a Caperucita: el deseo y los peligros) y las que no alcanzaron su sazón o ante las que fue imposible no claudicar. La vuelta de tuerca al mensaje la ponen los tres últimos versos, tres heptasílabos de tono irónico, casi cáustico, en los que se retoma la frase que da título al poema: la “fruta del día” es el “cerebro fatigado”. “Cómete ya tu propio / cerebro fatigado”, se dice, en una representación del cerebro como contenedor de lo vivido al mismo tiempo que de lo deseado, de lo olvidado, de lo prometido o de lo no digerido.

Tres propuestas, como acabamos de ver, que dan nueva vida a un mismo tópicus, el del *carpe diem*, en el que la poeta descubre tal capacidad de sugerencia que se lo apropia para recrearse en él y para reformularlo con total libertad. *Carpe amorem*, *Carpe verbum* y *Carpe mare*, ya se anotó al comienzo de la exposición, designan tres antologías de sus textos y *Carpe noctem*, además de dar título a un libro, es fórmula que se emplea en dos poemas. Aunque aparente reverso del enunciado original (la noche frente al día), no supone más que otra vertiente de una idéntica llamada a gozar de los dones de la vida. La noche resulta el espacio-tiempo favorable para el goce y la aventura, tal como se insinuaba en “Fecha de caducidad”, y para apurar el deseo, como se pone de relieve en “La calle Altamirano” y en el primero de los “Nueve poemas sin título”, los dos pertenecientes a *Problemas de doblaje*. En ambos casos, dentro de un contexto de evidentes connotaciones eróticas, la locución aparece

reforzada. En el primero, el refuerzo se produce por repetición: “Mas la traición del cuerpo y el desvelo, / la ironía del pubis rompiendo su triángulo, / las ingles que musitan: *Carpe noctem*, / y hacen manar el filtro venenoso / para los labios lentos que comparten / el noble simulacro de la muerte. // -*Carpe noctem*, amor” (1990, 54). En el segundo, el énfasis deriva de su utilización en dos frases simétricas que convierten en equivalentes noche y deseo: “*Carpe noctem*, amor. Coge el brusco deseo” (49); además, en un verso posterior, se introduce otra de las formas remodeladas por la escritora: “Miles de arterias fluyen / medidas como algas. *Carpe mare*”, donde el mar, en primera instancia, actualiza la red de significados vinculados al deseo, de amplia tradición; pero no aleja, sin embargo, o no al menos por completo, la red de sentidos vinculados con la muerte (aunque se trate solo de una muerte metafórica), como creo que el cierre vibrante del poema deja entrever: “Desear es llevar / el destino del mar dentro del cuerpo”.

Todavía en *Gavieras*, la última entrega poética de Aurora Luque hasta la fecha, palpita el *carpe diem*. Aunque no se presente en su formulación característica, la utilización del imperativo y ciertos términos de los que la autora se vale provocan su evocación casi inmediata en algunos poemas. “Aproar” y “Lenguajes vegetales de mi país vaciado” (2020, 10 y 18-19, respectivamente) podrían considerarse dos buenas muestras de esto que digo. En “Lenguajes vegetales de mi país vaciado”, se exalta el júbilo de junio como mes central del calendario; es el mes que acoge el solsticio del verano, con la festividad de San Juan, en cuya noche, a través de todo un conjunto de arcaicos rituales de regeneración, la muerte convive con la vida: “Nuestra es la noche. Goce como urgencia. / ¿La danza de la muerte? / La danza de lo vivo lo viviente lo vivido. / ¡La danza de la vida!”. La vida emerge purificada por efecto del “agua, / del fuego y de la noche”, una vida que la voz poética ensalza en cuanto a lo individual pero también en cuanto a lo colectivo, convirtiendo el texto, como se anuncia en su título, en una llamada al cuidado y a la escucha de las ofrendas vegetales de la tierra, pues lo humano y lo telúrico no constituyen realidades independientes, sino que forman parte de un mismo todo y como tal son indisolubles; indisolubles en sus ciclos y en su posibilidad, o no, de permanencia: “Traducir los lenguajes vegetales / de un mundo que se seca. / Hablemos, hablemos con los árboles. / Unirnos a los ímpetus radicales del tiempo / y cuidar lo que junio nos ofrece”.

El contenido de “Aproar”, por su parte, es metapoético. Sirviéndose de una metáfora marina, la autora compone un texto donde el malestar de la voz poética es contestado por la propia poesía, que la reta a actuar/escribir desde la reflexión, movilizando todo lo recibido y todo aquello que posee en potencia. El desafío se formaliza discursivamente por medio de una serie de instrucciones cuya modalidad enunciativa es común con la del tópico y cuyo contenido, en realidad, no viene a ser otra cosa que un convite a sacar provecho de lo que el arte y la vida ofrecen, y a hacerlo sin demora, como se reclama través de la reiteración del “ya” en los últimos versos. Creo que el interés de este poema merece su transcripción completa: “Vino la poesía de impro-

viso. / A mí, que me sentía / malquerida por ella / -porque yo no la quise a su capricho- / me dijo: Túmbate y mira al cielo. / Vuelve al ciclo del huerto, / vuelve al mar mitológico. / ¿No adorabas de niña las mochilas? / Da la espalda al vecino vertedero / de datos, ruido y prosa. / Traduce -a ver si puedes- / esa gracia del mundo / que es aullido y sonrisa. / Métete ya en un barco / con proa de dragón. / Fuiste vikinga, sí, / aunque no lo sepas. / Así que bebe océano, / come islas y duerme ya en los bosques /que metí entre tus sueños / de once años”.

El conjunto de los versos ofrece un inventario de una parte importante de los rasgos que caracterizan la actividad creadora de Aurora Luque: su quehacer literario (poesía, traducción), la preferencia por ciertos motivos (mitos, todo tipo de relatos culturales), el peso de la tradición y la rebeldía frente a ella, la audacia imaginativa, el deseo, la urgencia del vivir; en resumen, muchos de los aspectos y elementos que se han ido mencionando a lo largo de la exposición. Y si hacemos extensivo este comentario sobre el poema en particular al libro entero, cabría afirmar que en *Gavieras* concurren todas las cuestiones y estrategias retóricas reconociblemente “luqueanas”, representando, en este sentido, un nuevo eslabón de una cadena notablemente engarzada. Pero hay algo más en este libro y es un tono, podría decirse, que prefigura enveses, siendo quizás el más patente el de la madurez y el de un cierto desencanto del sujeto poético, que asoma en algunas reflexiones que contrarrestan en cierta medida el vitalismo que atravesaba los libros anteriores. Este no desaparece, pero a su lado emerge otra mirada (diríase que la modulación barroca desplaza a la renacentista) y el yo reconoce que la noche ya “no es noche / al modo antiguo”. El poema al que pertenecen estos dos versos, “No es noche” (71), pone en evidencia ambas caras: la invitación al disfrute, ahora amortiguada, va acompañada por ese otro sentimiento que ya se ha asentado en el aquí y el ahora del sujeto: “Te vas quedando sola en el camino. / La vida ya no está donde solía. / Pierde timbres de voz. / De pronto falta el ancla / a bordo de la nave / y eres buque incapaz de fondear. / —Amigas, esperadme. Antes de que los rumbos / enloquezcan, bebamos / un buen vino. / —Amigos: / cae la tarde y es tarde. / Y la noche no es noche / al modo antiguo”.

Igual pensamiento se desarrolla en “Epílogo a *Carpe noctem*”, de título bien significativo. Todo este poema, con que el que concluye *Gavieras*, adquiere la apariencia de una elegía por la juventud perdida, cuando la noche, aquel lugar propicio para el encuentro y el placer, carecía de límites y se ofrecía abierta a todo tipo posibilidades. Cito sus primeros y sus últimos versos, tan elocuentes que no precisan explicación alguna: “Cuando era joven, yo / aprendía a apropiarme de la noche / y la hacía viscosa, dúctil, líquida, / la convertía en cítrico, licor o cereal / que saciaba mi sed y mis deseos. / [...] / Sin la noche qué haremos finalmente. / Ahora solo amaso los recuerdos / de aquel hacer las noches mías antes” (80).

En definición del *Diccionario* de la Real Academia Española, *gaviera* es la marinera “a cuyo cuidado está la gavia y el registrar cuanto se pueda ver desde ella”. A todas

aquellas gavieras históricas, legendarias y mitológicas que deambulan por la primera sección de este libro de Aurora Luque habría que añadir a la propia escritora como una gaviera más, orientando con destreza la vela mayor de la nave. Su lucidez poética guía el viaje.

Referencias bibliográficas

- Álvarez Valdés, Josefa (2009a): “Mundo clásico, voz lírica femenina y expresión del deseo en la poesía de Aurora Luque”, *Minerva*, 22, 217-230.
- (2009b): “Tradición clásica en *Camaradas de Ícaro* de Aurora Luque: el recurso al mito”, *Anales de literatura española contemporánea*, 34/1, 5-23: Vol. 34, No. 1 (2009).
- (2013): *Tradición clásica en la poesía de Aurora Luque. Figuras, formas e ideas*, Sevilla: Renacimiento.
- (2018): “Plenitud existencial y epicureísmo en la última poesía de Aurora Luque”, *Tropelías. Revista de Teoría de la Literatura y Literatura Comparada*, 30, 171-180.
- Bianchi, Marina (2016): “Variaciones del *carpe diem* o cómo retener el tiempo en la poesía de Aurora Luque”, en Margarita Almela *et al.* (coord.), *Tiempo de mujeres. Literatura, edad y escritura femenina*, Madrid: UNED, 77-94.
- Díaz de Castro, Francisco (2020): “‘Sobremesa’, de Aurora Luque. Texto y contextos”, *Studia Iberica et Americana*, 7, 111-126.
- Guillén, Jorge (1974): *Cántico*, Barcelona: Seix Barral.
- Huchin, Eduardo y Karla Sánchez (2021): “Entrevista a Aurora Luque”, *Letras libres*, 276 (diciembre), dossier “Los clásicos entre nosotros”:
- <https://letraslibres.com/revista/releer-a-los-clasicos-podria-ayudarnos-a-cuestionar-nuestras-hipocresias-mas-viles/>
- Luque, Aurora (1990): *Problemas de doblaje*, Madrid: Visor.
- (1994): *Carpe noctem*, Madrid: Visor.
- (1996): *Carpe mare*, Málaga: Miguel Gómez Ed.
- (2007): *Carpe amorem*, Sevilla: Renacimiento.
- (2003): *Camaradas de Ícaro*, Madrid: Visor.
- (2008): *La siesta de Epicuro*, Madrid: Visor.
- (2015): *Personal & Político*, Madrid: Fundación José Manuel Lara / Vandalia.
- (2020): *Gavieras*, Madrid: Visor.
- Vera Nicolás, Pascual (2005): “Entrevista a Aurora Luque”, *Revista Campus Digital*:
- <https://edit.um.es/campusdigital/entrevista-con-la-poeta-aurora-luque-leyendo-a-los-clasicos-com-probamos-que-estamos-igual-que-hace-siglos/>
- Virtanen, Ricardo (2007): “Aurora Luque, náufraga en Icaria”, introducción a *Carpe amorem*, Sevilla: Renacimiento, 9-30.

II Edad Moderna y Contemporánea

Suxeito, autoría e enunciado en Álvaro Cunqueiro

Manuel Forcadela

269

Introdución

Un dos aspectos máis singulares da obra de Álvaro Cunqueiro é o traballo de indagación na noción de autoría que leva a cabo ao longo dos anos, a elaboración conceptual do intrincado vencello que se establece no texto entre a voz que o enuncia e o significante elixido, en tanto que nome do autor, para amparalo, toda vez que un conxunto numeroso de ficcións atribuídas ao mindoniense non están asinadas por él e sí por un conxunto moi diverso de nomes de procedencias dispares. Estas sinaturas diferentes están fundamentalmente implicadas na súa construción ficcional. E, alén de seren simplemente un xogo, responden a procesos de pensamento que cabe ligar ao mesmo cerne do seu pensamento literario.

Ben certo é que nos seus textos principais o rótulo de Álvaro Cunqueiro aparece como característico e indubidable mais tamén é non menos certo que o xogo de nomear, de idear un certo ou posible onomástico a partir dunha situación creada por un enunciado, é un dos seus brinquedos formais que axiña adquire dimensión intelectual.

E, sumada a toda isto, a condición que na súa escrita cobra a idea de glosa, en tanto que explicación, interpretación, anotación, apostila, comentario, reparo dun texto precedente, entendida como raíz temática para a confluencia, ou non, doutros temas e motivos. Cunqueiro sábese partícipe nunha longa e interminable cadea de referencias, como ben o demostra o feito de que na súa produción, tanto narrativa como poética ou dramática, son constantes as mencións a obras e personaxes doutros autores que visitan a fluencia do canto para participaren desde novas premisas de enunciado con plena presenza e determinación.

Os casos ben coñecidos de Hamlet, Orestes, Ulises, Sinbad, Merlín, son só unha pequena mostra desa mirada que comprendía o mundo desde a cultura e, aínda alén, desde o mito e o rito como aspectos sintomáticos dunha repetición que enxendra

diferenza. Hai, por tanto, unha proposta implícita de pensar desde o mito, de seguir a pensar o mito, que forma parte nuclear do seu modo de situarse perante a escrita. E pensar o mito desde unha enunciación é tamén pensar a enunciación como presenza. Presenza que demanda un suxeito nominado que non sempre coincide co epígrafe do autor. Cunqueiro elabora o seu discurso desde outros discursos, sabedor de que o discurso sempre é do Outro, porque o Outro precédenos e sucédenos sen opción, e é ese Outro quen leva rexistrados os matices e as precisións, as graduacións, as cores, as tintas, os tons. E que a autoría non é, en definitiva, máis que unha peneira existencial que filtra a enxurrada xa non da existencia senón da insistencia. Deleuze (1989) dixérao con palabras definitivas: o mito non existe mais insiste.

Na fascinación por ese mito que insiste e no que sabe encontrar aspectos anovadores, enchido sempre dun poder de significación que non se esgota, Cunqueiro establece os lazos entre os distintos niveis de cultura. En primeiro lugar, entre a alta cultura, de procedencia libresca e académica, que se ocupa de responder á eterna interrogante do estatuto ontolóxico do humano. Quen somos, por que e para que somos, que sentido ten estarmos aquí, cal é o proxecto da nosa presenza. E, en segundo lugar, entre a cultura autóctona, que sabe rescatar con habelencia de antropólogo en todos os estratos da intervención do humano sobre o mundo, desde a agricultura á gastronomía, desde a poesía á relixión, desde os ritos aos ditos, e a cultura allea, precisando as diferentes opcións que os humanos foron encontrando ao longo da historia a semellantes dilemas.

É sabido que esta presenza do mito cobrou singular importancia para a crítica nos poemas que Cunqueiro publicou no seu poemario derradeiro, *Herba aquí e acolá*, de 1980, obra que debemos situar como compendio das últimas décadas de escrita, en paralelo cos esforzos, visibles no resto da súa produción, de pensar desde o mito, de concebir a propia obra como continuidade dunha enunciación xa iniciada e sen final previsible. Eu son Dánae, Eu son Pantiel, Eu son Edipo, Eu son Dagha... Mais o certo é que desde o mesmo inicio, mesmo nos seus poemas de adolescente, Cunqueiro compórtase xa como un aprendiz do erudito que finalmente foi. Diríamos que estas mencións operan como un síntoma, un dispositivo de significantes que o conecta co real, malia a súa entidade simbólica, e que, pola súa insistencia, pola súa repetición compulsiva, polo cambio de ton que se produce, desde o Cunqueiro humorístico e etnográfico, coleccionista dun singular e moi persoal traballo de campo, a estoutro Cunqueiro serio e filosófico, que dialoga directamente cos clásicos, dános conta dunha dobre dimensión. O autor suxeito a un binarismo que contrapón o etnográfico e o popular contra o ontolóxico e persoal. O autor na súa dimensión social e amplamente comunicativa contra o autor na súa esfera máis íntima e reflexiva. E isto téndomos en conta que os dous polos que litigan nesta dialética non son conxuntos fechados e permiten en todo momento a inclusión do contrario, mesmo como un mecanismo implícito para desenvolver contrastes.

É a de Cunqueiro, así, unha aposta total que non renuncia a instruír nin a deleitar, e que sabe encontrar na ironía e no cómico o aspecto complementario ao labirinto de saberes do existente. Deste xeito, sabe salienta o risible do solemne e o sagrado que habita mesmo no vulgar, nunha ollada de inquisición sobre as linguaxes que supera calquera confort intelectual.

Poderíamos soste a tese de que todos eses poemas non son outra cousa que os resultados de tentativas de incibirse nunha determinada enunciación (ollo, non nun enunciado, o que rondaría as fronteiras do plaxio, mais si nunha enunciación, como bo glosador e interlocutor da cultura herdada) e, moitos deles, alternativas monoloxais a escenas teatrais determinadas, como se fosen xermes de creación dunha nova peza que nunca logrou tomar forma. O modo de proceder moitas veces comeza pola tradución que, logo, se encamiña na fluencia discursiva por territorios diversos, alleos aos que serían adecuados á peza orixinal, descentrando o sentido e procurando un novo centro, acomodado agora ao dicir do poeta. Este proceder, moi común en toda a súa obra, sexa cal for o xénero frecuentado, incrementa o seu papel de hermeneuta, de humano que decifra para volver cifrar. Que establece constantemente a distancia estética (H. R. Jauss, 2000) para reducila a cero, logo de incorporala á propia voz. O que nos sitúa no concepto genettiano de transposición (*Palimpsestos*, 1989). E comprácese, tamén, de modo numeroso, do comentario dunha cita que se canaliza por medio da ironía ou da erudición, cando non por unha mestura de ambas, ironía e erudición, e xamais exenta de vontade teórica, malia ficar disimulada nun distanciamento de *captatio benevolentiae*.

Poderíamos aducir que Cunqueiro é un teórico secreto, e que esa teoría nunca exposta fica, porén, na construción das súas obras e complementase, de xeito fragmentario, co declarado por aquí e por alí, nun xogo de autorreferencias que, por veces, semellan evidentes.

Non hai arte sen teoría, reza o tópico. E Cunqueiro, sen dúbida, obedece a este estereotipo. O problema radica en como sermos quen de extraer esa teoría implícita, por unha banda obvia, mais, por outra, obtusa, para afondarmos na cuestión que propomos de partida: a relación do suxeito e a autoría ao longo e ao largo de toda a súa obra. A chave, acaso resida na información que Cunqueiro xera como teórico, xa non nas obras de ficción, que tamén, senón nun extenso corpus textual de artigos, comentarios, epistolarios, entrevistas.

A psicanálise

Como exemplo podemos tomar o artigo "Una gotera" publicado na revista *Destino* e recuperado por María Liñeira en *El Laberinto Habitado* (2007), onde lemos:

He pasado unos días en mi casa de Mondoñedo, y eligiendo unos libros, para traerlos a mi casa de Vigo, sorprendí una gotera, que había estado pingando en los días de lluvia invernal, que afortunadamente no fueron muchos, sobre las obras completas de Freud, editadas por Biblioteca Nueva en 1923, y traducidos por D. Luis López-Ballesteros y de Torres. [...] La gotera caía entre la *Introducción a la psicoanálisis* — entonces se decía en femenino—, tomo I. *Los actos fallidos y los sueños* y *El chiste y su relación con lo inconsciente*. («El delirio y los sueños» en la *Gradiva* de W. Jensen). Grandes manchas de humedad avanzaron por las páginas freudianas, y los lomos quedaron medio deshechos. Pero, entre tomo y tomo de Freud, yo había metido un folleto del P. Barreira en defensa de Prisciliano, y cómo no fue hereje ni lo fueron los gallegos de su tiempo. Recuerda el P. Barreira que el Cura de Fruime había escrito al P. Florez, quejándose de que en la *España Sagrada* hubiese dicho que Prisciliano era gallego. [...]

Lo que yo quería contarles a ustedes es que mojado Freud, manchadas sus páginas, maltratados los dos tomos citados por la persistente gotera, el folleto pro Prisciliano apareció intacto. Ni una gota le tocó.

Yo no grito: ¡milagro!, pero medito sobre el suceso, viendo que la gotera respetó —diría que voluntariamente—, el folleto pro Prisciliano pero no tuvo miramiento alguno con la doctrina freudiana. ¿Voluntariamente? Entonces, algunas obras perdidas en los siglos, ¿no lo serían por acción voluntaria y decisiva de todas las goteras de Occidente? ¿Se podría, pues, escribir un texto titulado *La acción de las goteras en la historia de las ideas*?

A cita sérvenos para documentar un feito. Cunqueiro mantivo desde a súa mocidade universitaria e a súa filiación ao movemento de fé surrealista, como é ben perceptible en *Poemas do Si e Non*, de 1933, unha intensa curiosidade pola psicoanálise que o levou a comentar, en bastantes ocasións, aspectos derivados da evolución teórica desta disciplina e os diversos conflitos de desenvolvemento en que se viu sumida. Así, por exemplo, aínda que nun principio poidamos pensar que Cunqueiro se inclina do lado de Jung fronte a Freud, o certo é que permanece á expectativa e que, aínda que alguén puidese pensar o contrario, o seu percurso maxistral pola fantasía non o afasta da procura dun conxunto de respostas que van alén de calquera simplificación dada.

A presente ironía das obras de Freud esmigalladas polo efecto da auga, aludindo acaso a un envellecemento das teorías freudianas, fainos lembrar que isto era exactamente o que lle ocorrera a Jacques Lacan, no momento de comezar a súa relectura de Freud tomando como elemento de apoio a obra de Ferdinand de Saussure e a nacente semiótica estruturalista. E, aínda que non cita nunca a Lacan, non podemos deixar de pensar no intenso paralelismo que é posible establecer entre os dous creadores. E máis a propósito do manexo dos temas do suxeito, o Eu, a autoría, que semellan ser claves en toda a cosmovisión cunqueiriana.

Noutro dos artigos publicados en *Destino* e recompilados por María Liñeira, titulado “Antropofagia”, Cunqueiro comenta:

La Nouvelle Revue de Psychanalyse, de París, dedica su sexto número al canibalismo, y se nos dice en ella que «mientras que la antropofagia está en vías de desaparición en las culturas que la practicaban, la nuestra parece concederle ahora un grande interés, como si, fatigada de los motivos edipianos demasiado banales del parricidio y del incesto, la imaginación buscase temas mas originales u originarios». En la misma revista nos enteramos de que Freud escribía a María Bonaparte el veinte de abril de 1932: «la situación del incesto —tema que preocupaba a la Bonaparte en aquellos momentos—, es exactamente igual a la del canibalismo. Existen, naturalmente, buenas razones para que en la vida moderna no se mate a un hombre para comerlo, pero no hay ninguna razón, cualquiera que sea, para no comer carne humana en lugar de carne de vaca»... Otro argumento puede ser el que la inmensa mayoría ya no sabe qué es lo que come. En España, sin duda, si nos atenemos a todo lo que se dice sobre el fraude alimentario. En la misma revista se cita a Víctor Hugo, quien en diciembre del 70, en el París de la derrota, se preguntaba qué era lo que comía: «¿Caballo? Es posible. Quizá perro, quizá rata. Nous mangeons de l'inconnu». «Comemos de lo desconocido». Con este lema, cubrimos hasta la antropofagia.

Presume, en novembro de 1973, de ler *La Nouvelle Revue de Psychanalyse*, fundada e dirixida por Jean-Bertrand Pontalis e publicada por Éditions Gallimard. Aparecida entre 1970 e 1994, publicou cincuenta números. Creada co apoio da Asociación Psicoanalítica de Francia, coa vontade de abrirse (atención a isto) a outras orientacións psicanalíticas distintas das desta sociedade. O seu consello de redacción está formado por Didier Anzieu, Guy Rosolato e Victor Smirnoff, membros da APF, pero tamén André Green da Sociedade Psicoanalítica de París, o analista londinense Masud Khan, o antropólogo Jean Pouillon, e polo historiador das ideas Jean Starobinski. François Gantheret incorporouse á revista en 1978. Posteriormente, Michel Schneider entrou no consello de redacción durante uns anos, antes de ser substituído por Michel Gribinski.

Cando a Sociedade Francesa de Psicoanálise solicitara en 1959 o seu recoñecemento oficial e a súa afiliación á Asociación Psicoanalítica Internacional, a API reclamou como requisito previo para conceder o demandado a expulsión de Jacques Lacan como didáctico. Dúas correntes da Sociedade Francesa de Psicoanálise opuxéronse entón entre si: unha corrente, que chegou a ser maioritaria na SFP en novembro de 1963, estaba dirixida por Daniel Lagache, Juliette Favez-Boutonier, Georges Favez, Wladimir Granoff, Didier Anzieu, Robert Pujol e os cinco “movers” de xullo de 1963 (Jean-Louis Lang, Jean Laplanche, Jean-Bertrand Pontalis, Victor Smirnoff e Daniel Widlöcher), mentres que unha segunda corrente, convertida en minoría, unía aos partidarios de Jacques Lacan.

O primeiro número da revista, *La Nouvelle Revue de Psychanalyse*, titulado "Incidentes de la psychanalyse", aparece na primavera de 1970, máis dunha década despois da expulsión de Lacan e no momento en que o prestixio do expulsado gañara o combate hexemónico aberto anos atrás. E constitúe un espazo aberto, que promove intercambios e enfrontamentos interdisciplinares, unha maneira de dar a entender que procura a conciliación dos antigos enfrontados.

Quere todo isto dicir que no momento en que a revista se publica, Lacan xa abandonara a Asociación Psicoanalítica de Francia, integrada na Asociación Psicoanalítica Internacional, integración que se fixera total desde 1963-64. Dez anos despois, o prestixio intelectual e clínico de Lacan ten xa eco internacional como sucesor e modernizador do traballo freudiano. De feito Jean Starobinski consta como un intelectual ligado a Lacan e relacionado co interese pola obra de Saussure, a lingüística e a semiótica. Cunqueiro, sen ser lacaniano, está a facerse eco dunha publicación que está no cerne do debate da psicanálise en Francia.

Con todo son numerosas as veces que Cunqueiro menciona a Jung, aínda que case sempre para facelo portador das opinións máis máxicas e desproporcionadas a propósito de mitos, espectros, delirios. Como se, no fondo, estivese a empregalo como unha fonte de recursos no seu peculiar percorrido da fantasía.

Jung, de feito, convértese en obxecto da ironía de Cunqueiro pola transcendencia que lle outorga ao que para o mindoniense non é máis que travesía da fantasía. Así, no prólogo a *Tesouros Novos e Vellos*, Juan Rof Carballo (1964), no seu prólogo, e en connivencia co propio Cunqueiro, di:

A verdade máis importante encol dos tesouros encovados é — o mesmo que se ten dito dos milagres— que realmente eisen. Está ben que millós e millós de homes pensen hoxe que a busca de tesouros é empresa enganosa, fábula pra incautos. O certo, o certísimo é que no universo hai unha groriosa e moi doce realidade, a que máis felicidade pode proporcionar ó home e que está encovada[...] Esta espricación do tesouro oculto como símbolo do que ó home lle semella realidade preconizábel, que hai que ensalzar, é unha das moitas máscaras triviales, dos moitos disfraces que os tesouros auténticos — os das onzas de ouro, os das olas soterradas cheas de xoias de outras épocas, os dos lingotes macizos— inventaron pra se esconderen mellor. Ó longo dos tempos, os tesouros — que como di o Cunqueiro no seu libro cómpre que nolos representemos como persoas, cos seus caprichos, debilidás e fortalezas— deprenderon moitas cousas nas súas táiticas.

Fronte a estes tesouros, personificados, que andan pensando en pasar desapercibidos, en non ser obxectos de comentario, aparecen os psicólogos coa súa xerga, mesmo a máis requintada e pedante, a máis inútil e afastada da realidade dos tesouros e os seus buscadores. O mestre deste conxunto de supostos profesionais é C. G. Jung.

Agora empregan o vocabulario da psicoloxía, e mesmo da súa modalidade máis empingorotada, a psicoloxía de Jung. O tesouro escondido non é nin máis nin menos que o arcano dos alquimistas ou, traducido á lingoaxe moderna, o “Selbst”, o “sí mesmo”; dito doutra maneira, non demasiado crara: a unidade interior, harmónica, da persoa, á que soio se chega tras longo pelingrinar polos carreiros da ialma e na que se integra todo o bo i o malo, o anxélico i o diabólico que hai no home.

Cunqueiro vai botar man de Jung como unha das fontes do seu repertorio paródico, alguén que o pode axudar na súa travesía da fantasía, como a *Biblia*, *As mil e unha noites*, a literatura artúrica, *El Cipriánillo* e tutti quanti, mais non cando asoma o goce do seu síntoma, como no drama *O incerto príncipe don Hamlet, señor de Dinamarca*, en que a súa posición é abertamente contraria. Esta oposición entre travesía da fantasía e goce do síntoma é determinante á hora de situarmos o autor no seu contexto de produción literaria.

A famosa anécdota da chegada a América de Freud e Jung e o comentario de Alfred sobre a natureza subversiva do coñecemento que estaban a piques de incorporar á cultura americana, non deixa de ser comentado polo mindoniense. E subliña o carácter provinciano dos visitados fronte a vontade innovadora dos visitantes.

Un amigo mío está lendo estos días un libro de Mircea Eliade. En este libro se entera de una frase de Freud, dicha a Jung, cuando el trasatlántico en que ambos viajaban entraba en el puerto de Nueva York. Freud exclamó dirigiéndose a Jung:

—¡Si supiesen qué dinamita les traemos!

Freud, tenía, pues, conciencia de lo que suponía la entrada del psicoanálisis en una sociedad tan excepcionalmente provinciana como la norteamericana de aquellos días. (*El laberinto habitado*).

César Antonio Molina no Prólogo a *La Bella del Dragón* (1991) comenta:

En Álvaro Cunqueiro el erotismo coincide con la idea freudiana de «pulsión de vida». En *Más allá del principio del placer* el médico vienés asociaba los términos eros y libido comentando que «la libido de nuestras pulsiones sexuales coincidiría con el Eros de los poetas y de los filósofos, que mantienen la cohesión de todo lo que vive». Es decir, el erotismo sería uno de los elementos energéticos por excelencia de la humanidad.

O Existencialismo

No epistolario de Cunqueiro co seu grande amigo e editor Francisco Fernández del Riego (Cunqueiro e Vilavedra, 2003) consta o desagrado do mindoniense pola reacción de Anxel Fole á lectura de *O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca* por non saber que aquela era e é unha obra destinada a outro público e escrita desde

una perspectiva diferente, unha especial e singular que esixía tamén unha mudanza na óptica lectora. Segundo Cunqueiro, Fole non entendera a peza, tomándoa por unha especie de broma shakespeareana, sempre á procura dunha intención humorística que non existe. E séntese moi frustrado de saberse incomprendido por un dos seus lectores de referencia. E este é un dato determinante á hora de sabermos que estaba a pasar na cabeza do grande fabulador que entendía que, á beira do etnógrafo e humorista e estilista, había outro escritor metafísico, teórico, eséxeta dos mitos. Alguén que aprendera a distinguir na súa creación literaria o que aquí denominamos a travesía da fantasía e o goce do síntoma. O traballo sobre o síntoma doe, fatiga, esixe un esforzo esgotador, a travesía da fantasía é un puro divertimento.

Na mesma liña tense manifestado Carlos Casares (1998) que aventura o emprego da adxectivo "existencialista" aplicado a Cunqueiro.

Interésanos, especialmente, esta idea do Cunqueiro existencialista, que quebra dalgún xeito a perspectiva hexemónica do Cunqueiro máxico e irónico, e que cabe espallar na lectura de toda a súa obra.

Do mesmo xeito que o Cunqueiro máxico fainos pensar nun pensador adscrito ás tendencias posjungianas presentes na chamada Escola de Eranos, o da travesía da fantasía, o Cunqueiro existencialista, o do goce do seu síntoma, vai de mans dadas coa psicanálise (post)estruturalista. Mais cal era a posición de Cunqueiro con respecto ao existencialismo?

Marta Mariño Mexuto (2021) ten analizado algunhas coincidencias entre Sartre e Cunqueiro que, máis alá das obvias diferenzas, sinalan un seguimento da obra do francés por parte do mindoniense. Compara algúns trazos da acción e dos personaxes presentes en *Un hombre que se parecía a Orestes* (1969) e *Les mouches* de Jean Paul Sartre (1991).

Esta podrencia que se apodera dos corpos recorda a *Les mouches* de Sartre, onde as moscas que dan o título á traxedia (como se se tratasen dos personaxes do coro) e que, despois, resultan ser as Erinias, representan, entre outras cousas, todo o podre que hai en Argos. A mesma Electra comenta, no drama, o desgusto que lle produce lavar "*les chemises qui ont enveloppé leurs corps pourris*" (Sartre, 1991: 129). Retrocedendo aínda máis no tempo, outro reino invadido pola podrencia é a Dinamarca de Hamlet, xa recreada por Cunqueiro no seu *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1959). Ao principio da obra, o coro comenta:

"Coas outas paredes impedimos que a tempestade avenge as rosas non máis nacer, pro convertimos a Elsinor nun pudrideiro, i el Rei dos vermes, é un Rei verdadeiramente unxido". (Cunqueiro, 1980: 195)

O conflito humano entre vontade e continxencia é un dos temas de peso do síntoma cunqueiriano. A fenda que separa os proxectos de vontade e os arrebatos do azar, a loita entre os feitos e os acontecementos, será un dos seus temas predilectos.

Nun ton moi semellante maniféstase Inma López Silva (2014, 646):

Nun ton distinto do que podemos apreciar en Sartre e Camus, tamén Cunqueiro, dalgún xeito, está elaborando un teatro no que a tese sobre a toma de decisións no ser humano é o único elemento capaz de confrontalo co seu propio destino, como sucede a Hamlet ou como sucede ao Calígula de Camus. E, de feito, malia a opinión de Carballo Calero de que Ofelia, Poloño ou Laertes e os cómicos son contaminacións, na nosa opinión é xustamente a presenza deses personaxes a que establece o contrapunto necesario para comprender a tese existencialista en *Don Hamlet*, igual que a presenza de Belvís é imprescindible para entender o absurdo da vida de Dona Inés en *A noite vai coma un río*, ou El Rei de *Palabras de víspera* serve para entender o sensentido da vida de Dona Urraca.

Para engadir en ton conclusivo, páxinas despois (2014, 648):

Polo tanto, o teatro de Álvaro Cunqueiro está máis preto de Artaud, Genet ou Kol-tès ca de Lorca ou Casona. E tamén está máis preto de Sartre ou Camus ca, por suposto, de Luca de Tena, pero tamén do primeiro Buero Vallejo. Cunqueiro escribiu en Galicia e en galego un teatro que se afastaba da tradición próxima para achegarse, aparentemente, só ao propio mundo literario dun autor que, por outra banda, bebeu en canta fonte estético-literaria había. Un autor que coñecía, sen dúbida ningunha, tanto as reflexións da vangarda teatral (a través de *Nós* e dos intereses xeracionais nos que se formou na mocidade), como as achegas da dramaturxia francesa tras a II Gerra Mundial, prestixiosa en toda Europa e que chega relativamente tarde a España, impedindo o establecemento crítico desta relación.

O propio Cunqueiro comenta, nun artigo titulado “Urgente noticia del cuco” e publicado no Faro de Vigo o día 4 de abril de 1954:

¿De qué es rey el cuco sino de los días? Príncipe del agüero y amigo del diálogo, parece que el bosque vive de nuevo, pues el cuco canta. «Au temps des fleurs le monde est un enfant», dijo Musset un día. Quizá por esta gozosa infantilidad el mundo, en el tiempo de las flores, pueda creer en la destemplada voz del cuco. Los griegos, en cierto momento, llegaron a creer que Orestes —hablo de *Las Coephoras* de Esquilo, que no de *Las moscas* de Sartre; hablo de la tragedia y de la purificación; la enorme expectación de Electra en la puerta es como un río de fuego voraz: «Alguien llega que se me asemeja. Pero nadie sino Orestes se me asemeja. Entonces, Orestes llegó».


A lexión onomástica

Nunha entrevista concedida ao diario *El País*, o 27 de xuño de 1979, Cunqueiro sinalaba en titulares “He querido ser un jardinero del lenguaje”. E velaí a metáfora do xardi-

neiro, daquel que promove a beleza da paisaxe sabendo que, da mesma maneira que, Hegel mediado, a Idea sobre o Espazo xera a Natureza, e a Idea sobre o Tempo xera a Historia, a confluencia de Historia e Natureza xera a Paisaxe. E que ao autor non lle cabe máis que intervir minimamente entre estas dúas fluencias que o superan: a Historia e a Natureza. Trátase, por tanto, dunha atitude estoica, caracterizada por unha ética da imperturbabilidade, a extirpación das paixóns e a aceptación resignada do destino, marcas fundamentais do home sabio, o único apto a experimentar a verdadeira felicidade. O que adopta perante a linguaxe a posición do xardineiro. Hai, ao mesmo tempo, unha posición activa do lector, daquel que non refuga situar a propia enunciación en paralelo coa enunciación do que está a ler, nun exercicio que cabe emparentar tamén co da tradución.

Iago Castro Buerger ten sinalado a importancia do exercicio da tradución na produción literaria do propio Cunqueiro. Poderíamos establecer unha certa gradación que tivese en conta a autoría e o enunciado de partida e a autoría e o enunciado resultante.

Cunqueiro procede, por tanto, a traducir autores (reais ou ficcionais) en idiomas coñecidos por el ou descoñecidos (mediante traducións intermedias) en versións que emparenta co seu propio nome ou asina co emprego de heterónimos. Poderíamos desenvolver o seguinte cadro semiótico:



Cabe, por tanto, unha autoría real ou ficcional do suposto texto de partida, que nunca é exhibido, e igualmente unha adscrición real ou heterónima do texto traducido, que é o único que se presenta.

O caso máis extremo e verdadeiramente interesante é aquel en que tanto o texto de partida como o de chegada son adscritos a denominacións de autor que ocultan calquera vínculo con Cunqueiro, porén presente por detrás en todas estas transposicións genettianas. No caso de que algún dos extremos da produción, tanto na tradución como na autoría, sexa fictivo falaremos de apocrafía.

Nel dáse cabida a dous tipos de oposicións. A polaridade entre a autoría real e a autoría ficcional, establecendo o litixio entre a enunciación de partida, vinculable ou non a un autor nalgún tempo existente, e a polaridade entre a tradución propia ou heterónima, sinalando agora o conflito na enunciación resultante, vinculable ao propio Cunqueiro ou a un heterónimo. Neste dobre combate entre autor e tradutor, tanto reais como imaxinarios, poderíamos falar de tradución cando ambos son reais e de apocrafía, unha forma de creación literaria, cando algún deles, tanto o autor como o tradutor, son imaxinarios.

Sabemos que Cunqueiro fixo pasar como poemas traducidos, por el ou por algún dos seus numerosos heterónimos, poemas de autores inventados, nun exercicio que anulaba a adxudicación da autoría. Así, cando Cunqueiro traduce a Shakespeare, a Dante ou a Cavalcanti entre moitos outros, tanto o autor como o tradutor sitúanse en coordenadas non ficcionais. Mais cando Cunqueiro "traduce" un autor inexistente, ao que lle adxudica un nome, dentro dun sistema onomástico particular, está a remover o fondo dun modelo de autoría que el mesmo leva á crise desde o inicio da súa produción literaria. Tentaremos explicar, ao longo das páxinas que seguen, como se artella esta repetición, convertida, paradoxalmente, nun modelo característico.

E velaí o cerne da industria cunqueiriana: un suxeito que se sabe suxeitado pola enunciación e asume a construción de Eus numerosos. Non hai un Eu a producir unha enunciación senón que hai unha enunciación a construír sentido verténdose en Eus variados.

Costas González na súa edición de *Herba aquí ou acolá* (1991, p. 46-48) sinala que:

Ó longo dos versos dos preto de douscentos poetas que verteu ó galego, sobre todo dos traducidos ou versionados nos seus últimos dez anos de vida, achamos moitos argumentos líricos que logo atopamos reflexados na súa poesía. Hai títulos, anacos de poemas, poemas case enteiros, algúns versos, imaxes, etc, que, ou ben son paráfrases de poemas de Cunqueiro, ou ben Cunqueiro parafraseou as traducións que el mesmo fixo.

Mais cando Cunqueiro di que traduce autores que non existiron en enunciacións que asume como propias, ou adxudica directamente a algún dos seus heterónimos, está a producir literatura de creación, aínda que queira disimular o seu vínculo ou establecer algún tipo de contacto cos temas e motivos expostos. Temos, por tanto, un Cunqueiro que aprende do discurso do Outro, un enunciado que calibra antes de asumilo como propio, unha maneira de ampliar as fronteiras do propio Eu a base de ir engulindo enunciados e enunciacións alleas.

Sen dúbida, e considerado na súa perspectiva menos dogmática, o exercicio de Cunqueiro cabe denominalo como tradución. Non porque traduza palabras e enunciados senón porque a súa aventura está un pouco máis alá no traslado de sentidos dunha

autoría e dunha enunciación. Sabemos que, así como se poden traducir palabras e enunciados, non é posible traducir autores e tradicións. E Cunqueiro xoga exactamente a isto, encontrar o sentido que podería ter un enunciado, un modelo de enunciación, trasladado a outro sistema de semiose.

Un dos exemplos máis peculiares, e que debía ser exhibido como emblemático, é o daquel poeta romeno, publicado no Faro de Vigo o 9-VIII-1964 e recuperado por Iago Castro Buerger (2004), Decio Arveanu, militante do Partido Comunista Romeno, que escribe un poema de fatiga ao chegar de regreso a casa, traducido por un tal Álvaro Labrada.

Cando se fina un home

Cando se fina un home, morre unha cidade.

Vaise íl, pro non soio.

Leva soños, verbas, desexos que foron, bicos,
tristuras, amistades, grandes risadas. Todo isto
no fardelo que lle foi dado.

Pro tamén leva dos outros:

o aroma de aquel recuncho, aquela hora
de sol de inverno na praza, a fonte
sob os plátanos, o cheiro de mel da confiteiría, uns
¡bos días, señora Pepa!, i-ela sorrindo, gorda;
a discusión no Comité: ¡eu estou póla
mellora do gado mouro! Non sabía por qué.

Il amaba unha certa paisaxe, unha certa
forma das estrelas, i-as herbas, i-o canto do galo,
unha certa voz nos homes, i-unha color nas vacas.
I-a cidade —o mundo— decía: Mijail estame vendo tamén.

E seguía, seguían as horas, as estaciós, os séculos.

O mundo, porque alguén o miraba, seguía indo.

Pro un día calisquer cen Mijail morren

i-o mundo acaba, perdido, soio, sin que ninguén o olle
amorosamente, como é debido.

Álvaro Cunqueiro, por medio de A. Labrada, escribe un poema que podería entenderse como unha parodia do realismo social, movemento daquela hexemónico na poesía galega e que o supuña un autor marxinal e aburguesado, de pasado escuro e

franquista pola súa filiación aos medios de comunicación inscritos dentro da Prensa Nacional del Movimiento e ao partido Falange Española.

O esencial é, neste caso, o ocultamento. O feito de que o poema non figura en ningún caso dentro dos asinados polo epígrafe de Álvaro Cunqueiro, senón de Álvaro Labrada. Aínda que un círculo próximo soubese que se trataba dun pseudónimo do escritor, o certo é que este aínda contaba con outro subterfuxio. O feito de que supostamente existía un tal Decio Arveanu, poeta romeno, do que non facía máis que traducir un poema. De maneira que Cunqueiro fai unha piroeta con dobre rede, ficando seguro e en terceira fila a contemplar a manobra.

Mais o poema que Cunqueiro publica, neste xogos de máscaras e ocultamentos, non deixa de estar cargado de sentidos ocultos, en parte disimulados, en parte manifestos. Teñamos en conta que este é un poema que glosa a oposición entre o individual e o social e no que Cunqueiro, por medio do suposto tradutor Álvaro Labrada, toma partido pola dimensión social do humano. Pensemos que até 1967, logo do goberno de Chivu Stoica, non asume a presidencia do consello de ministros Nicolae Ceaușescu, que inicia unha política personalista, autárquica e ditatorial, que lle deparou no inicio a amizade de gobernos occidentais por promover a disolución do Pacto de Varsovia e criticar as intervencións soviéticas em Checoslovaquia e Afganistán en 1968 e 1979, respectivamente.

Mais as tensións de liderado entre dirixentes personalistas e socialistas xa se fixeran notar e mesmo constaban como un dos argumentos de peso por parte dos analistas occidentais á hora de mencionar as contradicións de certos réximes do socialismo real.

O tema é ben conciso. A morte dun home non implica só a desaparición dese home senón de todo o que ese home comporta como integrante dunha época e dunha sociedade. Por iso ese home que desaparece non vai só senón que leva no fardel unha chea de intanxibles (soños, risas, palabras, desexos, bicos, tristuras, amizades), que lle pertencen como individuo, mais tamén outros (aromas dun recuncho, horas de sol de inverno, cheiros, saúdos, discusións, argumentos, opcións ideolóxicas) que son do Outro que lle deu identidade. Para rematar no tópico de que sen humanidade non hai mundo, nin historia, nin natureza. Mesmo un certo eco do coidado (*Sorge*) heideggeriano nos versos finais, nese mundo que acaba tamén só, sen que "ninguén o olle amorosamente, como é debido".

A dicción, ao mesmo tempo, ten ese eco dos *Cantos* de Pound no que, á beira do exhaustivo da información que se nos ofrece, hai un ton coloquial, conversacional, que foxe do solemne e do pretendidamente literario. O mesmo ton que Cunqueiro vai impor á súa poesía final, en que a fondura dos temas elixidos vai acompañada de achegamentos verbais de espontaneidade contida, como se o poema agora fose concibido como residente na linguaxe común, da lingua do día a día, e non, precisa-

mente, na fala sagrada das grandes ocasións enunciativas. Este ton conecta co ton da antipoesía de Nicanor Parra e, por tanto, con toda a linguaxe do realismo social, manifestando unha vontade de estilo que non é debedora de ningún modelo de clasicismo, malia a presenza temática de temas universais e insolubles, como é o caso, agora, do dilema entre o social e o persoal, dúas caras da mesma moeda. Como dixemos páxinas atrás, o autor suxeito a un binarismo que contrapón o etnográfico e o popular contra o ontolóxico e persoal. O autor na súa dimensión social e amplamente comunicativa contra o autor na súa esfera máis íntima e reflexiva. E isto téndomos en conta que os dous polos que litigan nesta dialética non son conxuntos fechados e permiten en todo momento a inclusión do contrario, mesmo como un mecanismo implícito para desenvolver contrastes.

A primacía do enunciado e outros aspectos teóricos

Podemos entender, por tanto, como funciona o artificio cunqueiriano, se temos claro que o onomástico do autor é secundario e que o que prima sempre é o enunciado.

O mundo está cheo de enunciados, reais e posibles, discursos e relatos que circulan e que se van enchendo de sentidos vinculados á existencia, ben dun individuo, ben dun grupo de individuos, produto da intersección da cultura e do devir do tempo na historia. Foucault dixera aquilo de que “toda institución é unha forma de enunciación”. Todo cando está instituído, todo canto goza de estatuto ontolóxico, manifesta enunciados, produto dunha enunciación. Como dixera Kristeva, o autor é un artefacto moderno que manifesta sobre a linguaxe o mesmo comportamento que o colonizador sobre as terras e as riquezas das Indias. Nese dilema encóntrase un Cunqueiro que se sabe orixinal, dono dun discurso que o caracteriza, na medida en que ninguén máis ao seu redor produce enunciados semellantes, e que, ao mesmo tempo, sábese debedor, na medida en que a linguaxe sempre é do Outro.

Velaí algunhas das claves teóricas que subxacen no artificio cunqueiriano como o saber propio do relato:

A existencia é unha ficción enunciada nun discurso. Isto non quere dicir que a existencia non sexa real, e si meramente ficcional, senón que pola propia natureza do tempo e da linguaxe ninguén pode acreditar quen é ou deixa de ser se non é por medio dun discurso, quer falado, quer disposto como un conxunto de documentos que dean fe do que ten sido esa existencia. Na medida en que toda enunciación é xa unha ficción (Derrida) só o presente se me ofrece como incontrovertible. Todo o que non sexa presente é xa discurso e, por tanto, ficción. Da mesma maneira o Real só se me ofrece como presente xa que o Real pasado é xa Historia, ou sexa, relato, discurso e enunciado.

Haberá quen pense que estes nosos argumentos son intrincados e revirados de máis para un autor como Cunqueiro mais a verdade é que non facemos máis que irnos xuntando anacos, fragmentos que resultan sorprendentes, e que entendemos como marcas dese goce do síntoma do que falamos. Fronte a un Cunqueiro incardinado na travesía da fantasía, que nos dirixe na nosa propia viaxe polo imaxinario do mundo, estoutro Cunqueiro gozador do seu síntoma, particular, moi persoal, absolutamente íntimo.

Como neste artigo titulado “Con Sánchez en Montpellier”, publicado na revista *Destino* (García Liñeira, 2007), e onde se encontra co filósofo galego-xudeu Francisco Sánchez, precursor de Descartes, nado en Tui e logo emigrado a Braga. A mención do seu libro *Quod Nihil scitur, Que nada se sabe*, é motivo para desenvolver o tema da necesidade dos humanos de enganarse mediante ilusións.

Yo nací en Tui, viendo el Miño. Aquí les ando explicando la razón última, que nada se sabe. No lo quieren tragar, pero abren la boca cuando yo lleigo a esa frontera sutil en la que la naturaleza de las cosas se reduce a la única realidad de la palabra. Si no tuviéramos la palabra río, no tendríamos río. Los gallegos, gente escéptica por rutina, me comprenderéis mejor. (*El laberinto habitado*, 78).

E iso que sabe moi ben Cunqueiro, prestidixitador de ilusións e palabras, e por iso, como contraste, como contrapeso, asoma nel ese nihilismo, melancólico por veces, fondamente existencialista.

E velaí que Cunqueiro fía outro dos seus temas predilectos: a relación de estreito parentesco entre memoria e imaxinación. Os lapsos de memoria contaminados pola imaxinación e as fantasías ecoicas da memoria. Non convén esquecer, neste sentido, o primeiro dos parágrafos do Merlín (1955) onde o narrador, Felipe de Amancia, descúlpase perante o lectorado polo feito de ser vello e non ter a seguranza de que todo o que vai contar foi verdadeiramente vivido e non, por partes, froito da imaxinación. Esa enerxía psíquica que nos leva a lembrar o que non vivimos e a esquecer ou transformar o que certamente aconteceu.

Tal e como agora eu vou, vello i anugallado, perdido cos anos o lentor da moza fantasía, pónseme por veces no maxín que aqués días por min pasados na frol da mocidá, na antiga e longa selva de Esmelle, son soio unha mentira, que por ter sido tan contada e tan matinada na memoria miña, coído eu, o mintireiro, que en verdade aqués días pasaron por mín, i aínda me labraron soños e inquedanzas tales xeiras, como unha afiada trinchina nas máns dun vago e fantástico carpinteiro.

O Real, sempre inefable, tanto na súa versión presente como pasada, ollado desde esa lente da ficción da existencia convértese en Realidade. Por tanto, a Realidade é ficción e vivimos nunha ficción. E como tal ficción só existe na medida en que constitutiva dun relato. Como diría o propio Felipe de Amancia:

Verdade ou mentira, aquérs anos da vida ou da maxinación, foron enchendo cos seus fíos o fuso do meu espírito, i agora podo tecer o pano distas historias, novelo a novelo.

- 284 Nesa perspectiva da ficción da existencia, convertida en Realidade, é fundamental o papel que xoga a memoria como cerne da Cultura e da Historia. Así, Cunqueiro (1981, 22) sábese herdeiro dunha memoria que é constitutiva do seu propio suxeito, onde prende o discurso, que é sempre o discurso do Outro.

Louvado sexa Deus tamén por terme dado o don da fala nosa. Por terme ensinado a dicir rula e abidueira e dorna e ponte e fonte. E entón eu sabendo estas palabras era verdadeiramente dono da rula e da abidueira e da dorna e da ponte e da fonte.

Hai un feito ben significativo na biografía estética de Álvaro Cunqueiro que dá conta da importancia radical destes conflitos de índole estética. A publicación no mesmo ano de 1933 de dous libros antagónicos nas súas formas e no seu sentido: *Cantiga Nova que se chama ribeira* e *Poemas do Si e Non*. Esta antagonía bota ao mar de catro aspectos que se dirimían como alternativas nesas datas, como fronteiras de territorios limítrofes da poesía cara aos que esta podería conducirse como saída á súa crise.

Por unha banda Música fronte a Pintura, que non é un binarismo menor, na medida en que implica a substitución dun mecanismo de percepción por outro. Marshall McLuhan (2010) ten falado, como é sabido, sobre este feito como unha das mudanzas que operan na súa Galaxia Gutemberg.

Por outra banda, Sentimento fronte a Pensamento. Isto é, unha poesía máis inclinada a ser mostra textual dun sentimento co que isto ten de irracionalidade e de apelación a unha recepción semellante, e unha poesía máis inclinada ao pensamento, ao concepto, a un pracer que parte da cultura herdada, do coñecemento, e que invita á reflexión, fronte á mera percepción.

Seguramente esta sexa unha decisión, a de optar por unha poesía conceptual e dirixida máis á mirada e á imaxe (tanto na súa forma abstracta como gráfica), como é o caso de *Poemas do Si e Non*, fronte a unha poesía musical e sentimental, como é o caso de *Cantiga Nova que se chama Ribeira*, que redundará na aparición, despois da Guerra Civil española, da súa vocación narrativa. O mundo está cheo de deuses que falan. E a misión do poeta é a de escoitar esas voces. A idea bahtiniana da Heteroglosia e a concepción da narrativa da modernidade como un falar dos outros, na medida en que son os únicos propietarios lexítimos do falar, de todo falar.

Dirá Cunqueiro no Prólogo a *Os Outros Feirantes* (1979):

Decíalle entón, nunha carta ao Dr. García-Sabell que abría o tomo, si podía ser que aquela xentiña fose a un tempo inventada por min, ou tirada da realidade,

ou delambas cousas a un tempo. Eu retrataba ao minuto nunha feira, na feira galega, a esta xentiña de nós. Fíxenme tan amigo deles, que me doía deixalos nun caixón da miña mesa. Algún, cando eu o estaba inventando, —ou retratando, ou enxendrando, ou parindo—, tenme feito muita compañía. E a verdade é que cando van saír do meu faiado para un libro, a miña casa aparéceme como valeira. Como si toda a miña familia máis querida se tivese disolto no áer nun accidente imprevisto.

Volvendo á idea inicial, a existencia é unha ficción enunciada nun discurso e ese relato ficcional da existencia e da Realidade ten un suxeito gramatical que enuncia o discurso e a asume a responsabilidade de enumerar o que acontece.

O tema aparece en numerosas ocasións na obra de Cunqueiro, a primacía do Discurso sobre a Realidade e, aínda, a primacía do Soño, e por tanto do Imaxinario, sobre a Realidade. Como dicía Freud (1989) en 1900, na súa *Interpretación dos soños*, “o importante non é o que soñas, senón o que dis que soñas”.

Como dirá Sinbad, como reproche aos novos pilotos:

O pior, Sari, amigo meu, foi que me vin das naos de Melinde cando a xente comezou a descrer dos países que traguíamos en conversa os que andábamos polo mar. Agora tódalas novidades son por mapa e agulla, e os pilotos non saen da coarta levantada, que é como andar con bastón polas ruas de Basora, e non atoparás entre os pilotos do Califa de Bagdad un que seipa navegar por soños e memorias, e así non logran ver nada do que hai, do que é miragre e fermosura dos mares. Doado é decir que non hai Cotovías! (1999,18)

Tense falado longamente de que o Sinbad cunqueiriano é unha vindicación da fantasía ou, o que vén a ser o mesmo, do Imaxinario. E tamén unha crítica da destrución do suxeito pola irrupción do positivismo científico. Da máquina que se che achega ao Real inefable para decifralo e verter o seu sentido de verdade científica en linguaxe comprensible para os humanos fronte á fantasía da evocación e do percurso simbólico dos humanos. Sinbad é, sen dúbida, o soñador, o falandeiro, que é tanto como dicir o mentireiro, mais o que mantén viva a evocación das navegacións e das illas. Nese sentido poderíamos dicir que Cunqueiro fai súa a crítica do racionalismo implícita no pensamento de Henri Bergson, na medida en que prima a calidade fronte á cantidade, o tempo psicolóxico fronte ao tempo mensurable, en definitiva o que W. Benjamin definirá despois como “aura”. Esa mesma aura dos tesouros que aconsella procurar. E velaí a conexión íntima e moi fonda entre o soño e o tesouro:

e si soñaba, o que non acostumaba, rubíanlle os soños en verbas aos beizos, a pasearse. Si poidéramos vélas, de seguro que eran verbas de cores mui vestidas, escuma da memoria que Sinbad gastaba cada día, nova i eterna escuma do mar maior, esfarelada en doas relucintes polos ventos amigos que pasan cantando. (1999,66).

E a pregunta que deixa en suspenso é ben significativa: para que queremos os soños se non son vida?

286

Qué dice o Libro, Señor Alah, Profeta Mahoma, dos soños que escorren día a día do corazón do home? ¿Entraremos no Paraíso cos nosos soños? ¿Pra qué se nos dan si non son vida? ¿El non poderemos dormir xiquer no Paraíso valeiros, a alforxa valeira, a boca valeira? (1999,137)

Estamos diante da mesma perspectiva que subliña o pensamento estrutural na psicanálise. O animal escópico-invocante, o que mira e escoita, o que constrúe os obxectos da ollada e da voz, da ollada, que é o que non se ve, e da voz, que é o que se escoita entre palabra e palabra, e que cifra a conexión entre o plano do simbólico e o plano do imaxinario no que Lacan denominou o goce de sentido.

Se o significado está no plano da enunciación, o sentido está no plano do enunciado e preséntase sempre con atavíos continxentes, propios do ambiente de entropía en que se desenvolve a conciencia.

As interrogantes que abre a psicanálise sobre o Eu son compartidas nun artigo publicado en *Destino* a propósito do libro de Octavio Paz *El Mono Gramático*:

La lectura del libro de Octavio Paz es bien aleccionadora para quien tiene el oficio de escritor, por muy lejos que esté del budismo tántrico y del camino de Galta, un camino que, a fuerza de existir, hay que imaginarlo, para que de alguna manera le sirva de algo al que camina por él. De hecho, el gran problema es si tenemos una palabra que predique la realidad de «yo» y de «nosotros». Paz se pregunta si los ojos que miran lo que escribo, son los mismos ojos que yo digo que miran lo que escribo. «La palabra se extingue al pronunciarse y la sensación se disipa en la percepción». Supongamos que yo no creo que mi realidad más íntima está fuera de mí, ni que la realidad más allá de los nombres sea inhabitable. Es más, creo que la realidad de los nombres es una perpetua construcción, y que en el diccionario existe la palabra en la que yo puedo reclinar mi cabeza. Son innumerables las cosas que están al lado de los hombres, sólidas, expectantes, indiferentes al juego de los nombres, y recobradas siempre que usemos el nombre de la cosa.

(*El laberinto habitado*, 56)

Se comparamos o fragmento precedente con algúns dos fragmentos que se poden extraer do *Seminario 2* de Jacques Lacan, *O Eu na teoría de Freud*, de 1954-55, encontraremos paralelismos moi substanciosos. Lacan, que propuxo o “retorno a Freud”, sitúa, como Freud, o Eu como obxecto. “O Eu no seu aspecto máis esencial é unha función imaxinaria⁴⁰¹”. Levado polas esixencias do Isto (reservorio das pulsións

401 “*Je serai amené à vous dire concernant le moi: le moi dans son aspect le plus essentiel, le moi est une fonction imaginaire*”.

sexuais e de morte) e do Superego (unha instancia moral, basicamente conectada co Isto, de aí a súa gravidade nalgúns casos). Para Lacan, o Eu fórmase entre os 6 meses e o ano e medio de idade, período que el denomina Estadio do Espello. A finalización da formación do Eu coincide coa entrada no Edipo.

O Eu desempeñará funcións de control das pulsións, e do pensamento e da conciencia, así como do principio de realidade, diferenciándoo do principio do pracer, así como o desenvolvemento de certas defensas necesarias para a vida. Téñase en conta que o outro termo que utiliza Lacan é o Suxeito. Mais o Suxeito non é o Eu. O suxeito é irrepresentable, mentres que o Eu ten a súa representación. O Suxeito é o do inconsciente, o do desexo. E lembremos a fórmula lacaniana: "O Eu é o significante do suxeito suxeitado pola enunciación".

Cunqueiro le a Carlos Castaneda e o seu famoso *Don Juan*, testemuña de experiencias psicotrópicas a partir da inxesta de fungos que estimulan a formación de eus diferentes, de máscaras, de personalidades. Polémico libro de fundamento etnográfico de ampla difusión e lectura entre as xeracións do hippismo, o texto de Castaneda abonda no tema da identidade e da suplantación de identidades, non só entre humanos senón entre entes vivintes. Polémico por todo canto rodea ao propio autor e ás súas fontes así como ás experiencias relatadas logo do consumo de alucinóxicos, Cunqueiro observa con cautela e con distancia unha operación sobre a identidade que el levaba moito tempo practicando desde a perspectiva literaria.

El libro máis leído en estos días en los Estados Unidos es el último de los tres en los que el etnólogo de la Universidad de California Carlos Castañeda cuenta sus relaciones con el indio yaqui de Sonora llamado Juan Matus, o don Juan. Medio millón de ejemplares de *Las enseñanzas de don Juan: un camino yaqui del conocimiento*, y la portada de *Time* del pasado 5 de marzo, y seis páginas dedicadas a la experiencia del etnólogo. Durante diez años, Castañeda, o Castaneda, ha seguido las enseñanzas del yaqui intentando penetrar con él en la «separate reality», en la otra realidad del mundo del brujo. (*El laberinto habitado*, 69).

Catro pasos importantes

Podemos sinalar, a modo de conclusións preliminares, catro importantes pasos consecutivos que actúan de modo determinante neste proceso de produción literaria, de goce do Outro e de goce de sentido que están presentes no que denominamos denominación ou, simplemente, produción onomástica.

En primeiro lugar temos que ter en conta que ese suxeito está no plano da Enunciación e maniféstase nun Eu que está no plano do Enunciado. E, como dicía Lacan, o Eu é o significante do suxeito suxeitado pola enunciación.

En segundo lugar, cabe salientar que este Eu non é único senón múltiplo e tan innumerable como os enunciados que produza. De maneira que, en terceiro lugar, cada enunciado determinará un Eu que o ampare do mesmo xeito que cada enunciación esixe un suxeito.

Así que, finalmente, prodúcese un dobre mecanismo de reflexo: por unha banda, un Eu que ampara un enunciado e, por outra, un enunciado que determina un Eu.

O mundo cunqueiriano está cheo de deuses que falan e falan e emiten discursos sen fin e innumerables. O escritor, na súa carnalidade mortal, só pode recoller fragmentos e proceder a identificalos, ben co propio nome, cando a ese enunciado lle caiba formar parte cabal do discurso xeral do propio fantasma, ou cun novo significante que asume ou determina ese enunciado. E este numeroso grupo de significantes⁴⁰² que forman parte do enunciado xeral cunqueiriano, aínda que non do enunciado particular do autor Álvaro Cunqueiro, demóstranos que Cunqueiro, como Pessoa, séntese un home ocupado, un escoltador de voces que vertebran, a través dos seus enunciados e dos significantes empregados para identificalos, un verdadeiro sistema onomástico. Se en Pessoa hai un proxecto concreto de construción das voces principais, Álvaro de Campos, Alberto Caeiro, Ricardo Reis, Bernardo Soares, Cunqueiro carece dese proxecto e os significantes onomásticos que emprega.

Como ten sinalado X. H. Costas (2021, 42):

Deste xeito, entre pseudónimos e pseudoalófonos o número de máscaras onomásticas empregadas por Álvaro Cunqueiro aproxímase ao centenar de *personae* –no sentido etimolóxico de *máscaras*– un centenar de disfraces persoais empregados na súa obra. Uns son máis ou menos evidentes, nidios e recorrentes por estaren baseados na onomástica familiar ou na toponimia nativa sentimental do mindoniense (Moirón, Seoane, Labrada, Masma, Bretoña, Miranda etc.), sobre todo moitos pseudónimos, outros xa están contrastados e confirmados por diversos autores e algúns máis como de moi probable adxudicación ao noso escritor.

402 Al-Faris ibn Jaquim al-Galizi; Álvaro Cunqueiro / Cunqueiro / A.C. / C. Álvaro Labrada / Labrada / A.L. / L.; Ariel García; Benito Moirón; Benito Sar; Berit Wöxstrom; C.M.; Carlos Sobrado; César Cunqueiro; Claudina do Xardín / Claudina Jardín Cristóbal Jordán / Cristóbal Xordán / C.X. Daniel Berenguer / D. Berenguel / D. Berenguer; Felipe Arteaga Masma; Felipe de Amancia; G.R.; Jacques & M.C.; Manuel Bretoña / M.B.; Manuel Dafonte; Manuel (María) Seoane / M. M.a Seoane7 / M. María Seoane / M.S. Marcos Novo; Marcos Tapley / Mark Tapley; Matías Loederer Max Hastings; Patricio Mindonio; Patricio Mor / Patricio Moro / P. Mor / Patricio & / Mor / P.M.; Pedro Mateo; Pedro Miranda; Pedro Seoane; S.L.; S. Seoane / Seoane / S.S.; V.R.S.; X.C.; Xoán Berenguer / X. Berenguer / Berenguer; Decio Arveanu; Phyllis Mac Calvert; John Stephan O'Toole; Ernie O'Berendy; E. Carven-Smuts; Palaic O'Mahorty; Enzo Rude; Phyllis Mac Calvert; Enzo Carletti da Murona; Erik Von Moellede; Phyllis Mac Calvert; Paola Simonnelli; Piera Germani; Elianu Ardeanu; Carlo da Marjolana; Enzio Buoncompagni; Peter Isaak; Giorgio Cantalupo; Robert Pitney; Piotr Lanzcinsky; Emy Stuart-Clowdell; John Hahne-Milton; Phyllis Mac Calvert; Donald Dale-France; Anton Andreanu; Phyllis Mac Calvert; Elías Ben Rosash; Oddie Ramsay; Vittoria Merlino; Patrick Hill s.a.; John Lennox s.a.; Annie Crossband; Clarence S. Marshall s.a.; Harry Price; Jan Van Vitt; Jan Van Vitt; Pat Paterson; Stephen Allwright; Enrie Waldsor; Enrie Waldsor; Harold M. Saville; Ellen A. Kramer.

E regresemos por un momento ao declarado por Cunqueiro nun artigo de Destino do que xa demos conta aquí. Aquel escrito a propósito do libro de Octavio Paz *El Mono Gramático*:

Supongamos que yo no creo que mi realidad más íntima está fuera de mí, ni que la realidad más allá de los nombres sea inhabitable. Es más, creo que la realidad de los nombres es una perpetua construcción, y que en el diccionario existe la palabra en la que yo puedo reclinar mi cabeza. Son innumerables las cosas que están al lado de los hombres, sólidas, expectantes, indiferentes al juego de los nombres, y recobradas siempre que usemos el nombre de la cosa. 289

(*El laberinto habitado*, 56)

Cunqueiro parece manexar unha intrincada mística do onomástica. Fala, en principio, dunha realidade que denomina a “realidade dos nomes” e que considera a súa “realidade máis íntima” e sobre ela manifesta unha crenza: que esa realidade está en perpetua construción. Ese Mono Gramático que glosa, a propósito do libro de Octavio Paz, é certamente un Mono Onomástico, un mono denominante, e o seu principal oficio non é outro que denominar as cousas, que xacen na distancia do real indiferentes. Cunqueiro sería por tanto un Homo Onomasticus, tanto como dicir un poeta, destinado a darlle nome ás cousas. Hai, por tanto, unha poética da denominación, unha poética consciente de escoita e observación do mundo (o mundo é o que acontece, dixera Wittgenstein) para proceder a denominalo, un proceso tan infinito e delongado como o propio tempo.

Poderíamos concluír, por tanto, que Cunqueiro móvese dentro do que definiríamos como poética do enunciado, que é o resultado dunha escoita activa, escoita dunha enunciación e dun enunciado percibidos, e activa na medida en que remite á construción dun significante que designe ao enunciador. Lévese a cabo dese modo un triplo percurso:

1. O enunciado percibido evidencia un modo de enunciación.
2. Enunciado e enunciación conducen a un enunciador posible.
3. Xérase un significante que designa a ese enunciador.

Proceso que podemos comprender como unha alternancia de situacións pasiva e activa.

- l) Situación pasiva, de percepción e escoita:
 - (1) Percepción dun enunciado.
 - (2) Percepción dunha enunciación.

II) Situación activa, de produción significativa:

(3) Creación dun significante, nome do autor.

(4) Creación dos condicionantes diexéticos e existenciais dese autor.

290

Podemos entender, así, que, neste modo da escrita cunqueiriana, é o enunciado quen constrúe ao enunciador, como se estivese a seguir a pauta disposta pola psicanálise estruturalista de entender o Eu como "o significante dun suxeito suxeitado pola enunciación". Quérese dicir que o Eu é continxente e variable e deriva sempre dun suxeito, o sub-iactum, o que xace por baixo, dependente da enunciación. Porque ese Eu é sempre significativo e depende dun suxeito suxeitado, limitado, castrado, pola enunciación. É a enunciación a que limita e determina o suxeito que asoma no Eu. O límite e o termo, a castración, dese suxeito vén definida pola enunciación.

Regina Zilberman (2014,71-72)⁴⁰³ ten tentado explicar esta singularidade do modelo cunqueiriano aducindo a súa filiación ao denominado realismo máxico. Entende a partir de Todorov que hai tres posibilidades de incluír dentro do relato o que denomina acontecemento extraordinario: racional, marabilloso e fantástico. E descrimina a posibilidade de aplicar a Cunqueiro a categoría de umheimlich sinalada por Freud. E, certamente, podemos concordar en que non hai estrañeza nas denominacións de Cunqueiro senón, máis ben, familiaridade, recoñecemento, un achegarse aos obxectos da súa denominación desde a cordialidade de seren incluídos na propia lingua.

403 "Todorov, em seu livro, configura três categorias básicas, a partir das quais estabelece sua tipologia: o estranho, o fantástico e o maravilhoso. As diferenças dependem do modo como uma obra de ficção expõe o «acontecimento extraordinário», em princípio inexplicável, que a posiciona —ou não— no âmbito da literatura fantástica. O fato incomum, segundo Todorov, produz necessariamente uma «hesitação», experimentada tanto pelas criaturas ficcionais como pelo leitor. A partir daí, patenteiam-se três possibilidades, determinando as distinções entre as categorias básicas:

- O «acontecimento extraordinário» explica-se racionalmente, de que emerge o estranho.
- O «acontecimento extraordinário» não perde o caráter de sobrenaturalidade, mas é aceito conforme a lógica reinante entre as figuras ficcionais; neste caso, como ocorre entre contos de fadas e narrativas populares, vigora o maravilhoso.
- A terceira alternativa não se decide por nenhum dos dois caminhos. Conforme Todorov, «há um fenômeno estranho que podemos explicar de duas maneiras, por tipos de causas naturais e sobrenaturais. A possibilidade de hesitar entre as duas cria o efeito fantástico» (p. 30) —eis a autêntica literatura fantástica.

A associação entre o maravilhoso e o conto de fadas não é arbitrária. Data do mesmo período a tradução, para o francês, da *Morfologia do conto*, de Vladimir Propp (1895-1970), que lida com narrativas populares russas, doravante conhecidas também como «contos maravilhosos», conforme é designado, na edição brasileira, o material com que trabalha o pesquisador soviético.

Por sua vez, o «estranho» tinha sido objeto de investigação de Sigmund Freud (1856-1939) em direção diferente e mais complexa da que estuda Todorov. O ensaio, de 1919, questiona o significado do umheimlich, aquele que é assustador, provocando medo e horror, uma espécie de terror sem a piedade à que se refere Aristóteles (384-322 a. C.), para explicar, na Poética, a singularidade da catarse".

Así na "CARTA QUE O AUTOR MANDÓU AO DR. DOMINGO GARCÍA-SABELL CANDO ORDEABA ISTE LIBRO" que encabeza *Xente de aquí e de acolá* (1971) Cunqueiro manifesta:

Meu querido Domingo: Una vez ti escribiche de min que eu chegaba a onde estabas, e acaroábame a ti ou a outros, e somellaba que eu viña de mui lonxe, algo desnortado, e tardaba en decatarme que ti eras ti, e tamén onde me atopaba. Cando ti o dixeches, algo moito haberá de verdade nélo. Pois ben, eu poderla decirche que viña de estar con estes, dos que conto nas páxinas que siguen. Agora ben, houbo estes, hainos? Podería alguén contestar, súpito, que non os houbo nin os hai, xa que eu tiréinos do meu maxín. E o tal daría por sentenciado o pleito, procoido que ti non, e eu tampouco. Por iso che poño istas letras, pra que me axudes, non soio a inquirir si houbo estes ou non os houbo, senón tamén si están ou non están parecidos nas fábulas miñas. Eu quero saber si él hai moita diferenza entre o vivo e o pintado, ou máis craro aínda: si estes de meu son ou non son galegos, e que é o que predicán do galego, si é que son dista nación. 291

Tamén no prólogo a *Os outros feirantes* (1979) podemos ler:

Este fato de retratos son continuación de outros que din fai uns anos no meu libro *Xente de aquí e de acolá*. Decíalle entón, nunha carta ao Dr. García-Sabell que abría o tomo, si podía ser que aquela xentiña fose a un tempo inventada por min, ou tirada da realidade, ou delambas cousas a un tempo. Eu retrataba ao minuto nunha feira, na feira galega, a esta xentiña de nós. Fíxenme tan amigo deles, que me doía deixalos nun caixón da miña mesa. Algún, cando eu o estaba inventando, —ou retratando, ou enxendrando, ou parindo—, tenme feito muita compañía. E a verdade é que cando van saír do meu faiado para un libro, a miña casa aparéceme como valeira. Como si toda a miña familia máis querida se tivese disolto no áer nun accidente imprevisto.

É sabido que Cunqueiro no reparto de papeis de Hamlet modifica os nomes dos personaxes, tal e como foran denominados polo dramaturgo inglés. A raíña, que en Shakespeare se chama Gertrudis, aquí se chama Gerda; o rei asasinado, Olaf ou, simplemente, o rei vello, e o asasino e sucesor no trono, que en Shakespeare é Claudio, aquí se chama Halmar. Hai, tamén, un personaxe denominado Polonio, pai de Laertes e Ofelia, aínda que Ofelia xoga aquí un papel menor, case como unha referencia lírica. Hai, tamén, un Coro, como na traxedia grega, inexistente en Shakespeare.

No prólogo *d'O incerto señor don Hamlet, príncipe de Dinamarca*, escrito en 1958, lemos (o salientado é meu):

Hai moito tempo que andan polos teatros as dúbidas, tamén os medos, e a cruel morte de Hamlet. Hai, para o espectador, por dicilo dalgunha maneira, uns supostos hamletianos. Isto, e todo o que teño gustado del, oíndo en Shakespeare

como falaba nas estancias de Elsinor, faime preferir para a miña pregunta e a miña resposta, o vello **nome**, a antiga escena, a un **nome** e unha escena tirados do meu maxín.

- 292 O onomástico, por tanto, ten para Cunqueiro un poder especial, como se ese significativo e o relato que brota da súa enunciación fosen unha adaptación, unha corrección da "distancia estética" de Jauss (2000) para construír a súa transposición genettiana (*Palimpsestos*, 1989).

María Xesús Nogueira (2005, 261) reflexiona sobre este papel dos nomes en Cunqueiro, mencionando unha carta do autor ao seu editor, Fernández del Riego, a propósito da importancia que para el tiña a inclusión dun índice de personaxes no final do *Merlín e familia*, mesmo coa intención de transgredir o modelo de índice onomástico convencional.

Quero que o "índice onomástico" seña unha cousa ampla. Incluso con noticias de personaxes e países que non van no texto. Por exemplo: "sobriño de Liaño, O". Foi á botica de Meira a mercar a triaca propósita e as píldoras de mel sedativo para mosiú Simplom. Era troiteiro sonado, e foi barqueiro en Ansemar. Morreu de consumeiro en Lugo, casado cunha portuguesa que fora pupila da Valenciana. Ou "Gaula, Reino de". Insula do mar aberto, onde puxo a coroa don Amadís, e agora é parte segreda do perdido imperio de Bretaña (1991a: 157-158).

Son moi numerosos os relatos que especulan co poder implícito das palabras. De feito, poderíamos dicir que toda a serie de relatos incluídos en *Os outros feirantes e Xente de aquí e de acolá* son variacións sobre o tema de denominación, como ben o testemuñan os títulos da maioría dos relatos. Xosé Liñeirás, Marcelino Pardo, A tía Remedios, Louro de Parentes, Amadeo de Sabres, etc.

Un día o cabalo díxolle a Alberte que non lle non gustaba que lle chamasen Moro, e que millor sería que lle buscarse un nome máis decente, aínda que fose francés. Alberte consultou cun mestre de Muros, mui amigo de seu, e este díxolle que lle chamase ao seu Moro simplemente como lle chaman aos cabalos en Francia. Que lle chamase Cheval. Ao cabalo pareceulle ben, aínda que murmuraba que quizaves ao nome deberan seguir dous apelidos. Por consello do cabalo, Alberte foille decindo aos veciños que o seu cruzado de percherón e mourisco, xa non se chamaba Moro senón Cheval, e que fixesen o favor de tomar nota do cambio. A todos os efectos, decía Cheval.

O caso singular de Tristán García n'Os *Outros Feirantes* merece unha atención particular. Trátase dun mozo labrego, de nome Tristán, que vai cumprir o servizo militar e, xa no cuartel, descobre a existencia dunha tal Isolda que, segundo a lenda, sería a súa amada. Un sarxento menciónalle a existencia dunha Isolda que vive en Tordésilas. Tristán decide ir visitala e, cando chega, encontra unha vella que vende churros.

O diálogo final non ter desperdicio:

- Isolda, son Tristán.
- Tarde chegaches.

Vemos, pois, como para Cunqueiro o onomástico, o nome aplicado a un ente específico, é totalmente determinante. Constitúe unha guía da súa posible historia, do seu particular relato. Se somos enunciación, o noso onomástico constitúe unha declaración de primeira magnitude, cifra do que somos, algarismo e critograma dunha mensaxe na que está escrito o enunciado da nosa existencia. Tristán sábese Tristán e non renuncia ao seu destino, por máis que este sexa, como non podía ser doutro xeito, persoal e singular. E saberse Tristán radica no poder do onomástico, cabo dun fío do que tirar en termos de relato, de enunciación dun imaxinario. E volvamos ao dito por Foucault: toda institución é un unha forma de enunciación. Un narrador do poderío de Cunqueiro non podía ser alleo a esta verdade.

Tamén na revista número 1277 da revista *Destino*, do 27 de xaneiro de 1962 publicou un artigo titulado “Los buscadores de tesoros” onde segue a súa especulación sobre o poder máxico das palabras asociado á busca de tesouros.

El país gallego es un país de tesoros escondidos, y esto se sabe sin necesidad de leer *El Ciprianillo* y oyendo solamente a las gentes en las aldeas. El otro día, dando un paseo por los alrededores de Vigo, me señalaron unas rocas en el medio de un verde pastizal, y me dijeron que allí había un tesoro oculto y que bastaba con decir la palabra secreta para que el moro guardador entregase siete cestas de oro. El moro es visto con frecuencia, especialmente en abril y mayo. Acaso, como Ginz, el del tesoro renano, guste de salir a escuchar la oropéndola. El del tesoro de Carracido se sienta en la roca y tira al aire, jugando, su bonete amarillo. Nadie sabe la palabra que le obliga a regalar el tesoro y que lo libera de la guarda. La palabra parece que no tiene más vocales que la a, como «abracadabra», y es capicúa. Cuando un moro —aquí todos los tesoros los guardan moros, excepto los que están en lagunas, que ésos los cuidan hadas— ha dado el oro y las piedras preciosas a alguien, pasea por el país, ofreciéndose en las horas nocturnas a los ricos para custodio de sus ahorros y joyas. Se les conoce en que parpadean de abajo arriba y en que tienen córneo el borde de las orejas.

As palabras, por tanto, son tesouros e, tamén, están implícitas nos tesouros porque serven para liberalos, para darlles sentido e podermos comunicar con eles. Os tesouros do Real, á espera de seren denominados para entrar na linguaxe e no coñecemento dos humanos. Porque nada existe mentres non teña un nome. Porque nada adquire consistencia ontolóxica mentres non sexa denominado. Porque non hai ente sen nome, e nada se institúe, adquire categoría de institución, en termos ontolóxicos, sen a mediación da linguaxe. Fronte á quebra da alianza entre a linguaxe e o mundo, motivo reiterado da modernidade, Cunqueiro reivindica a refundación desa alianza.

Se Saussure sinalaba a relación arbitraria entre significado e significante, Cunqueiro asume que o goce de sentido, definido por Lacan, o espazo compartido polos campos do simbólico e do imaxinario, é quen vertebra a construción da realidade. Somos unha fantasía, unha loucura que conseguiu interactuar co mundo. Que o mundo estea aí, iso é o místico, dixera Wittgenstein.

Conclusións

O Cunqueiro lúdico, máxico e irónico convive co Cunqueiro teórico, conceptual e existencialista formando unha unidade de creación ficcional que unhas veces se inclina cara ao primeiro (*Tesouros novos e vellos*) e outras cara ao segundo (*O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca*) ou convive noutras obras nunha mestura de difícil distinción con maior ou menor peso de cada un dos dous polos.

Temos, deste xeito, un Cunqueiro que realiza a Travesía da Fantasía e outro Cunqueiro que goza o seu síntoma. O Viaxeiro Fantasía e o Gozador/Decifrador do Síntoma. O primeiro comprácese, celebra, imaxina, responde. O segundo angústiase, bota en falta, reflexiona, pregunta. O primeiro cifra. O segundo decifra.

Cabe entender que Cunqueiro pertence á xeración do existencialismo en Galicia (Celestino Fernández de la Vega, Juan Rof Carballo, Domingo García Sabell, Ramón Piñeiro...) que se ocupou de pensar Galicia desde o novos presupostos que saían do pensamento de Heidegger e a Fenomenoloxía, primeiro, e de Sartre e Camus, despois, e foi íntimo amigo da maioría dos seus compoñentes. De maneira que se temos en conta o desenvolvemento intelectual do mindoniense, ao tempo que ía producindo a súa obra, concluiremos que, non tendo no pensamento filosófico o seu centro de produción intelectual, mantivo toda a súa vida un intenso diálogo, descrito nos epistolarios, coas mellores mentes da súa xeración. E esas cabezas pensantes interesáronse moito tamén polo seu traballo e pola súa produción literaria, chegando a redactar paratextos fundamentais para entender as condicións da súa mirada.

Ademais, cabe entender que, desde a perspectiva existencialista, como é doado entender vendo a produción literaria de Sartre, de Simone de Beauvoir, de Camus, a ficción narrativa estaba incluída dentro das posibilidades de expresión da filosofía, de maneira que un literato podía ser considerado un filósofo en función dos temas que formulase e do seu acerto á hora de tentar darlle sentido. E non cabe a menor dúbida de que unha parte importante da intelixencia da escrita literaria cunqueiriana radica xustamente aí, o que vai en paralelo co seu interese polo mito, polos grandes temas e personaxes do imaxinario, pola visita reiterada aos clásicos.

Cunqueiro, por outra parte, como é doado de entender ao ver a súa relectura de Hamlet, de Orestes, de Ulises, de Sinbad, de Merlín, entre outros, leva a cabo transposicións genettianas que van alén da reelaboración espazo-temporal e afectan aos

argumentos, aos personaxes presentes, á trama, salferindo, ademais, cada un destes novos percursos de declaracións poéticas, de ironías, de erudición (falsa ou verdadeira), de renovación histórica. Como dixemos páxinas atrás, citando a Deleuze, o mito non existe mais insiste. E este insistente mítico que é Cunqueiro, este mitógrafo irónico, pertence a esa segunda voz, que denominamos Gozador/Decifrador do Síntoma, por máis que tamén poida implicar ao Viaxeiro Fantasía.

A observación curiosa da psicanálise que Cunqueiro mantén durante toda a súa vida, e que podemos facer partir dos seus vinte anos, toda vez que o seu libro surrealista, *Poemas do si e non*, é de 1933, cando o mozo cumpría vintedous anos, ten feito pensar a evolución cunqueiriana como adscrita ao modelo jungiano e á posterior Escola de Eranos e a súa prolongación na denominada Mitocrítica. Mais o certo é que este modelo lévanos directamente ao que denominamos Travesía da Fantasía, algo que o mindoniense sabe separar moi bem do Gozador/Decifrador do Síntoma.

Esa especie de psicanálise sen transferencia posible que realiza co personaxe de Hamlet sitúanos a Cunqueiro radicalmente distante dos postulados jungianos. E nunha liña na que, por veces, hai ecos dos postulados do estruturalismo e de Lacan. A primacía do significante, o estadio do espello, a construción do Eu como Outro. O Real, inefable, o Simbólico, presente na linguaxe, e o Imaxinario, redundan na comprensión do autor e da autoría dun xeito inhabitual para os seus contemporáneos. Autoría e apocrafía xorden, así, como atitudes de modernidade suxeitas á coherencia do enunciado. Nesa coherencia o autor só pode ser un apócrifo. Así, a autoría só é unha operación fantasmática e espectral da mesma categoría que a apocrafía. "O poeta é um fingidor", dixera Pessoa. O autor é un finxidor, parece dicirnos Cunqueiro. Porque o autor só pode ser o Outro.

De maneira que o escritor, aquel condenado a gañarse a vida pola mediación da linguaxe, nese hamletiano dubidar, ser ou non ser, é un Hamlet herdeiro da historia e da cultura, obrigado a vingar un pai morto apócrifo; un Cristo, fillo de Deus, sen Edipo posible.

Podemos entender, por tanto, como funciona o artificio cunqueiriano, se temos claro que o onomástico do autor é secundario e que o que prima sempre é o enunciado.

Se a existencia é unha ficción enunciada nun discurso, na medida en que toda enunciación é xa unha ficción (Derrida) só o presente se me ofrece como incontrovertible, xustamente o presente que non pode ser escrito e lido ao mesmo tempo. Porque o lector está sempre condenado a litigar con enunciacións do pasado, toda vez que non hai posibilidades dunha escrita-lectura en tempo real, sendo ese tempo real o puro presente.

Sendo o mundo un caos de enunciacións, de infinitos discursos, e sendo cada enunciación o sinal dunha institución a gozar dun estatuto ontolóxico, o "todo significa"

de Heráclito e “o mundo é o que acontece” de Wittgenstein, lévanos a pensar que en cada enunciación hai unha autoría.

296 Cunqueiro está por tanto moi perto do Pessoa dos heterónimos e do Borges de Pierre Menard, como tamén o está de Roland Barthes ou de Kristeva, teorizadores da morte do autor.

Referencias bibliográficas

Casares, Carlos (1998): *Un país de palabras*, Vigo: Galaxia.

——— (2006a): *Un país de palabras*, Vigo: Galaxia.

——— (2006b): *Un país de palabras*, Vigo: Galaxia.

Castro Buerger, Iago (2005a): “Unha visión sistémica das traducións de Cunqueiro no Faro de Vigo”, *Viceversa, Revista galega de traducción.*–, 23–49.

——— (2005b): “Unha visión sistémica das traducións de Cunqueiro no Faro de Vigo”, *Viceversa, Revista galega de traducción.*–, 23–49.

Costas González, Xosé Henrique, e Iago Castro Buerger (2011): “Poemas esquecidos de Álvaro Cunqueiro anteriores a 1933”, *Grial, revista galega de cultura.*–, 134–39.

Cunqueiro, Álvaro. 194DC. *Balada de las damas del tiempo pasado*, Madrid: Alhambra.

——— (1932): *Mar ao norte*, Santiago de Galicia: Nós.

——— (1965): *El camino de Santiago*, Vigo: Faro de Vigo.

——— (1969): *Un hombre que se parecía a Orestes*, 4a ed., Barcelona: Destino.

——— (1971): *Xente de aquí e de acolá*, Vigo: Galaxia.

——— (1974): *Don Hamlet e tres pezas mais*, Vigo: Galaxia.

——— (1981): “Álvaro Cunqueiro no homenaxe de Vigo”, *Encrucillada, Revista galega de pensamento cristián* 5 (22): 20–21.

——— (1983a): *A cocíña galega*, Vigo: Galaxia.

——— (1983b): *Vida y fugas de Fanto Fantini della Gherardesca*, 1a ed. en Destinolibro. Barcelona: Destino.

——— (1984): *Flores del año mil y pico de ave*, 1a ed., Barcelona: Seix Barral.

——— (1988): *O incerto señor don Hamlet, Príncipe de Dinamarca*, 6a ed. Vigo, Galaxia.

——— (1990): *El año del cometa con la batalla de los cuatro reyes*, 2a ed., Barcelona: Destino.

——— (1991): *Os Outros feirantes*, 6a ed., Vigo: Galaxia.

——— (1999): *Si o vello Sinbad volvese ás illas*, 1a ed. Santiago de Compostela: IGAEM.

——— (2003): *Dona do corpo delgado*, Vigo: Galaxia.

Cunqueiro, Álvaro, Luis Alonso Girgado, Lorena Domínguez Mallo, e Anastasio Santos Iglesias Blanco (2013): “Los otros rostros” (1975-1981) en “Sábado Gráfico” (Madrid, 1956-1983), 1a ed., Santiago de Compostela: Follas Novas.

- Cunqueiro, Álvaro, Iago Castro Buerger, e Xosé Henrique Costas González (2017): *No obradoiro do fabulador: artigos en lingua galega: Faro de Vigo, 1963-1971*, 1a ed. Vigo: Galaxia.
- Cunqueiro, Álvaro, e Xosé Henrique Costas González (1991): *Herba aquí ou acolá*, Vigo: Galaxia.
- Cunqueiro, Álvaro, e Xosé Henrique Costas González, e Iago Castro Buerger (2011): *Dona do corpo delgado: Herba aquí e acolá; Outros poemas*, Vigo: Galaxia.
- Cunqueiro, Álvaro, e Dolores Vilavedra Fernández (2003): *Cartas ao meu amigo: epistolario mindoniense a Francisco Fernández del Riego, 1949-1961*, Vigo: Galaxia.
- Cunqueiro, Álvaro, e María García Liñeira (2007): *El laberinto habitado: los artículos de Álvaro Cunqueiro en Destino (1961-1976)*, 1a ed., Vigo: Edicións Nigra Trea.
- Cunqueiro, Álvaro, e Domingo García-Sabell (1981): *Escola de menciñeiros e fábula de varia xente*, 4a ed., Vigo: Galaxia.
- Cunqueiro, Álvaro, e Xesús González Gómez, orgs. (1991): *Flor de diversos: escolma de poetas traducidos*, Vigo: Galaxia.
- Cunqueiro, Álvaro, e Xohan Ledo (1956): *As crónicas do Sochantre*, Vigo: Galaxia.
- Cunqueiro, Álvaro, e María García Liñeira (2007): *El laberinto habitado: los artículos de Álvaro Cunqueiro en "Destino" (1961-1976)*, Nigra Trea.
- Cunqueiro, Álvaro, e Néstor Luján (1986): *Fábulas y leyendas de la mar*, 3a ed., Barcelona: Tusquets.
- Cunqueiro, Álvaro, e César Antonio Molina (2002): *El pasajero en Galicia*, Barcelona: Tusquets.
- Cunqueiro, Álvaro, e Dorinda Rivera Pedredo (2001): *Alvaro Cunqueiro: 100 artigos*, A Coruña: La Voz de Galicia.
- Cunqueiro, Álvaro, e Ramón Nicolás Rodríguez (1994): *Entrevistas a Cunqueiro*, Nigra Trea.
- Deleuze, Gilles (1989): *Lógica del sentido*, Barcelona [etc.]: Paidós.
- (2002): *Diferencia y repetición*, Buenos Aires: Amorrortu.
- Fernández del Riego, Francisco (2007): *Álvaro Cunqueiro Mora: escritor*, Vigo: Ir Indo.
- Forcadela, Manuel (2005): *Diálogos na néboa, Álvaro Cunqueiro e Ramón Piñeiro na xénese da literatura galega de pós-guerra*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Secretaría Xeral de Política Lingüística: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.
- (2006): "A serea grega e o relato da castración en Alvaro Cunqueiro", *Anuario de estudios literarios galegos.*—, 7–27.
- (2008): "Do autor como feitizo e como fetiche", *Hesperia: anuario de filología hispánica.*— 11: 43–66.
- (2009): *A mecánica da maxia: ficción e ideoloxía en Álvaro Cunqueiro*, Vigo, Galaxia.
- (2011): "Novas razóns para ler o poeta Álvaro Cunqueiro", *Grial: revista galega de cultura.*—, 17–25.
- (2013): *Dama saudade e o Cabaleiro sombra: as relacións entre o imaxinario literario e o imaxinario nacional na literaturagalega contemporánea*, Berlin: Frank & Timme.
- Forcadela, Manuel, Teresa López, e Dolores Vilavedra Fernández (2014): *Mil e un Cunqueiros: novas olladas para un centenario: do 28 de setembro ao 1 de outubro de 2011*, Consello da Cultura Galega.
- Genette, Gérard (1989): *Palimpsestos: la literatura en segundo grado*, Madrid: Taurus.

———(1991): *Fiction et diction*, Paris: Éditions du Seuil.

Jauss, Hans Robert, Juan Godó Costa, e José Luis Aristu (2000): *La historia de la literatura como provocación*, Barcelona: Península.

298 McLuhan, Marshall, Darío Villanueva, e Manuel Outeiriño (2010): *A galaxia Gutenberg: a creación do home tipográfico*, Santiago de Compostela [Madrid]: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico ; Fundación BBVA.

Nogueira, María Xesús (1993): *Os Outros feirantes, Álvaro Cunqueiro*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.

———(2009): *Soñadores e familia: os personaxes na narrativa de Álvaro Cunqueiro*, 1a ed., Santa Comba (A Coruña): tresCtres.

Rivera Pedredo, Dorinda (2009): *De Dante a Cunqueiro*, Bertamiráns (Ames): Laidvento.

Sánchez, Francisco, Sergio Rábade Romeo, José María Artola, e Francisco Pérez López (1984): *Quod nihil scitur*, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, CSIC.

Zilberman, Regina (2014): “Álvaro Cunqueiro, José J. Veiga e a literatura fantástica”. Em *Mil e un Cunqueiros: novas olladas para un centenario : do 28 de setembro ao 1 de outubro de 2011, 2014*, págs. 69-88, 69–88, Consello da Cultura Galega.

II Edad Moderna y Contemporánea

Morrer de soidade: unha investigación etimolóxica sobre as voces *morriña* e *saudade*

Benigno Fernández Salgado

Saudade minha,
quando vos veria?
Este tempo vão,
esta vida escassa,
para todos passa,
só para mim não.
Os dias se vão
sem ver este dia
quando vos veria.

(Luís de Camões, 1595. R, 1993, p. 4)

¡Partid, y Dios os guíe!..., pobres desheredados,
para quienes no hay sitio en la hostigada tierra;
partid llenos de aliento en pos de otro horizonte,
pero... volved más tarde al viejo hogar que os llama.

(Rosalía de Castro, 1884. OC, II, 1994, p. 491)

1 Introducción

A morriña, a melancolía de quen está lonxe da súa terra. A saudade, a nostalxia do que se perdeu ou se bota en falta e o desexo de recuperalo. Estas serían as miñas definicións preliminares destas dúas voces en relación cos sentimentos que me suxiren. A idea desta contribución é revisar as etimoloxías defendidas para elas e xusti-

ficar o desenvolvemento diacrónico dos cambios que puideron darse tanto na forma coma no significado ata o seu actual estado.

300 Son consciente de que definir usando sinónimos, como acabo de facer, entraña máis problemas dos que soluciona. "Melancolía" e "nostalxia" son cultismos tirados do grego e transmitidos a través do latín. Segundo se relata no OED, a orixe da primeira é o latín tardío *melancholia* (do grego *melankholía* "tristeza", literalmente "bile negra", formado a partir de *melas* (xenitivo *mélanos*) "negro" (véxase melano-) e *kholé* "bile", usada con ese sentido no inglés xa a mediados do s. XIV.⁴⁰⁴ A de *nostalxia* ten igualmente unha base erudita e mesmo se sabe o ano en que se cuñou, 1688, nunha disertación da universidade de Basilea, cando Johannes Hofer (1669-1752) pretendeu traducir o alemán *Heimweh* (gal. *morriña*, port. *saudade*, ing. *homesickness*)⁴⁰⁵ ó latín. *Nostalgia* foi cuñada a partir do grego *algos* "dor, pena, angustia" (véxase -algia) + *nostos* "regreso á casa, volta, retorno" relacionado con *néomai* "chegar a algún lugar, volver ó fogar, voltar").

A etimoloxía é a ciencia que estuda a orixe das palabras, ou como explica Brucker (1988), "a relación formal e semántica que liga unha palabra a outra unidade que a precedeu historicamente e da que deriva". Isto é exactamente o que nos ofrece o parágrafo anterior sobre dúas palabras eruditas de uso corrente en moitas das linguas europeas actuais. Os cultismos son fáciles de explicar porque é fácil documentar a súa historia e o seu uso; as voces populares ou patrimoniais entrañan xeralmente máis problemas etimolóxicos, tanto respecto da evolución formal como semántica. Segundo nos advirte Leo Pap no seu "On the Ethymology of Portuguese *saudade*", que sintetiza en 1992 o estado da cuestión, a voz *saudade* é unha das palabras portuguesas máis discutidas nos estudos de filoloxía portuguesa. Tamén é palabra "galega" como se pode verificar nos dicionarios galegos e a BILEGA, a Biblioteca de Lingüística Galega, recolle ata 16 rexistros de contribucións sobre ela. Na mesma base de datos, a outra palabra en que estamos interesados, *morriña* (en portugués *morrinha*), recolle 7 referencias.

As linguas son complexas amálgamas da evolución autóctona e da incorporación do alleo, de estruturas que se rexen por regras propias pero que son susceptibles de se modificaren baixo a influencia doutras linguas; as linguas conviven con outras linguas e son maleables dabondo como para se renovaren engadindo ás voces propias e herdadas outras novas e emprestadas; as linguas son sistemas nos que interactúan elementos que se combinan segundo regras, pero que non existen á marxe das comunidades que as usan e que forman o seu medio ou contorno; nese medio humano conviven correntes e tendencias populares profundas con outras modas máis elitistas ou superficiais, dependendo dos grupos e subgrupos que as usen. Dis-

404 Véxase Online *Etymology Dictionary*, sobre ambas as voces.

405 Son as traducións ós tres dicionarios que prové Google Translate.

cernir o que é propio e alleo, o que vén do fondo dos tempos do que nun momento foi incorporado como novidade pero acaba formando parte da lingua é a tarefa da que se ocupan os etimólogos, os practicantes dunha vella ciencia que se definía como “estudo do verdadeiro sentido”⁴⁰⁶ e que hoxe vinculamos ós historiadores da lingua.

Concordamos co punto de partida lingüístico de Isabel González que citando a Mokienko (2012, p. 373) no seu estudo da morriña afirma que “non hai linguas impermeables nin herméticas; que tódalas linguas viven nunha osmose constante coas linguas da contorna física, política ou económica”. É certo que esa ósmose non é sempre bidireccional en intensidade nin a doazón e recepción entre linguas grandes e pequenas é simétrica, mais as dúas palabras que aquí estudaremos confirman algo positivo sobre os contactos humanos: que a especificidade idiomática das linguas sempre pode resultar atractiva e enriquecedora para as culturas e as comunidades que non desenvolveron con igual intensidade eses ámbitos. Os dous campos semánticos que aquí exploraremos son o emocional e cognitivo e é neles que deberíamos procurar a orixinalidade formal e o matizado refinamento cultural, político e psicolóxico que as dúas voces conseguiron encapsular.

A idea desta pescuda foi ir do presente para o pasado: comezar polo que sabemos hoxe porque temos a experiencia do presente e logo especular sobre o que puido ser o pasado lingüístico. De entrada, abordaremos primeiro unha descrición dos usos e frecuencias no galego actual de ambas as voces para a continuación pasar a examinar a súa localización histórica e textual e revisar criticamente as distintas hipóteses etimolóxicas formuladas. Concluiremos postulando a orixinal “galeguidade” das dúas palabras que emana do estudo da súa historia. A nosa hipótese xeral é a enunciada no título, aínda que, posto que estivemos sempre abertos e dispostos a cuestionala, podemos adiantar aquí que a conclusión final que defenderemos ten algo de sorprendente e innovador respecto do moito que se leva escrito sobre elas.

De maneira preliminar, quixera comezar expresando como falante nativo que son do galego as miñas impresións e a miña experiencia lingüística sobre as dúas palabras para despois poder confrontalas cos datos pertinentes dos dicionarios e bases de datos que temos ó noso dispor e as observacións feitas polos investigadores que me precederon, que son moitos, como se pode comprobar na bibliografía que acompaña o traballo.

Empezaremos pola fonética, a do meu galego e a do portugués nas súas diversas variantes. Da miña pronunciación de “morriña” poderíamos dicir que, en consonancia co galego central mindoniense en que aprendín o idioma, responde a transcripción fonética do galego estándar [moˈriɲa] que rexistra o *Diccionario da pronuncia da lingua*

406 Greek etymology “analysis of a word to find its true origin,” properly “study of the true sense (of a word),” with -logia “study of, a speaking of” (see -logy) + etymon “true sense, original meaning,” neuter of etymos “true, real, actual,” related to eteos “true,” (OED, sv. Etymology).

galega. Na fala corrente do día a día, nun contexto relaxado e non formal, podería pronunciala e seguramente a pronuncio como [mu'riɲa] (rexistrada así xa en Goián no *Glosario de voces galegas de hoxe* editado por Constantino García en 1985). O peche da vogal posterior por influxo da vogal pechada da sílaba seguinte é usual en moitas das falas vernáculas galegas. "Cuciña" en vez de cociña, "viciño" en vez de "veciño", ou "Curuña" en vez de "Coruña", seguen esta tendencia á harmonización da vogal átona coa vogal tónica seguinte. Na miña fala nativa, os derivados "amorriñarse" e "amorriñado" conviven con "amurriñarse" e con "amorrñado / amurrñado."

No portugués peninsular, a pronuncia máis estendida, a que segue o estándar, é a das falas centrais e en particular a lisboeta: [mu'riɲɐ]. Ademais do vocalismo esperable, a diferenza fundamental é a da pronuncia gutural (uvular ou velarizada) do r intervocálico.

Por outra parte, "saudade" segue na miña fala a forma escrita normal tanto en galego coma portugués coa única peculiaridade fonética da esperable fricativización das oclusivas entre vogais [saw'ðaðɛ], proceso que no caso do brasileiro avanzou ata a palatalización na última sílaba por influxo do vocalismo final característico do brasileiro. Resumindo moito o portugués peninsular [sɐw'dad(ə)] ou [sɐu'dad(ə)], con ditongo ou hiato e escurecemento da vogal final,⁴⁰⁷ correspóndese co brasileiro [saw.da.dʒi] da pronuncia de sílaba final rematada en -i.⁴⁰⁸

Luanda	saw.d' a.ði
Lisboa (não padrão)	saw.d' ad
Lisboa (padrão)	saw.d' a.ði
Maputo (não padrão)	saw.d' ad.ði
Maputo (padrão)	saw.d' a.ði
Rio de Janeiro (não padrão)	saw.d' a.dʒɪ
Rio de Janeiro (padrão)	saw.d' a.dʒɪ
São Paulo (não padrão)	saw.d' a.ði
São Paulo (padrão)	saw.d' a.dʒɪ
Díli	səw.d' a.ði

Que estas sexan as formas dominantes actuais, non quere dicir que hai 100 ou 200 anos non houbese en galego e portugués variantes netamente distintas que puidesen ser identificadas como un mesmo vocábulo. Aubrey Bell en 1916 escribiu precisamente un artigo sobre a riqueza léxica do galego e a súa heteroxeneidade

407 Infopedia: <https://www.infopedia.pt/dicionarios/lingua-portuguesa/saudade>

408 Iltec. Dicionário Fonético. <http://www.portaldalinguaportuguesa.org/?action=fonetica&act=list®ion=lbx&search=saudade>

gráfica chamando a atención para a falta de uniformidade do galego literario da segunda metade do século XIX, exemplificada nas variantes da voz *saudade* nas súas dúas principais acepcións: a de «solidão» (soidade) e a de «saudade» (nostalxia). Do seu rastrexo entre os escritores galegos menciona as seguintes variantes: *suidade* (Eduardo Pondal); *soidade* / *soidá* / *soedad* / *soledad* / *soledá* (Rosalia de Castro); *soledá* / *soedá* (Heraclio Pérez Placer); *soedade* / *soedá* / *soledá* (Eladio Rodríguez González); *soedá* / *soedade* (Alberto García Ferreiro); *soedade* / *soedá* (Alberto Camino); *soedade* (Benito Losada); *soedade* (Manuel Curros Enríquez); *soedade* / *saudade* (Manuel Núñez González); *soedade* / *saudade* / *soedá* (Valentín Lamas Carvajal); *soedade* (Juan Barcia Caballero); *saudá* (Aureliano J. Pereira); *soledá* / *soledade* / *suidade* [*Cancioneiro popular gallego* (1886)]. Esta mostra sérvelle para poñer de manifesto a falta de uniformidade da lingua galega escrita, incluso dentro da obra dun mesmo autor.

2 *Morriña* e *saudade* nos dicionarios españois e portugueses actuais

Ambas as palabras aparecen nos dicionarios de español. Vexamos. No Dicionario da RAE que se pode consultar en Internet figura o seguinte:⁴⁰⁹

morriña

Del gallegoport. *morrinha*.

1. f. coloq. Tristeza o melancolía, especialmente la nostalgia de la tierra natal.
2. f. Veter. comalia.

No Wordreference, o dicionario en liña multilingüe, aparece isto:⁴¹⁰

morriña

f. col. Tristeza, melancolía, especialmente por nostalgia de la tierra natal: *como emigrante, no dejé de sentir morriña por mis tierras gallegas*.

'morriña' aparece también en las siguientes entradas:

galleguismo

O máis curioso é que dentro da entrada "galleguismo" dáse como exemplo a palabra "morriña". Nótese que neste caso non se menciona o portugués:⁴¹¹

409 RAE: <https://dle.rae.es/morri%C3%B1a?m=form>

410 Wordreference: <https://www.wordreference.com/definicion/morri%C3%B1a>

411 Wordreference: <https://www.wordreference.com/definicion/galleguismo>

galleguismo

m. ling. Palabra, expresión o estrutura sintáctica del gallego que se emplea en otra lengua: *la palabra "morriña" es un galleguismo en español.*

304 Movimiento que defiende los valores históricos y culturales gallegos.

O *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa* en liña contén esta breve información lexicográfica en 5 acepcións dentro da entrada "morrinha". En relación ó español non recolle o sentido de nostalxia da terra nativa e a información etimolóxica que inclúe é a de que a súa orixe é disputada ou foi contestada: que continúa suxeita a controversia:

mor·ri·nha

(origem controversa)

nome feminino

1. Sarna epidémica do gado; gafeira.
2. [Por extensão] Doença epidémica dos gados.
3. [Popular] Ligeira enfermidade.
4. Chuvisco; chuva miudinha.
5. [Brasil] Mau cheiro exalado por pessoa ou animal.

Palavras relacionadas:

morrinhento, morrinhice, morrinhar, amorrinhar

O Dicionário Online de Português (<https://www.dicio.com.br/morrinha/>) é un dicionario de lingua portuguesa contemporánea con definicións, significados, sinónimos, exemplos e rimas. En xeral rexistra máis acepcións ca o *Priberam*, e neste caso acolle unha figurada relativamente próxima a referida do español aínda que non se use especificamente para a nostalxia do país. Esta é a entrada:

morrinha

Significado de morrinha

substantivo feminino

Espécie de sarna que ataca epidemicamente o gado; gafeira.

[Por Extensão] Qualquer doença que ataca o gado e se espalha facilmente.

[Veterinária] Sarna que ataca cães; gafeira.

[Popular] Mau cheiro exalado por pessoas ou animais; catinga, bodum, inhaca.

[Figurado] Sentimento de melancolia; tristeza.

[Figurado] Falta de coragem para agir; prostração.

substantivo masculino e feminino

Indivíduo vacilante e fraco, incapaz de tomar decisões rápidas e eficazes, e que, deste modo, se prejudica ou empata o processo alheio.

Pessoa cansativa, desagradável, chata, aborrecida.

Quem se apega demasiadamente ao dinheiro ou economiza de maneira exagerada; sovina, avarento.

Adjetivo

Que é fraco e preguiçoso, maçante ou desagradável, e que se apega em excesso ao dinheiro.

Sinónimos de Morrinha

Morrinha é sinónimo de: *sarna, gafeira, fedor, indisposição, inhaca, quebrantamento, prostração, melancolia, tristeza, chato, preguiçoso, avarento*

Recolle tamén a seguinte información no fondo da páxina:

Etimología (origem da palavra morrinha).

A palabra morrinha tem sua origem incerta, ou seja, não é possível confirmar a origem desta palavra.

No que atinxe a voz “saudade”, o Dicionario da RAE acolle este simple artigo en dúas liñas, unha coa etimoloxía (que nos deixa claro que é voz portuguesa, non galega como se recollía antes) e outra cun único significado a partir de sinónimos. Lembremos que en morriña incluía unha segunda acepción referida a enfermidade animal (“comalia, hidropesía”):

saudade

Del port. *saudade*.

1. f. Soledad, nostalgia, añoranza.

Todos os dicionarios portugueses consultados incorpórana como voz de orixe latina. O *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa* esténdense en varias acepcións, dúas en singular e dúas en plural referidas ó ámbito do emocional (os dous primeiros significados) e da vida social (os dous últimos en plural), ademais de varias relacionadas coa botánica, secundarias para o noso propósito.

sau·da·de [au] ou [a-u]

(latim *solitas, -atis*, solidão)

nome feminino

1. Lembrança grata de pessoa ausente, de um momento passado, ou de alguma coisa de que alguém se vê privado.

2. Pesar, mágoa que essa privación causa.
3. [Botánica] Planta (*Scabiosa atropurpurea*) da familia das dipsacáceas. (Mais usado no plural.) = ESCABIOSA, SUSPIRO
4. [Botánica] Nome de varias especies de plantas com flores de cores variadas. (Mais usado no plural.)
5. [Botánica] Flor de uma dessas plantas. (Mais usado no plural.)

saudades

nome feminino plural

6. Boas lembranças ou recordações (ex.: *a antiga chefe não deixou saudades*).
7. Cumprimentos a alguém (ex.: *mande-lhe saudades minhas*).

Palavras relacionadas:

saudoso, excruciante, suspirar, dulces moriens reminiscitur argos, o rus, quando ego te aspiciam, et in arcadia ego, queimar

O **Dicionário Online de Português** é con relación a esta voz máis parco recollendo só un sentido xeral e outro para a voz en plural. O primeiro fai referencia á ausencia de algo ou alguén e á vontade de revivilo. Rexistra outras catro acepcións específicas, unha derivada, dúas de botánica, e outra de zooloxía, nas que aquí non estamos interesados. Igual ca en “morrinha” faise cargo de varios outros tipos de información lexicográfica:

saudade

significado de saudade

substantivo feminino

Sentimento de nostalgia causado pela ausência de algo, de alguém, de um lugar ou pela vontade de reviver experiências, situações ou momentos já passados.

[Música] Tipo de canção executada por marinheiros.

[Botánica] Aspecto comum de muitas plantas, geralmente, pertencentes à família das compostas; suspiro, suspiros.

[Botánica] Tipo de erva ornamental que pode chegar aos 60 centímetros; flor-de-viúva, viúvas.

[Regionalismo: Rio de Janeiro] Tipo de ave cujo macho é negro, enquanto a fêmea é verde e tem o abdômen amarelado; tijuca, assobiador. substantivo feminino

plural saudades.

Expressão utilizada para designar que se sente a falta de alguém: diga que mandei saudades.

Etimologia (origem da palabra *saudades*).

A palabra *saudade* deriva do latim "solitas, atis", que pode significar solidão, desamparo, recolhimento.

Despois de expoñer este breve cadro non hai dúbida de que "morriña" se reconece nos dous dicionarios actuais citados como de orixe galega no español, e de que "saudade" é contemplada como portuguesa. No tocante ós portugueses, "morrinha" é de orixe incerta ou controversa e "saúde" é identificada como proveniente de SOLITAS, -ATIS "soidade".

3 Morriña e saudade no galego: usos e frecuencias

Baixo a entrada "soidade", o primeiro *Diccionario da Real Academia Galega* ofrecía a seguinte definición que acoutaba como literaria e filosófica:

Soidade s.f. 1. Circunstancia de estar só. [...] 2. Sentimento provocado por esa circunstancia. [...] 3. Lit. e Filos. Sentimento íntimo e estado de ánimo provocados polo desexo de algo ausente que se estraña e que se presenta baixo distintas formas, que van desde realidades concretas (a persoa amada, o amigo, a terra, a patria...) ata a transcendencia plena e misteriosa, moi propios do mundo galai-co-portugués pero con afinidades noutras culturas. Tamén se di **saudade**. [...] SIN. señardade. CF. **morriña, nostalxia**.

Na edición en liña actual, recóllense as primeiras acepcións, pero a terceira foi abreviada e reescrita nestas palabras:

3. Literatura e Filosofía. Sentimento profundo no que o suxeito vive unha perda ou experimenta unha aguda nostalxia de algo xa vivido e que considera desexable.

A acepción recolle dous exemplos. O primeiro é de Rosalía é un plural, do seu poema de *Cantares Gallegos*: "Campanas de Bastavales": *Que os amores xa fuxiron, as soidades viñeron... De pena me consumiron*. De sinónimo de "soidade", a edición electrónica engadiu "saudade".

A segunda exemplificación resulta un tanto sorprendente ou misteriosa porque aparentemente "soidade" parece estar usurpando o lugar do vocábulo máis corrente "saudade": *Para algúns autores, a soidade é un trazo característico da personalidade dos galegos*.

En calquera caso, non hai dúbida, se facemos caso do deseño do actual *Diccionario* de que a Academia identifica *saudade* con *soidade*, e de que as *soidades* rosalianas son “saudades” tal e como as entende o portugués e os dicionarios portugueses. Tamén se debe entender que “señardade” funcionaría como equivalente sinónimo (ou afín) e de que contrastaría con *morriña* e *nostalgia*.

A cuestión máis espiñenta acontece dentro da entrada “saudade”. O *Diccionario* da Academia Galega só contén unha única acepción, a literaria e filosófica da que acabamos de falar co que non parece recoñecer un significado de uso xeral como fan os dicionarios portugueses que mencionamos antes.

Ten esta decisión algo que ver co sentido da lingua dos falantes nativos ou dos usuarios contemporáneos do galego? Eu só podo responder de maneira subxectiva ou introspectiva. Se fose convidado a referir cal das dúas formas, *morriña* ou *saudade*, son máis comúns no meu galego ou no galego do entorno ó que eu estou exposto, eu diría sen moito pensalo que *morriña* é palabra máis común na lingua oral ca *saudade*, e que *saudade* é máis rara nos usos coloquiais. Tamén me parece que *morriña* a aprendín na linguaxe corrente, e que *saudade* a incorporei a través da lectura ou do discurso culto: a través da poesía e do ensaio filosófico (quen non identifica a Ramón Piñeiro coa *saudade*!), da música (todos os da miña xeración recordarán o “Teño *saudade*” de Andrés do Barro con letra do novelista Xavier Alcalá) e da televisión (agora mesmo acaba de rematar unha serie de título “*Saudade* de ti”). Preguntei ás persoas do meu ambiente e todos concordaron máis ou menos nesta descrición.

Se agora consultamos o CORGA, o Corpus de 43 millóns de palabras do CIRP, podemos saber da frecuencia de ambas as palabras nos textos que recolle desde 1975. A pequena sorpresa, porque sabía de que na súa composición entran poucos textos de natureza oral espontánea, é que conteñen case o dobre de ocorrencias de “*saudade*” ca de “*morriña*”. *Morriña* rexistra 280 resultados en 40 anos. *Saudade*, 587, e o seu plural, *saudades*, 141.

Frecuencia simple de morriña⁴¹²

Hai **280** / 42.475.306 resultados (7 / millón) en 200 / 55.300 documentos.

Frecuencia simple de saudade

Hai **587** / 42.475.306 resultados (14 / millón) en 266 / 55.300 documentos.

Saudade nos textos escritos dende o 1975 ata o 2015 sempre estivo por riba en frecuencia de uso. No lustro do 2015 ó 2019 a palabra “*morriña*” (21 veces) supera en frecuencia á “*saudade*” (18 veces) por primeira vez.

412 No español a frecuencia no CREA é de 0.31. En Google Ngram, 1640. Véxase en Iedra (<https://iedra.es/palabras/morri%C3%B1a>). A palabra diccionario ten unha frecuencia no CREA de 13.92. A súa frecuencia en Google Ngram: 54469.

Ningunha das dúas aparece nos 106 textos orais que inclúe o CORGA nin nos textos audiovisual ós que deron acollida.

Poden encontrarse en textos de libros, revistas e xornais, de ficción (10/millón no caso de *morriña*; 19 *saudade*) e non ficción (5/millón no caso de *morriña*; 11 *saudade*).

Ambas son voces de uso normal e non marcado. “Morriña”, en xeral, é un pouco menos usual ca “saudade” nos textos escritos (ten unha frecuencia de 6,44 por millón vs 29,55). Pola contra, é voz máis favorecida por mulleres (11/millón) ca por homes (8/millón). No caso de “saudade” é máis frecuente entre os homes (19/millón) ca entre as mulleres (12/millón).

Os tres últimos usos que rexistra o CORGA de *saudades* en plural son do 2016 e 2017:

2019. Toca música nordestina, esa que a emigración trouxera ata aquí para esco-rrentar as **saudades** e matar, de paso, racismo e prexuízos.

2017. Só se desviarían para se achegar ao convento de Arouca, que o seu corazón aínda tiña **saudades** de Dordia Gil e precisaba vela.

2017. Sentiu **saudades**.

De *morriña* son estes:

2017. A **morriña**, si, diso tanto galegos coma italianos sabían moito.

2017. Ao cabo , a terra sempre tira por un. A **morriña**, xa sabes!

2019. O meu recordo del quedou ancorado nese cruceiro fluvial, tan parecido a aqueles que, nos anos cincuenta, realizaba polo Rin durante os Mathematische Arbeitstagung de Fritz Hirzebruch e que lembraba con tanta **morriña**.

De *saudade*, estes:

2017. Non era doado despedirse e decatouse de que a **saudade** comezaba xa a roerlle nas entrañas.

2018. Non era a **saudade** dunha infancia perdida e seguramente esquecida nos ribazos dos anos.

2018. Cando desaparece a protección que daba a relación de dependencia, nacen os medos e as inseguridades en suxeitos femininos débiles que teñen **saudade** de seren posuídas e controladas por quen representa a figura de poder no modelo tradicional.

Estes 9 exemplos de uso actual fan referencia ó sentimento de “saudade” que a Wikipedia en inglés define como “a deep emotional state of nostalgic or profound

melancholic longing for something or someone that one cares for, or loves”, un estado emocional profundo de ansia melancólica por unha persoa que se ama ou unha cousa que importa pero que nos falta ou está ausente. No caso de “morriña”, dous usos servirían para exemplificar o sentido de amor pola terra e o outro polo tipo de vida que se bota en falta. A única diferenza sería a de que a saudade se pode proxectar sobre os seres humanos concretos mentres que a morriña sería sobre o propio feito de amar. Obviamente, habería que estudar o resto dos casos para definir os usos actuais da lingua.

No que atinxe á “morriña”, se facemos caso da distribución semántica do Dicionario da Real Academia Galega estaríamos ante tres morriñas netamente diferentes. A homonimia desta voz aparece organizada en torno a tres lemas/entradas, co que habería que presupoñer tres diferentes etimoloxías (falaremos disto na sección seguinte).

Vexamos:

morriña

substantivo feminino Sentimento e estado de ánimo melancólico e depresivo, en particular o causado pola nostalxia da terra. Sentía moita morriña no estranxeiro. Nos días de chuvia éntrame a morriña. CONFRÓNTESE señardade, soidade

morriña

substantivo feminino (1) Corpo morto en estado de descomposición. Moito fede a morriña. SINÓNIMOS calaza, prea, preada (2) Capa de sucidade que se forma sobre algo debido á falta de hixiene. Vaia morriña teñen eses pantalóns! SINÓNIMOS carraña, cotra, lorda, mafa, morca, rela

morriña

substantivo feminino (1) Orballo Parece que non, pero a morriña aínda molla ben. (2) Conxunto de restos vexetais, como herba, fento, toxo, ramallos etc. Cunha pouca morriña xa fas unha fogueira. SINÓNIMO broza

Teríamos en primeiro lugar, a morriña¹, a morriña sentimental, a da tristeza ou melancolía, a da nostalxia e da ausencia por identificala dalgunha maneira, sería a da palabra en que nos estamos principalmente interesados neste traballo, pero obviamente debe ser considerada en relación ás outras dúas: a morriña² a relacionada coa morte, co putrefacto e co sucio; e a morriña³ equivalente a choiva fina ou restos finos de algo. Así é, polo menos, como entendo eu a relación semántica entre as distintas acepcións enunciadas:

Morriña¹ (lat. tardío **moerorina*; do lat. cl. *moeror-moeroris* “tristeza, morriña”)

- Sentimento nostáxico.

Morriña2 (fr. medio **morine**, fr. antigo **murine**, do adx. **murin**, do v.*murir*, **morir** “morrer”).

2.1. Corpo morto.

2.2. Sucidade.

Morriña3 (s. dim. de **minora*, do lat. tardío *minorar* “reducir, empequeñecer”, cf. *mirrar*)⁴¹³

- Choiva miúda.
- Outras cousas miúdas.

4 Ocorrencias: localización histórica e textual

O que acabamos de describir pode verse esbozado na listaxe dos arredor de 55.000 vocábulos que constitúen o *Vocabulario ortográfico da lingua galega* confeccionado baixo a dirección de Antón Santamarina e Manuel González (que é tamén o responsable do equipo redactor do Dicionario da Real Academia Galega). Nel distínguense igualmente en tres “entradas” o conglomerado semántico que responde á voz “morriña” e quizais se encontre o prurito purista que lle confería preferencia a *soidade* sobre *saudade* e a *soidoso* sobre *saudoso* (nesta entrada, no DRAG reenvíase como forma recomendable para *soidoso*).

Entrada	Xénero complementario	Categoría	Sinónimos	Nota
Morriña1		f		Tristura
Morriña2		f		Sarna Cotra
Morriña3		f		Broza Chuvia

A miña opinión é que do punto de vista sincrónico os tres macrosignificados que o VOLGA distingue están tan intimamente unidos que poderían ser consideradas como simples acepcións individuais dunha única palabra. A distancia semántica é notable pero é posible entre elas buscar semas ou connotacións comúns de modo que o exercicio que me propoño é analizar os saltos semánticos que se puideron dar historicamente dunhas acepcións a outras e se é posible ordenalas diacronicamente. Vexamos todos os posibles significados rexistrados no *Diccionario de Diccionarios* arranxados semanticamente por afinidade e por primeiras datacións:

413 “Mirrar” ten en galego o sentido de “murchar” e “envellecer” pero tamén o de “encoller(se), esmirrar(se)”. Malkiel (1955) afirma: “Me atrevo a pensar que *mirrar*, núcleo evidente del grupo gemelo, podría ser producto directo de *minorare* ‘disminuir’, es decir, variante sincopada (y, por lo tanto, netamente rústica) de *menorar*, el predecesor patrimonial y rival del cultismo (a) *minorar*”.

- Número de acepcións atopadas: 34
- Distribución por dicionarios: Sarmiento (1732-1770) (2), Sobreira (1792-1797) (1), Pintos (1865c) (1), Valladares (1884) (2), Filgueira (1926) (1), Carré (1928-1931) (1), Carré (1933) (2), Ibañez (1950) (1), Carré (1951) (2), Eladio (1958-1961) (6), Varios (1961) (2), Franco (1972) (7), Carré (1979) (2), CGarcía (1985) (3), Rivas (1988) (1)
- 1. MOERORINA. (Sarmiento, 1757). Sen ciencia, sen estudo, sen libros. Dito de persoas: medoso, covarde, falto de ánimo. *Ser un morriña-s*.
- 2. MORINE “doenza infecciosa, praga” + MORRER. (Sobreira 1792). Valladares. Carré. Ibañez. Rodríguez. Franco. Enfermidade leve aplicada os humanos, ós gatos, ó gando, ou ás cepas. *Sarna. Comalia. Murria*.
- 3. MOERORINA: (Pintos, 1865). Valladares. Filgueira. Carré. Ibañez. Rodríguez. Franco. Melancolía, nostalxia, saudade, tristeza. *Entrou a morriña nel*.
- 4. MORINE. (Apéndice a Rodríguez, 1961). Cotra, sucidade.
- 5. MORINE “pestilencia”. (Rivas, 1988). Carne en mal estado. *O que queira comer morriña coma carneiro en xaneiro e en mayo galiña. O que n'a sua casa còme morriña, n'a allea, quère carneiro e galiña*.

Que pasa entón con “morriña” antes de mediados do século XVIII? Polo que eu puiden comprobar consultando en liña varios corpus, en ningún aparece *morriña* (nin tampouco *saudade*). Non está no *Dicionario de dicionarios do galego medieval*, un corpus lexicográfico medieval da lingua galega arranxado por Ernesto González Seoane, como director, e María Álvarez de la Granja e Ana Isabel Boullón Agrelo. E tampouco no *Corpus Xelmírez*, o corpus lingüístico da Galicia medieval coordinado por Xavier Varela Barreiro e con deseño e programación web de Xavier Gómez Guinovart. Tampouco se documenta un só nome de lugar no *Inventario toponímico medieval*.

É posible que a palabra *morriña* non existise con anterioridade ó que na tradición literaria denominamos “Séculos escuros”? Pode ser que formase parte do repertorio oral e coloquial pero que non chegase nunca a acadar ós textos escritos. De momento, a conclusión é esta: non se documenta a palabra ata que Sarmiento a usa en sentido adxectivo nun texto en español. Do s. XVI ó XVIII, como sabemos, a literatura en galego está baixo mínimos.

O *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*, que contén textos dende 1612 ata o 2022, recolle un total de 497 resultados de *morriña* e 1171 resultados de *saudade*. O primeiro é de 1831, do Anónimo *A tertulia de Concheiros*. A segunda vez que pasou ó texto impreso foi, segundo esta base de datos, con Pintos, que tamén a recolle no seu *Vocabulario* de 1865, é de 1853.

¿Quén botou a **morriña** fóra ao teu pai sinón a igrexa? ¿Quén daba aos probes catro mendrugos sinón a igrexa?

Bota fóra de ese leito limpate e lavate axiña que non quero que maleito te volvas e unha **morriña** si te amoleces o peito . Que o sono é reparamento do corpo a quen lle fai falla cando con modo traballa para ganar o sustento

A primeira vez que aparece co significado hoxe máis común aparece no libro de Lamas Carvajal que curiosamente leva o título de "Saudades", en 1880:

un brinco deume o curazón no peito, como nunca pensei na chouza miña, i ese afeuto moral que nos consome ós gallegos enxebres, a morriña, sentín coa forza da pasión dun home

Tampouco no castelán a palabra "morriña" aparece rexistrada con anterioridade ó século XVIII, pero neste século son varias as obras lexicográficas que se fan eco dela. A primeira aparición nun dicionario español foi no *Diccionario nuevo de las lenguas española y francesa* de Francisco Sobrino de 1705 coa acepción de "enfermedad de ovejas, carneros y otros géneros de ganado que les causa la muerte".⁴¹⁴ A primeira co sentido de "tristeza, melancolía" na RAE ten lugar no *Diccionario de autoridades* de 1734.⁴¹⁵

A primeira vez que saudade aparece no Dicionario de autoridades do español foi en 1739. No primeiro dicionario usual da RAE foi na edición de 1780. Esteban Terreros y Pando incluíu "saudade" no seu *Diccionario Castellano con las voces de ciencias y artes* de 1788.

Vexamos agora cómo aparecen estas formas no *Dicionário Estraviz* en liña (estraviz.org). Empezaremos por "morrinha":

s. f.

1. Saudade forte e melancólica, nostalgia, tristeza, sobretudo a causada por se estar longe da terra natal.
2. Melancolia, nostalgia.
3. Indisposición para agir; preguiça, prostração, falta de ánimo, de vontade.
4. Conjunto de restos de matéria orgânica, ou restos de organismo em decomposição.
5. Sujidade por falta de aseo.

414 <https://apps.rae.es/ntlle/SrvltGUIMenuNtllle?cmd=Lema&sec=1.0.0.0.0>.

415 Véxase <https://iedra.es/palabras/morri%C3%B1a>. A entrada "morriña" no Dicionario de autoridades.

<https://apps.rae.es/ntlle/SrvltGUIMenuNtllle?cmd=Lema&sec=1.0.0.0.0>.

314

6. Fedor, cheiro desagradábel, repugnante.
7. Sarna, doença epidémica do gado ou de outros animais.
8. Em persoas, achaque, mal-estar ou doença non especificada.
9. Miséria: *onte estaban na morriña, hoje são ricos*.
10. Insistència.
11. Chuva leve, fina, especialmente aquela que dura muito tempo.

adj. e s. m. e f.

1. Nostálgico, triste.
2. Achacadiço, enfermiço.
3. Pessoa avara, avarenta, apegada ao dinheiro, que non gosta de gastar.
4. Maçante, incómodo, insistente, desagradábel.
5. Vagaroso.
6. Ansioso, à espera de algo.

[de *morrer*]

E isto é o que no Dicionário Estraviz se nos indica sobre "saudade":

s. f.

1. Lembrança nostálgica e suave por alguma pessoa ou cousa distante ou extinta, acompañada do desejo de tornar a vê-las ou possuí-las. ≈ soidade, suidade
2. Dor de ausência. ≈ soledade, nostalgia, senhardade
3. Esperança num bem futuro que se vê irrealizábel.
4. Desejo atormentado do impossível.
5. Bot. Designação comum a diversas plantas da família das dipsáceas e as suas flores.

s. f. pl.

Lembranças afetuosas a persoas ausentes.

[lat. *solitatem*]

5 Revisión das hipóteses etimolóxicas formuladas

5.1 De onde veñén *morriña* e *saudade* nos dicionarios etimolóxicos?

Comecemos por "*morriña*" e polos dicionários etimolóxicos portugueses. Na edición de 1995 do dicionario orixinariamente publicado en 1952, o portugués José Pedro Machado explica laconicamente:

Etimología obscura; vej.: Nasc. I, s.v. Recentemente, Corominas relacionou este vocábulo galego-portugués (cf. también o asturiano *murrina*), com *morro* e, ao contrario de numerosos autores, del tira a forma castellana *morrina* (s.v. *morro*, vol. III, p. 447 b).

No máis recente de 1982 do tamén filólogo e lexicógrafo brasileiro Antonio Geraldo da Cunha, na edición de 1995 do *Dicionário Etimológico Nova Fronteira da Língua Portuguesa* dise de "morrinha": "De origem controversa" (p. 534).

Aparentemente, os filólogos portugueses nunca tiveron claro as orixes do seu "morrinha". En 1901, A. A. Cortesáo, que tan ben disecciona as orixes de "saudade", declarara nos seus *Subsídios para um Dicionário Completo*, que "morrinha" era castelanismo. Malkiel (1955) repasa o estado de cuestión nesta nota de rodapé que transcribo literalmente por constituír un detallado comentario da erudición que profesa sobre os estudos de filoloxía portuguesa:

Sá Nogueira, *Crítica etimológica*, nº 72, en B. F., 1945-1947, VIII, 232, y V. García de Diego, *Gramática histórica española*, Madrid, 1951, pág. 13, trazan el itinerario correcto de esta voz migratoria. J. Hubschmid, citando las dudas de M. L. Wagner (R. Ph., 1952-53, VI, 330-331), se decide a separar esp. morriña, port, morrinha 'epidemia' (productos de morire, desde luego no de mollis, como suponía H. Meier) de port. morrinha 'chuva miudinha, prolongada, impertinente', abundantemente representado en los dialectos (molinha contaminado por borr-) y de esp. morriña 'tristeza', port. morrinha 'tristeza acabrunhada' (que agrupa con murria y deriva de *murro), ver *Actes et mémoires du 3^e Congrès international de toponymie et d'anthroponymie*, pág. 188 ; R. F., LXV, 292-294, clasificación demasiado rigida y que no toma en cuenta el evidente encabalgamiento de matices semánticos. Sobre la semántica del sufijo -inho, ver M. L. Wagner, *Das Diminutivum Portugiesischen*, en *Orbis*, 1952, I, 460-476.

La Academia, IV, 610 b, define sus significados ('mortandad', 'tristeza, melancolía'), acuña una frase para ilustrar el segundo uso (« a fulano le entró la morriña »), pero no ofrece ninguna cita de autor. Pagés, III, 840 a, brinda un pasaje de E. Pardo Bazán : «Dos cosas ayudaron a distraer su morriña...»; una novela de esta autora se titula *Morriña*. Agréguese otros dos de L. Fernández de Moratin : «Si te da la morriña / que dura meses enteros, / ninguno se ha de reír» (*Obras*, II, 87) ; «para desenfadarme de la morriña que he tenido.» (*Obras póstumas*, II, 423).

Non é controvertida, como veremos máis tarde, para Antonio Geraldo da Cunha a de "saudade". Dise de maneira rotunda: "Do lat. *Solitas, -atis*" (1995, p. 708).

Antes deles, os dous grandes dicionarios etimolóxicos brasileiros, o de Antenor Nascentes de 1932 e o de Francisco da Silveira Bueno (1966) tíñano xa así de claro, e derivaban "saudade", sen a menor dúbida, do acusativo latino *solitatem* "soidade, tris-

teza". As formas arcaicas portuguesas coa caída do -L- intervocálico acabarían baixo a influencia do portugués "saúde" (lat. *salutem* "desexar boa saúde, dar a benvinda", e sería esta influencia a que explicaría as solucións vocálicas modernas con -au-: *saudade* (tamén pronunciada, como vimos, *saúdade*). Segundo Leo Pap, a etimoloxía, nas palabras do propio Nascentes, viña xa avalada pola indiscutible autoridade das maiores figuras filolóxicas da lingüística románica e portuguesa: Friedrich Diez, Wilhelm Meyer-Lübke, Adolpho Coelho, Jose Leite de Vasconcelos e Aniceto Gonçalves Viana.

Por eles, e por dona Carolina Michäelis, pois a *saudade* "como idea e como vocábulo" fora, antes de se publicaren os mencionados dicionarios, o tema dun libro de 160 páxinas editado en 1914 que disecciona de maneira moi aguda o sentimento "doce-amargo". A "joy of grief", como din os ingleses, é explicada neste libríño en todo o seu potencial.

Con relación ó español "morriña", na web "Etimoloxías" encóntrase este resumo que sumariza o estado da cuestión tal e como foi posto por Corominas:⁴¹⁶

Viene del galaico-portugués *morrinha* "tristeza". Unos dicen que *morrinha* viene del latín *mori*, pero no es una tristeza por alguien que haya muerto sino la tristeza que siente el patiporro por el país que lo vio nacer. Es el sentimiento de estar solo, lo que también se conoce como *saudade* (también del portugués). Según Corominas la palabra *morriña* podría venir de *morro* (monte, pero antiguamente bulto de los labios) y *murria* "tristeza" con la idea de "poner hocico" o "mostrar mal humor".

Máis breve, pero na mesma dirección, é o que se di en Educalingo: "la palabra morriña procede del gallegoportugués *morrinha*. Pódese dicir que a totalidade das notas sobre etimoloxía que se encontran en Internet sobre a etimoloxía de "morriña" apuntan ó mesmo. No Dicionario de estremeño de Peraleda (Cáceres) explícase isto:⁴¹⁷

morriña

1. Mixomatosis, Peste aviar
2. Enfermedad de los conejos (mixomatosis) o de las aves de corral (peste aviar probablemente) que causa gran mortandad entre los animales.

Etimoloxía:

Del galaico-portugués **morrinha** (*tristeza o melancolía*), que en castellano dio **morriña**, uno de cuyos significados es **comalia**, una enfermedad que ataca a los ani-

416 Etimoloxías de Chile: <http://etimologias.dechile.net/?morrin.a>

417 <https://raicesdeperaleda.com/diccionario/morrina/p-841>

males, especialmente al ganado lanar. Es probable que la palabra se convirtiera en algo genérico para definir cualquier enfermedad animal.

En The Free Dictionary (<https://es.thefreedictionary.com/morri%C3%B1a>) atribúese igualmente ó galego a súa etimoloxía.⁴¹⁸

morriña

(Del gallego morinha, nostalgia.)

1. s. f. Sentimiento de tristeza o nostalgia, en especial por la tierra natal lejos de mi pueblo me invadía la morriña. **añoranza**
2. ganadería, veterinaria Enfermedad febril de las ovejas y otros animales.

Sobre a información adicional existente en Internet abunda con engadir o fío (thread) de Wordreference no que se discute en vivo sobre os usos en distintos lugares da xeografía hispanofalante, e os significados e orixes galegas da palabra.⁴¹⁹ Fálase basicamente de 3: o de nostalxia, o de somnolencia (modorra) e o de doenza animal (hidropesía / secreción nasal).

Se quixésemos resumir en breve o que condensaron os dicionarios etimolóxicos sobre as dúas formas, poderíamos quedarnos con que a “morriña” se lle adxudican orixes galegas nos dicionarios españois aínda que logo se discuta a orixe primitiva que trataremos nas seguintes seccións, e con que os dicionarios portugueses reivindicaran como propia a xestación de *saudade* retrotraéndoa á máis primitiva “soedade” e esta ó latín SOLITATE.

5.2 Desde cando está a saudade no galego moderno?

Para Ricardo Landeira, o rexurdimento literario galego da segunda metade do século XIX está fundamentalmente marcado pola saudade:

La saudade, como fuente de inspiración, y motivación constante, es el elemento de más importancia dentro de la lírica gallega; notándose desde sus comienzos, cambiando según los tiempos, y reafirmandose y cobrando realce durante el periodo que ha venido a designarse con el nombre de Renacimiento literario gallego.

418 morriña. (n.d.) *Gran Diccionario de la Lengua Española*. (2016). Retrieved September 11 2022 from <https://es.thefreedictionary.com/morri%C3%B1a>

419 <https://forum.wordreference.com/threads/morri%C3%B1a.586224/>

Antes de pasar a revisar as hipóteses etimolóxicas postuladas para os cambios máis discutidos nos dous vocábulos, quixera traer aquí algunhas notas do que algúns escritores, pensadores e críticos literarios dixeron da “saudade”, sobre todo, e tamén da “morriña” e de que maneira entenderon os conceptos en que estamos interesados. Recollo, para empezar, estes tres parágrafos do artigo de Krauss sobre as limitacións e posibilidades de traducir a *saudade* rosaliana para o inglés, e aquí *saudade* refire non a palabra en si senón á experiencia verbalizada e lexicalizada poeticamente de moi diferentes formas. De feito, a parte empírica da súa contribución vai referida a unha obra en español e non en galego: *En las orillas del Sar*.

It [saudade] is nostalgia, memory, homesickness, but as Rosalian critics such as Robert G. Havard, Kathleen Kulp-Hill, Marina Mayoral, and Joanna Courteau note, the definition of *saudade* is deeply rooted in the Celtic heritage of Galicia. In fact, Havard has studied the parallels between *saudade* and “another Celtic phenomenon of psychological complexity, Welsh *hiraeth*” (Romanticism 42 and Paralelos).

Galician *saudade*, therefore, evokes a rather specific notion of the concept. The term *morriña*... refers specifically to the nostalgia or homesickness one feels for his or her homeland. Certainly, this features prominently throughout Rosalía de Castro’s work, but the underlying presence of *saudade* is much more expansive. When the individual experiences feelings of sadness or melancholy, this is actually *morriña*. According to Piñeiro, the opposite of *morriña* is euphoria, whereas the opposite of *saudade* —loneliness of the self— is mystical ecstasy, a result of deep self contemplation (17).

Rosalía de Castro, nevertheless, explores the full spectrum of feelings and emotions associated with *saudade* —whether ontological, metaphysical, or psychological. Havard adroitly observes: “Rosalía’s search is for her unconscious and for her true self, and the dilemma her poetry describes, intensely personal as it is, has compelling psychological universality” (Romanticism 69-70).

O artigo de Krauss investiga as traducións de *En las orillas del Sar* (escrito en español por Rosalía) pero Cabanillas no seu discurso de entrada na Real Academia revisara moito antes *Os cantares* de Rosalía afirmando que xurdiran dun fondo sufrimento persoal: “Escritos n’ ò deserto de Castilla, pensados e sentidos n’ a *soidade* d’ á Natureza e d’ ò meu corazón...” escribe Rosalía.

Fernández Rei, filólogo e académico, cambadés coma Cabanillas, conta nunha breve contribución que cando o poeta modernista fixo o discurso de entrada na Academia en 1920 escolleu como tema de disertación “A *saudade* nos poetas galegos”.

O discurso, dinos Fernández Rei, consiste nun estudo diacrónico e sincrónico da voz *saudade*, con documentación do seu emprego na literatura do Rexurdimento (incluída a literatura popular) e no cotexo das súas acepcións con outras voces equivalentes.

tes de linguas veciñas. Cabanillas acolle un bo quiñón de versos dos poetas galegos coas súas peculiares formas: en Rosalía é *soidade*, en Pondal *suidade*, en Lamas *saudade* e *soedade*... Está claro que no XIX a palabra está presente pero as fontes de inspiración para o discurso estaban do outro lado do Miño, na lectura de *Os poetas lusíadas* de Teixeira de Pascoaes, no libro de Carolina Michaelis *A saudade portuguesa* publicado por Renascença Portuguesa e nas ideas e teorías que o grupo en torno á publicación *A Águia* impulsou no primeiro cuarto do século XX baixo o nome de "saudosismo". A saudade era para Teixeira o elemento espiritual definidor da alma portuguesa. A saudade, para Cabanillas, non é menos espiritual: "é a forza creada, en remanso, do Recordo e a forza creadora e puxante da Espranza, superadas no tempo; o Pasado e o Porvir, a Evocación e o Deseio, irmandados n-unha ferverza relixiosa, camiñando pol-as ribeiras do Misterio en precuro d-un máis alá de arelas do corazón e da intelixencia".

Escribe Fernández Rei: "Hai diferenzas entre o "mesianismo" e o saudosismo portugués e a saudade que describe Cabanillas e a definila dedica a súa intervención. A galega é case paisaxística: 'Saudade da Terra, saudade do fogar, da campía verdecente, do ceo neboento, do curuto hirto, da choiva miudiña, da campana da aldea, das oliveiras escuras, da vella parede ensilveirada, do recuncho sombrizo da carballeira, da lúa que se pôn detrás do pinal... ¡saudade da lareira e do agro, saudade bendita que temos de pedir a Dios que nol-a conserve e acrecente deica ô fin das edades!'"

Mais a saudade galega tamén é política e ideolóxica: nacionalista e de liberación, como correspondía ó movemento das Irmandades da Fala e da xeración Nós para os que falaba. Di Fernández Rei: "A saudade da Raza e a saudade da Terra, entrenzadas, orixinaron a saudade da Patria, que é saudade de redención; e de aquí vén que 'ô recordo do noso pasado céltico, libre e sinxelo no seo da natureza mimosa, máis querido por máis lonxano, arelemos con alma e vida a liberdade da nosa Terra'."

Da saudade na Rosalía que escribe en español xa falamos antes pero a poesía rosaliana en galego está igualmente imbuída dela. En *Cantares Gallegos*, Rosalía fala das "suidades". É Carolina Michaelis quen así o refire recordándonos que é no volume I das *Obras Completas* da ilustre poetisa galega (Madrid 1909-1912), "nos deliciosos Cantares", que emprega esa forma nestes versos:

Tal m'acoden as SUIDADES
tal me quixeren afrixir
qu'inda mais feras m'afogan
si as quero botar de min.

Mais non só neles, pois "revendo os volumes" a filóloga xermanoportuguesa encontra "*soidades* nas *Folhas Novas* (p. 28, 31, 33, 57, 162); *soledade* (ib. 62 e 65); *soedad* (p. 49); *saudoso* (p. 61); e finalmente *soidá*, pl. *soidás* (ib. 163, 291, 296, etc.) — forma

reduzida, popular." *Follas novas*, comenta Fernández Rei, é o poema da Saudade, un libro para rezar, pois Rosalía "esquirbeu máis para que Dios a oíra que para que a escoitaran os homes".

- 320 En conclusión poderíamos dicir que sen usar a palabra *saudade* os galegos do XIX están escribindo con *morriña* e con *saudade* desde os inicios do Rexurdimento e que é o contacto cultural con Portugal o que facilita a circulación e incorporación da palabra portuguesa ó discurso en galego.

5.3 Sabemos realmente de onde ven a morriña galega?

Xa utilizamos a Malkiel (1955, p. 109) con anterioridade. O filólogo americano repasa as varias hipóteses. Monlau, no seu *Diccionario Etimológico de la Lengua Castellana* de 1857 relacionara *morriña* con *morro*. C. Michäelis resignárase a ver en *morriña* una voz de procedencia descoñecida. F. A. Coelho no seu *Dicionário Manual Etimológico* (1890) e C. Basto relacionábana con "morrer". E finalmente, explicaba, "hay quienes suponen un grado de parentesco entre *morriña* y *murria* 'tristeza', *murrio*, -a 'triste, melancólico, descontento', voces de origen desconocido."

A dificultade, por tanto, para determinar o parentesco xenético de "morriña" estribaría non só na determinación de cales poderían ser as hipóteses máis probables senón en conseguir establecer o tipo de relación e de influencia entre as varias formas que puideron entrar en contacto. Debería utilizarse a voz inusual *murria* para explicar o galego *morriña*? Se nos atemos ós datos que figuran no *Galician and Portuguese word bank* (*Tesouro do léxico patrimonial galego e portugués*), que pon en mapas a información lexicográfica e semántica de estudos dialectais nos dominios galego, portugués e brasileiro, poderíamos afinar a posibilidade de contacto das diversas formas e significados.⁴²⁰

En Galicia a voz "murria" rexistrouse en 3 traballos co sentido de "morriña, tristeza", pero nos dominios lingüísticos do portugués e brasileiro, en ningún.

En Galicia a voz "morriña" recóllese en 14 traballos; en Portugal, en 28; e no Brasil, só en 1:

Galego

Traballo agrario (1) Enfermidade da cepa

Gando (1) Doenza do gato

Humanos (aspectos físicos/psicolóxicos) (9) depresión, tristeza, melancolía, gana de durmir, cansazo

Humanos (aspectos sociais) (1) nostalxia da terra

420 <http://ilg.usc.es/tesouro/en/>

Vida doméstica (2) susedade, cotra

Portugués

Tempo (16) Chuva miúda 11.

Animais (doenzas e feridas) (2) Doenza dos animais 2

Humanos (aspectos físicos/psicolóxicos) (11) Preguiza 5

Brasileiro

Humanos (aspectos físicos/psicolóxicos) (11) Mau cheiro do corpo

321

5.4 Cando aparece a saudade portuguesa?

Se admitimos que a voz *saudade* é unha variante xurdida a partir da máis primitiva *soidade*, é de razón recoñecer que as súas raíces se encontran na Idade Media.

Así é como o asume, por exemplo, Castelluci (2014). As variantes con *oi* e *ui* foron normais no portugués medieval igual que no galego moderno, onde se rexistran todas no XIX e XX. Unha variante máis “soedade”, da que aclara que significa “solidão, lugar solitário”, rexístrase tamén en Arraiz (*Diálogos*, II, 12 e V, I) segundo recolle Basto (1914). Unha das razóns que nos moveron a esta pescuda era procurar unha resposta para a existencia no galego contemporáneo de dúas palabras *soidade/saudade* e *morriña* cunha aparente coincidencia semántica, a primeira rexistrada en cantigas de todos os xéneros nas variantes gráficas *soidade* (encóntraa en dez cantigas), *soydade* (en dúas), e *suidade* (nunha) e a segunda, aínda que máis popular hoxe, rexistrada por escrito moito máis serodidamente ca a primeira.⁴²¹

Se facemos caso de A. A. Cortesão na revista portuense *A Águia*, unha das primeiras veces que a palabra “saudade” aparece baixo esta forma “saudade”, e non como *suydade*, *suidade*, *soydade*, é no soneto 83 de Camões, quen tamén a usa nos *Lusíadas* (III, 124; apud Basto). Tamén a usarán no portugués Gil Vicente no *Cancioneiro Geral* e Jorge F. De Vasconcelos en *Eufrosina*.

En todos estes casos, para o filólogo portugués, a etimoloxía sería a mesma aínda que propón unha dupla diverxencia na evolución: partiríase de *solitatem* para chegar por unha parte a *saudade* e por outra a *soidade*. Incluíu aquí o fragmento de Basto.

421 B 578 / V 181 (Inc.: *Nom poss' eu, meu amigo*) e B 526 / V 119 (Inc.: *Que soidade de mha senhor ei*) de Don Denis, B 619 / V 220 (Inc.: *Ora, senhor, tenho muyt' aguyzado*) de Estevan da Guarda, B 702 / V 303 (Inc.: *Non queredes viver migo*) de Fernan Fernandez Cogominho, B 135 (Inc.: *Pero das terras averei soidade*) de Nuno Eanes Cêrzo, B 1655 / V 1189 (Inc.: *Pero un cavaleiro sei eu, par caridade*) de Pero da Ponte, B 612 / V 214 (Inc.: *De vós, senhor, quer' eu dizer verdade*) de Pero Larouco, B 939 / V 527 (Inc.: *De vós, senhor, quer' eu dizer verdade*) de Sancho Sanchez, B 1156 / V 758 (Inc.: *Met' el-rey barcas no rio forte*) de Johan Zorro e B 1356 / V 964 (Inc.: *A dona Maria soydade*) de Lopo Liáns. amén se rexistra en tres cantigas da lírica relixiosa: CSM 48, CSM 67 e CSM 379.

Mas os dicionários —além de «solidão, lugar solitário» — registam a *soedade* também outro significado: «o sentimento de quem está só da pessoa amada e ausente, com tristeza, e desejo d'ella, hoje dizemos *saudade*» . . . (Morais, s. v. *soedade*).

Temos, pois, as grafías:

[solitatem >] *soidade, soydade* > *saudade*
suidade, suydade

[solitatem > soledade (¹) >] *soedade*

O povo diz *soidade, saudade, e soudade* como já observou o Sr. A. R. Gonçalves Viana (**Apostilas**, II, 408). Umas veces pronuncia *saüdade* e *soidade (suidade)*, outras veces *sáudade* e *sôidade*.

Em Lisboa, *sòdade*.

Ata aquí todo en orde, agora ben, a deriva etimolóxica esquemática que Claudio Basto propón en dúas liñas non é realmente a que explicaría o desenvolvemento cronolóxico da maneira máis simple. Se o criterio da coherencia se combina co da temporalidade dos cambios, a forma "saudade" ocuparía o último lugar da evolución (se non se quixeran incluír os cambios máis recentes condenados pola norma: *soudade, saldade*) e as variantes da segunda liña "soledade" e "soedade" deberían ser incorporadas antes de soidade. Todas forman parte do mesmo proceso de evolución fonética salvo no último estadio.

O último paso da mudanza escaparía propiamente á evolución fonética e a transformación debería ser explicada analoxicamente como influencia doutra familia léxica (a de salutare "saudar" ou a de *sanitatem* > *saedade ou de varias á vez). Esta sería a liña evolutiva:

Solitate(m) > *soledade* > *soedade* > *soidade/soydade* > *suidade/suydade* > *soudade/saudade*

A mudança de *soidade* em *saudade* não teve ainda explicação que satisfizesse a todos.

Para o Sr. A. R. Gonçalves Viana (**Apostilas**, II, 408), na forma *saudade* «influiu, como é sabido, a palabra *saudar*, talvez por intermédio de *soudade*, pronúncia vulgar» . . . ,

Eu anotaría que certamente *soudade*, sendo hoxe variante secundaria de *saudade*, debeu facilitar o tránsito de equivalencia *ui/oi* – *ou/au* cando as variantes puideron estar convivendo nun mesmo período cronolóxico. O caso da fala de Xálima (val do Ellas) que ten aínda hoxe *soidi* “saúde” formaría parte do mesmo xogo de equivalencias: *saúde*-**soude*-*soidi*.⁴²²

Carolina Michäelis cóntanos así a evolución por min sumarizada:

Soedade soidade suidade sempre contaram na poesía arcaica por catro sílabas, correspondentes às do latim *solitates*, de que saíram, por evolucións fonéticas normais: queda do *-l-* intervocálico; redución das outras dúas consoantes mediais, de dentais fortes a brandas; redución de *i* átono a *e* surdo; finalmente pronuncia de *o-e* como *o-i* e redución a *u-i* que, pola tendéncia do portugués a formar ditongos decrecentes se devían fundir necesariamente num *úi*.

A forma primitiva *so-e-dade* perdurou na Galiza até o século XV. Podem verificá-lo nos textos bilingües do *Cancioneiro Galego-Castelhano*, que abrange as poesías líricas da idade de transición do primeiro ao segundo período (1350 a 1450), incluíndo as de Macias, o Namorado. Ha mesmo poetas de hoje que a empregam, p. ex. D. Rosália de Castro e Curros Enriquez nos *Aires de minha terra*.

A par dela, já se encontra comtudo, em compositores do século XIII, a segunda forma *so-i-dade*, segundo as provas contidas nas *Cantigas de Santa Maria*. A terceira, *suidade*, é hoje a mais viva na boca do vulgo galiziano, usada também por poetas ilustrados que se esforçan em erguer a linguagem literária os dialectos ancestrais.

Segundo o *Dicionário* da Porto Editora, *saudade* é o “Sentimento de nostalgia causado pela ausência de algo, de alguém, de um lugar ou pela vontade de reviver experiências, situações ou momentos já passados.” Na súa información lexicográfica tamén se inclúe como usual tanto no portugués europeo como brasileiro o plural *saudades*, que é glosado como “Expressão utilizada para designar que se sente a falta de alguém”. Na nota etimolóxica, que é a que aquí, nos interesa aparece así: “A palavra *saudade* deriva do latim *solitas*, *atis*, que pode significar solidão, desamparo, recolhimento.” E chámase a atención para as ultracorreccións *saldade* e *saldades*, con *l*, que segundo os lexicógrafos de Porto Editora deben ser evitadas.

Que a voz “*saudade*” foi connotada positivamente desde os estamentos literarios e cultivados podería explicar este cambio aparentemente promovido dende riba como demostran as reflexións que aparecen na época que nos incumbe, a de comezos do xv. O rei D. Duarte (1391-1438) fala dela no seu *Leal Conselheiro* nestes termos: “um sentido do coração que vem da sensualidade e não da razão”, e Duarte Nunes de

422 Rebollo (2022).

Leão en 1606, proponnos esta simple definición: "saudade é lembrança de alguma coisa com desejo dela". Está claro que mentres os galegos acaban desistindo de se gobernar a si mesmos e de escribiren para recordar, os portugueses, como é o caso do historiador e autor da *Orthographia da lingua portuguesa* (1576) da *Origem da lingua portuguesa* (1606) están preocupados polas súas cousas.

Claudio Basto (1914) escribe falando das primeiras ocorrencias da palabra:

Como é sabido, foi el-rei D. Duarte o primeiro escritor que notou a excelência do vocábulo "saudade" (no *Leal Conselleiro* no capítulo Do nojo pesar, despracer, avorrecimento e suidade), o qual se encontra já com a grafia *soidade*, no *Cancioneiro da Vaticana* (n.os 119, 210, 214, etc.), e no *Cancioneiro de Ajuda*, nº 389, ed. da ex.ma Sr.a D. Carolina Michäelis de Vasconcelos, pág. 765

Don Duarte escribe "saudade" pero D. Dinís (1261-1325), igual ca maioría dos trobadores, servíanse das diversas variantes etimolóxicas aínda que estean expresando o mesmo nas súas cántigas.

Saudade e amor estiveron ligados na época trobadoresca e seguirán ligados na época filipina. D. Francisco Manuel de Melo, autor dunha basta obra en portugués e castelán escribía:

E pois parece que lhes toca mais aos Portuguezes que a outra nação do mundo o dar-lhe conta desta generosa paixão, a quem somente nós sabemos o nome, chamandolhe Saudade, quero eu agora tomar sobre mi esta noticia. Florece entre os Portuguezes a saudade por duas causas mais certas em nós que em outra gente do mundo, porque de ambas essas causas tem seu principio: Amor e Ausência são os pays da saudade, e como nosso natural he entre as mais nações conhecido por amoroso, e nossas dilatadas viagens ocasionam as mayores ausências, de ahi vem que donde se acha muyto amor e ausência larga, as saudades sejam mais certas, e esta foi sem falta a razão porque entre nós habitassem como em seu natural centro.

Para concluír unha liñas máis endiante: "Sem amor non pode haver saudade".

Michäelis trata no seu libelo, entre outras moitas cuestións, non só da orixe da voz *saudade* (coas variantes medievais *soedade* / *soidade* / *suidade* que xa comentamos) senón do que os portugueses entenderon e entenden por ela pero é sempre libre para criticar a suposta exclusividade portuguesa do seu significado. No principio de todo recordaba:

Ha evidentemente demasias. É inexacta a ideia que outras nações desconheçam esse sentimento... Ha quatro vozes peninsulares, de orixe neo-latina todas elas, que são sinónimas de saudade. E todas elas foram já citadas por críticos nacionais e estrangeiros... Isso vale tanto do castelhana *soledad soledades* (do mesmo

modelo etimológico, evidentemente), como do asturiano *senhardade*, de *singularitate*; vale tanto do vulgarismo galiziano *morrinha*, como do catalão *anyoransa anyorament*, usado a miude por Ausias March, esse Petrarca catalão, nos seus sentidíssimos *Cants d'amor e Cants de Mort*. (p. 34)

A historia da saudade, non obstante, é a historia que partindo do pasado continúa no presente: "Do quinto estádio *saudade* já se passou na boca do vulgo, a um sexto, pelo menos em Lisboa, onde pronunciam *sòdade* por *soudade*. Mas é de crer que, por afecto à fama já universal da palavra, a parte culta da nação não deixe generalizar-se essa vulgarização e continue a pronunciar *saudade*."

Saudade e *saudoso*, recórdanos Michäelis, son formas privativamente portuguesas, que foron subindo, pouco a pouco, da boca de semicultos, às camadas sociais superiores, dos verdadeiramente letrados.

Luís de Camões, que pessoalmente teve tanta ocasião de sentir saudades —no Ribatejo, em Ceuta, na Índia, na China, em Moçambique— Luis de Camões empregava ainda, sem diferença de sentido, ora *soidade* e *soidosa*, ora *saudade* e *saudoso*. 1580, surpreende, e muito, que *saudade* —forma evolutiva, alterada em virtude de processos analógicos— se encontre, isolada, num códice com prosas do século XIV, anteriores a Ceuta e às empresas marítimas patrocinadas pelo Infante D. Henrique, para logo desaparecer de novo, não tornando a surgir senão no século XVI. (53)

Na *Vida de Santo Amaro*, (o precioso códice alcobacense N.º 266, s. XIV?) encontrase o trecho seguinte:

E entom disse Leomites: "meu senhor e meu amigo Amaro, grande saudade ora me leixades." E novamente a f. 119: E Vellijdes lhes disse: "Ay amigas, nom choredes ante ell, que auerà gram coyta e gram saudade." (p. 54)

En resumo, *saudade* é forma orixinariamente portuguesa, pero non é evolución fónica regular de *soidade* ou *suidade*. É preciso apelar á analoxía, á etimoloxía popular, ou a unha asociación de ideas e palabras para explicar a mudanza que deu lugar á forma co ditongo -au-. Poderían ser algunhas destas:

SOLITATE

SALUTARE > SA(L)UDAR

SALUTE > SA(L)UDE

SANITATE > SAIDADE

SALVARE

6 Conclusión: a memoria da vida

No *Vocabulario Ortográfico da Galiza* da AGLP aparecen *morrer* e *morrinha*, as dúas voces que dun xeito ou doutro estiveron presentes no desenvolvemento histórico que xa discutimos. O *Dicionario da Lingua Galega* de Estraviz tamén é desta opinión, posto que indica que a etimoloxía de “morriña” en todas as súas acepcións hai que buscala no verbo “morrer”. Dise entre corchetes: “De morrer”. O caso, para min, está en saber de que modo se puideron relacionar porque é un tanto ousado aprobar que se poida derivar morfoloxicamente un substantivo “morriña” dun verbo “morrer”. É isto o que tentarei facer na conclusión xa que a explicación de *saudade* parece suficientemente sólida coas notas que xa se comentaron.

Á evolución diverxente de “morir” e “morrer”, foi o filólogo Yakov Malkiel quen máis tempo e páxinas lle adicou aínda que moitos romanistas antes ca el xa lle expediran o camiño cando el publica o seu artigo de 1955 sobre *morir* e *morrer*. Nel leva a cabo un exame diacrónico destes verbos á par doutras voces coma *esmorecer*, *esmirriado*, *murria* e *modorra*. O autor tenta atopar explicación á diverxencia entre a forma castelá *morir* e a *galega* e *portuguesa* *morrer*; non considera que o infinitivo do latín vulgar *MORERE (> *morre) sexa explicación suficiente para o triunfo do radical con -rr-, e explora ademais das hipóteses xa formuladas como a transformación a partir das formas de futuro e condicional, varios casos léxicos con análogos elementos fonéticos que puideron ter inclinado o triunfo do lado de *morrer* na faixa occidental da península.

No latín, o verbo *morrer* era simplemente MORI, e de aí a pervivencia de “esmorecer, esmorecido” (que persistiu ata a actualidade) e a longa existencia dos presentes “*moiro*”, “*moira*” ó longo da idade media ó norte e ó sur do Miño (gal. e port. modernos “morro”, “morra”) á marxe do resto da familia léxica no paradigma verbal galegoporugués. Eran os descendentes directos por metátese do latín morio(r), o mesmo que a forma ditongada do español “muera” (cf. *coiro-cuero*), e tiveron mesmo éxito na escola galego-castelá de finais do XIV e principios do XV (rexístranse no cancionero de Baena, por exemplo).

Malkiel estuda os cambios na vogal protónica, a duración da consoante media (r/rr) e a clase de conxugación (-ir/-er) e isto, acrecentaría eu, pódenos axudar a entender o que ocorreu nas palabras que puideron entrar en contacto con esta familia (este é o caso que eu propoño para *morriña* que habería que facer proceder doutra: a miña achega é dicir de cal). Dunha parte, podería atribuírse á predilección do NW peninsular pola 2ª conxugación rastrexable noutros moitos verbos que no castelán adoptaron a primeira: *encher*, *ferver*, *gemer*, *render*, *reñer* en vez de pola 2ª, pero, como recolle o propio Malkiel da Carolina Michäelis, a quen xa mencionamos con outros propósitos, tamén puido colaborar na mudanza lingüística o que ela denomina polarización léxica. O par “morrer” e “viver” (común no galegoporugués medieval) tiñan

moito que ver semanticamente e por iso se puideron acabar homologando formalmente na conxugación.

O relevante para o noso caso é que o infinitivo latino tardío (o latín coloquial provinciano testemuñado) *morire/morere* que desembocou no preliterario *morre se viu afectado desde os comezos do idioma polo futuro e o condicional arcaicos *morrei* (< morre hei) e *morría* (morre ía) regularizados moito despois en *morrerei* e *morrería*, e que esta especie de nivelación morfolóxica deu lugar á normalización do radical *morr-*, que, como xa dixemos, se encontra no galego antigo desde os mesmos alcores da lingua.⁴²³

É interesante saber que a reduplicación do r, que principiara nos futuros e no infinitivo estendeuse relativamente tarde á primeira persoa dos presentes de indicativo e subxuntivo (aínda que existan exemplos no galego medieval), e que polo tanto, aínda a falta de noticias e rexistro literario, a voz que daría lugar a “morriña” e que non se documenta ata o XVIII ben podería estar formándose ou afianzándose sen emerxer na escrita nesta época. As grandes migracións de galegos teñen lugar a partir da baixa idade media, co despregamento do imperio e as novas necesidades das colonias creaban o espazo histórico e simbólico necesario para que xurdise a palabra.

Entre as voces que puideron axudar á xeneralización de morrer en contra de morir, Malkiel propón examinar as familias léxicas que, amosando certa afinidade semántica, se poidan agrupar entorno dos radicais *mirr-*, *morr-* e *murr-*. É ese o papel que lle concede ás voces *esmirrado*, *morriña*, *modorra* e *murria*.

Para o caso que aí nos ten, aínda que o influxo posiblemente fose tan modesto como o de *mirrar* (“murchar”), *mirrarse* “engurrarse” e *esmirrado* “encollido”, segundo el mesmo afirma desta forma, podería ser tan interesante pensar á inversa e ver como “morrer” puido exercer influxo sobre “morriña” no romance noroccidental.⁴²⁴ De calquera xeito, resulta revelador estudar como el o fai a serie de parónimos peninsulares constituídos polo andaluz *morrina* “mortandade”, español *murria* “tristeza”, asturiano *murnia* “melancolía” e galego e portugués *morriña/morrinha*, que el analiza ó longo de toda unha sección (pp. 107-112). O *morrina* andaluz é definido por J. Stevens como “mortandade entre o gando” que engade exemplos como: «Hicieron nuestros

423 O primeiro en explicar este -rr- anómalo de morrer no ámbito portugués foi Gonçalves Viana partindo do futuro arcaico *morrei**, xustificable pola síncope de *mor(é)rei o *mor(i)rei. A caída do -n- intervocálico de SANARE > saar daría lugar a outra transformación aparentemente insólita coa duplicación do -r- final na sílaba anterior e de aí o “sasar”. O reforzamento en galego fíxose a partir dunha dental seguindo a irmaar > irmandar: saar > sandar. Malkiel dá máis razóns: ‘En el siglo XIII coexistían en los antiguos textos *morrei* y *morrerei*, triunfando éste por su mayor regularidad y por permitir una separación nítida del imperfecto ‘*morria*’ y del condicional ‘*morrería*’.’

424 Malkiel pon fin a súa contribución apelando ó influxo de morriña sobre *morere: “Por reducido que parezca a primera vista el influjo de morriña, siempre puede haber sido la gota que hizo rebosar el vaso.”

soldados una morrina» e «hizo una morrina de perdices» onde parece implicar manzanza. Malkiel pregúntase se terá algo que ver co francés ou co portugués. Nós inclinariámonos polo segundo, sendo posible que o galego-portugués si a importara nunha época previa:⁴²⁵

morine (Middle French)

Origin & history

Old French **murine**, from the adjective **murin**, from the verb **murir**, **morir** (“to die”).

Noun

morine (*fem.*)

1. **plague; pestilence**
2. **carcass** (body of a dead animal)

Esta morrina equivalería á *morriña* 2.

Vexamos as outras dúas morriñas sinaladas anteriormente na nosa análise. No *Dicionario Xerais da Lingua*, probablemente o máis empregado dos dicionarios galegos como testemuñan a infinidade de edicións e reedicións, recóllense tres entradas de *morriña* seguidas do suposto étimo de cada unha delas cuestionado por un signo de interrogación. Como noutros aspectos, parece seguir as primeiras versións do VOLG que distinguía outras tres. As tres entradas presentan acepcións netamente diferentes. A primeira, a de “sentimento de desacougo ou mágoa” faise derivar de “morro”, e este dáse como derivado dunha voz onomatopeica *murr-*. A segunda, a de sucidade, de “morrer”; e a terceira sinónima de orballo derivaríase da primeira *morriña*.

A morriña 1 do Xerais parece querer subscribir a teoría de Corominas que relaciona *morriña* con “morro”, da raíz *murr-* que inicialmente hai que entendela no sentido físico de “protuberancia redondeada”, o que incluíría desde a cabeza dos animais a calquera obxecto similar. O salto ó plano psicolóxico viría dado polo implícito na expresión “estar de morros”, pola similitude entre a fisiognomía que se adopta e o estado emocional que se transmite. O problema con isto é que a expresión coloquial de igual rexistro no español aparece documentada de varias formas pero nunca en feminino nin na forma aparentemente diminutiva: O padre Sobreira documenta a finais do XVIII as expresións “Andar, estar, ir, porse, vir de morro”. *Estar de morro* está tamén así en singular no primeiro dicionario galego importante: o de Valladares. En Filgueira, en 1926 está xa en plural: *estar de morros* “estar mohíno”. En última instan-

425 Sobre a hipótese do francés Malkiel citaba a Godefroy, que se apoiaba no descubrimento do francés antigo *mo(u)rine* ‘mortandade, peste’ e no uso xeral do sufixo *-ina* para designar abstractos, sobre todo no francés antigo.

cia, aínda que de maneira equívoca, Corominas (1980-1991, p. 155) parece conceder que a teoría de García de Diego podería explicar parcialmente o desenvolvemento: “Morriña no puede separarse de sus afines, derivándolo de morir ‘morir’”.

A min, esta especie de etimoloxía popular avalada polos dous grandes etimólogos hispánicos non me acaba de convencer pero obviamente podería pensarse nun desenvolvemento recente do galego ou do español que quixese caricaturizar a “*taciturnez*” cun diminutivo festivo ou despectivo en feminino que hoxe evidentemente non vemos nin sentimos así. A *morriña* 1 triste e sentimental, se a sentimos en serio, e eu nunca a sentín xocosa, cadra moito máis coa glosa lingüística (non sei ata que punto “etimolóxica”) en latín que só encontrei no dicionario de Vicente Salvá de 1846. Despois de definila como “tristeza o melancolía”, anotou: “*moeror, tristitia*”.

Examinemos a hipótese de *moeror, moeroris* do punto de vista filolóxico. Trátase dun substantivo masculino que recollen os dicionarios latinos xunto coa variante (que algúns indican como máis correcta) *maeror, maeroris*. Pertence á 3ª declinación e tiña os significados de “lamento, pena, mágoa; lamentación, laio; dó, loito” (en inglés: *grief, sorrow, sadness; lamentation; mourning*). Semanticamente, foi o étimo que en todo o tempo que durou a pesquisa sentín máis apropiado. Xa ora que é preciso dar razóns dos cambios fonolóxicos e formais similares ós que o propio verbo *morror* sufriu a partir de *morere* pero os saltos non son insalvables, e, evidentemente, dar conta da semántica relevante.⁴²⁶

De *moeror* por evolución fonética non se podería chegar directamente a *morriña*, pero dun hipotético ou posible derivado seu, **mororina* (cf. *vicus* → *vicinus*), si se podería dar un desenvolvemento bastante en consonancia co romance noroccidental da península: *moerorina* > **mororina* (labialización) > **mor(o)rina* (síncope vocálica) > *morriña* (nasalización) > *morriña* (palatalización). A propia *murria* podería explicarse de modo parecido.⁴²⁷

Este étimo latino e non o onomatopéico ou prerrománico *murr-* (do que proviría o étimo “*morro*” de incerta orixe postulada por Corominas),⁴²⁸ nin a etimoloxía popular que a vincula directamente a “*morror*” (o caso do *Diccionario Estravíz* e varios outros dicionarios galegos; mesmo a miña hipótese favorita cando empecei este estudo) podería ser unha boa base para enlazar a morte e a tristeza, *morror* e *morriña*.

426 <http://www.latin-dictionary.net/definition/27122/moeror-moeroris>

Exemplos de uso de *moeror*: http://www.perseus.tufts.edu/hopper/searchresults?target=la&all_words=moeror&phrase=&any_words=&exclude_words=&documents=

427 Sería: *moerorina* > **mororina* (labialización) > **mor(o)rina* (síncope vocálica) > *morriña* (nasalización) > **mórria* > *múrria*. Sería posible pensar nun cambio acentual favorecido por “*morro*” para dar razón de *murria* “tristeza”?

428 Cavar a morro, cavar el monte sin ararlo previamente con la *cambela*. Lejo. Del prerrománico “*murr-*”. (HE21).

Moeror ten a vantaxe de ser unha voz que está documentada en numerosos textos latinos que coinciden co significado principal que hoxe ten, e a de poder dar conta dun desenvolvemento regular en galego (lat. *-ina* > gal. *iña*). Pensar nunha forma feminina latina **moerorina* non parece demasiado arriscado. Só habería que recordar a morfoloxía derivativa como procedemento tradicional na formación de novas palabras, especialmente se estas eran breves. Para a formación dunha base feminina, recordemos que *moeror* é masculino, habería que pensar ou ben no procedemento da derivación de nomes abstractos a partir de *-inu* (nomes que dan lugar a adxectivos que expresan relación coa raíz e que moitas veces se substantivan: *mar* -> *marinus* / *marina*)⁴²⁹ ou *-ina*; ou ben na derivación diminutiva que cumpre unha función semellante á doutros sufixos feminizantes *-ina* como en *gallus/gallina*, ou *rex/regina*, etc.⁴³⁰ Menos comunmente, os nomes abstractos (que ás veces se converten en concretos) fórmanse de raíces nominais (confundidas con raíces verbais) por medio dos sufixos *-nia* [f.]; *-nium*, *lium*, *cinium* [n.]: *Facinus* [dunha suposta raíz *Facin*], de modo que alternativamente poderíamos pensar en **mor(o)rinia* (síncope vocálica) > *morriña* (palatalización).

No que concirne á adecuación semántica ten o apoio de significar practicamente o mesmo, e a especialización expresiva do estado de ánimo “causado pola nostalgia da terra” é facilmente asumible. Só hai unha circunstancia que pon en cuestión esta hipótese: *O Corpus Documentale Latinum Gallaeciae* (CODOLGA) non recolle un só uso dela nin da súa variante *maeror* no latín galaico.

O máis curioso desta hipótese é que de darse por boa, o étimo latino do que procedería a nosa *morriña* emparentaría a voz actual de hoxe coa do inglés moderno *mourning* “choro, lamento”.⁴³¹ É útil traelo aquí aínda que deixemos indecisa a pescuda

429 Malkiel: “El mejor análisis de este sufijo híbrido es el que dio Meyer-Lübke, *Historische Grammatik der französischen Sprache, II: Wortbildungslehre*, Heidelberg, 1921, pág. 76, tomando como puntos de partida *coquina*, *fodina* (función instrumental y local), *ruina* (función subjetiva y local) y *rapiña* (función objetiva); señalando como extensión, dentro del romance, de la tradición latina fr. ant. *covine* (de *covir* < *cupere*), *crestine* ‘inundación’ (de *croistre* < *crēscere*) y *gesine* (de *gesir* < *iacere*) y atribuyendo el superstrato germánico *aatine*, *gelne*, *guerpine*, *haïne*, *pievine*, *saisine* a la herencia de un sufijo franco. Aunque ninguno de los dos eruditos (Meyer Lübke, Nyrop) mencione esta voz, *mo(u)rine* forma parte del grupo *covine*, *crestine*, *gesine*, apoyándose talvez directamente en *ruina*.”

No latín clásico os *adjectives* co sentido de relación ou pertenza formábanse cos sufixos *-ānus*, *-ēnus*, *-īnus*; *-ās*, *-ēnsis*; *-cus*, *-acus* (*-ācus*), *-icus*; *-eus*, *-ēius*, *-icius*. (cf. *coll-ānus*, dun outeiro : *collis*, outeiro; *dīv-īnus*, divino : *dīvus*, *deus*; *libert-īnus*, dunha clase de homes libres: *libertus*, un dos libres. Véxase <https://dcc.dickinson.edu/grammar/latin/derivation-adjectives>

O procedemento continuou usándose no paso do latín ós romances especialmente en rexistros formais que ás veces transcenden á lingua popular. Os sufixos *-inus*, *-inam* (sentido de relación, pertenza, orixe, descendencia) dan lugar a formas derivadas de raíces nominais: *vicus*, “barrio, aldea” -> *vicinus* “veciño, próximo”; *porcus* “porco, cocho”: *porcinus* “porcino”; *mare*, mar: *marinus*: mariño.

430 Os valores de diminución asociados á descrición da realidade son doados de identificar e entender pois expresan unha noción gramaticalizada en todas as linguas: neste caso equivalería a: “a tristuriña, a peniña, a magoiña”.

431 Online Etymology Dictionary: <https://www.etymonline.com/word/mourn>

para recoñecer o moito que as linguas e as palabras poden cambiar, na forma, no significado, no status e nos usos. Non só cambian as conexións das palabras cando as usamos senón que cambian as connotacións psicolóxicas e físicas co mundo que refiren e coas persoas que as usan. Persoalmente non creo que *morriña* teña moito que ver coa linguaxe case xestual implicada por *morro* ou co similar estado que nalgúns aspectos pode transmitir *modorra*. Semanticamente tería máis que ver co recordo (*memoria*) e a tristura (*moeror*) latinas. O *moeror* latino está emparentado co inglés medio *mornen* e co antigo anglosaxón *murnan* “sentir ou expresar tristeza, dor ou arrepentimento; lairse” tamén “estar ansioso por, ter coidado” (verbo forte clase III; pretérito *mearn*, participio pasado *murnen*), do protoxermánico **murnan* ‘recordar con tristeza’ (fonte tamén do antigo saxón *mornon*, antigo alto alemán *mornen*, gótico *maurnan* ‘chorar’, nórdico antigo *morna* ‘esmorecer, consumirse, abaterse polo sufrimento’). Todas serían formas sufixadas da raíz PIE *(s)mer- “recordar, vir á memoria”.⁴³² O recordo, a memoria, dende os albores dos tempos das linguas europeas, vinculado á morte e o lamento do que xa non é.⁴³³

Unha boa parte do que aquí se di é tradución do español, do inglés, do portugués e do francés. En certa maneira tamén é unha tradución ou versión do que fun encontrando en galego.

George Steiner explicaba no seu *After Babel* que unha boa parte da teoría da tradución se centraba nas dúas alternativas posibles; traducir a letra ou traducir o espírito, a palabra ou o sentido. A tradución, a translación de forma e contido dunha cultura a outra, sempre se enfrontará co mesmo problema da polisemia. A transferencia dunhas palabras dunha lingua a outra, o que se coñece como préstamos (ou empréstitos en portugués) non está libre dos condicionantes que os tradutores afrontan nas súas traducións, nin dos efectos que a incorporación léxica ou unha nova tradución poida ocasionar. A saudade, incorporada no XIX, forma hoxe parte da lingua e da cul-

432 Raíz protoindoeuropea *(s)mer- co significado de ‘recordar’. Forma todo ou parte de: conmemorar; conmemoración; memoria; memorable; memorando; memorial; memorable; memorizar; memoria; lembrar. A evidencia da súa existencia é proporcionada por: sânscrito *smarati* ‘remember;’ avestan *mimara* ‘consciente;’ grego *merimna* ‘coidado, pensamento;’ mermeros ‘causando ansiedade, travieso, nefasto;’ latín *memoria* ‘memoria, lembranza, facultade de lembrar’, *memor* ‘consciente, lembrar;’ mariú serbo-croata ‘coidar;’ galés *Marth* ‘tristeza, ansiedade;’ nórdico antigo *Mimir*, nome do xigante que garda o Pozo da Sabedoría; inglés antigo *gemimor* ‘coñecido’, *murnan* ‘lamentar, lembrar con tristeza;’ holandés *mijmeren* ‘reflexionar’.

OED. “to feel or express sorrow, grief, or regret; bemoan, long after,” also “be anxious about, be careful” (class III strong verb; past tense *mearn*, past participle *murnen*), from Proto-Germanic **murnan* “to remember sorrowfully” (source also of Old Saxon *mornon*, Old High German *mornen*, Gothic *maurnan* “to mourn,” Old Norse *morna* “to pine away”), probably from suffixed form of PIE root *(s)mer- (1) “to remember.” Or, if the Old Norse sense is the base one, from **mer-* “to die, wither.”

433 O *mourning* é en inglés o loito, o ‘sentimento ou expresión de dor, tristeza ou dor’, c. 1200, do inglés antigo *murnung* ‘queixa, dor, acto de se laiar’, substantivo de verbal de *to mourn*. É exactamente o mesmo campo semántico que expresa a nosa “morriña”. O sentido específico de ‘lamentar a morte’ no inglés *mourn* é de por volta do 1300. O significado “mostrar a aparencia convencional de duelo por un período posterior á morte de alguén” é de en torno a 1520.

tura galega porque a propia idea que a acompañaba foi trasplantada e desenvolvida entre nós. É mesmo probable que a propia morriña de espírito máis popular se beneficiara da filosofía que aquela desenvolveu entre nós. Basnett (citado en Krausse) cría que traducir dunha lingua a outra, transcribir unha cultura noutra, posiblemente fora imposible, pero cría que a recompensa pagaba a pena pois estaba no esforzo.

Referencias bibliográficas

- Academia Galega da Lingua Portuguesa (2015): *Vocabulário Ortográfico da Galiza*. AGLP. https://www.academia.edu/30975383/Vocabul%C3%A1rio_Ortogr%C3%A1fico_da_Galiza_AGLP_2015
- Alonso Estraviz, Isaac (2022): *Dicionário Estraviz*. <https://estraviz.org/>
- Alonso Montero, Xesús (1953): Filoloxía e historia cultural da verba *saudade*. In Ramón Piñeiro López et al., *La saudade: Ensayos* (pp. 121-127). Galaxia.
- Basto, Cláudio (1914): Saudade en portugués e galego. *Revista Lusitana*, XVII/3-4, 1914, pp. 275-281; XVIII/1-2, 1915, p. 178. <http://cvc.instituto-Camões.pt/conhecer/biblioteca-digital-Camões/etnologia-etnografia-tradicoes/206-206/file.html>; <<http://cvc.instituto-Camões.pt/conhecer/biblioteca-digital-Camões/etnologia-etnografia-tradicoes/207-207/file.html>
- Borges, Paulo (2008): *Da Saudade como via de libertação*. Quidnovi.
- Botelho, Afonso; Braz Teixeira, António (Eds.) (1986): *Filosofía da Saudade*. Imprensa Nacional-Casa da Moeda
- Bell, Aubrey F.G. (1916): A palabra saudade en gallego. *A Águia*, 9, pp. 18-20.
- Brucker, Charles (1988): *L'étymologie*. Presses universitaires de France.
- Bueno, Francisco da Silveira (1967): *Grande dicionário etimológico-prosódico da língua portuguesa*. Sarai-va.
- Cabanillas, Ramón & Rodríguez, Eladio (2000) [1920]: *A saudade nos poetas gallegos*. El Noroeste. (Ed. de Luís Alonso Girgado e Teresa Monteagudo Cabaleiro). Xunta de Galicia.
- Camões, Luís de (1994): *Rimas* (Ed. por Alvaro J. da Costa Pimpão). Almedioa.
- Castro, Rosalía de (1993): *Obras completas de Rosalía de Castro*. (2 vols). Turner.
- Castelluci, Attilio (2014): La sovrapposizione semantica di *morriña* e *saudade*. In Paolo Canettieri e Arianna Punzi (eds.), *Dai pochi ai molti: Studi in onore di Roberto Antonelli*, I, Roma, Viella, pp. 521-533. <https://www.academia.edu/12981409>
- Educalingo. Etimología de la palabra morriña La palabra morriña procede del gallegoportugués *morrinha*. <https://educalingo.com/es/dic-es/morrina>
- Figueiredo, Cândido de (1899): “Novo dicionário da língua portuguesa”. https://books.google.es/books?id=OS9AAAAAYAAJ&pg=PA155&dq=morrinha+morrer&as_brr=1&hl=es&cd=6&redir_esc=y#v=onepage&q=morrinha%20morrer&f=false
- Coromines, Joan (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. (6 vols.) Gredos.
- Coromines, Joan (1973): *Breve diccionario etimológico de la lengua castellana*. Gredos.
- Fernández Rei, Francisco (2020): Ramón Cabanillas e a saudade. No centenario do seu ingreso na RAG. *Tribuna*. Real Academia Galega. <https://academia.gal/-/ramon-cabanillas-e-a-saudade-no-centenario-do-seu-ingreso-na-rag?redirect=%2Ftribuna%2Ftodas>

García González, Constantino (1985): *Glosario de voces galegas de hoxe*. (Anexo 27 de Verba). Universidade de Santiago de Compostela.

García Rey, Verardo (1934): *Vocabulario del Bierzo*. Imprenta S. Aguirre.

González González, Manuel & Santamarina, Antón (Coords) (2004): *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega*. Real Academia Galega & Instituto da Lingua Galega. <https://2012.academia.gal/recursos-volg#index.jsp>

González González, Manuel (Dir.) (2022): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega. <<https://academia.gal/diccionario>>

Landeira, Ricardo L. (1970): *La saudade en el renacimiento de la literatura gallega*. Galaxia. https://books.google.es/books?hl=es&lr=&id=12arslBYK3kC&oi=fnd&pg=PA9&dq=Garc%C3%ADa+Rey+saudade&ots=Hne1LL1-Elu&sig=XO7chjPjc6eQP0iR4sppO0ONUi4&redir_esc=y#v=onepage&q&f=false

Lewis, Charlton T. e Short, Charles (1879): *A Latin Dictionary*. Clarendon Press

García Soto, Luís (2012): *Morrinha-Saudade*. *Boletim da Academia Galega da Lingua Portuguesa*, 5, pp. 23-32. <https://www.academia.edu/38230500>

Geraldo da Cunha, Antônio (1986): *Dicionário Etimológico Nova Fronteira da Língua Portuguesa*. (2º ed. revista e acrescida). Editora Nova Fronteira.

González Rey, María Isabel (2016): *A morriña como elemento de estudo da linguopaisoloxía galega*. In Manuel González González (ed.), *Lingua, pobo e terra: Estudos en homenaxe a Xesús Ferro Ruibal* (pp. 303-324). Xunta de Galicia, Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. <https://www.researchgate.net/publication/312497479>

Krause, James R. (2009): *Translating Rosalía de Castro's saudade into English*. *Decimonónica. Journal of Nineteenth Century Hispanic Cultural Production*, 9 (2), pp. 69-87. <https://www.decimononica.org/translating-rosalia-de-castros-saudade-into-english/>

Landeira, Ricardo (1970): *La saudade en el Renacimiento de la Literatura gallega*. Galaxia.

Lorenzo, Lourdes (1999): *Morriña e meteoroloxía: interacción semántico-cognitiva e contribución ó léxico do galego*. In Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra (coords.), *Cinguidos por unha arela común: Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero. I. Semblanza e creación. Lingua. Historia, cultura e sociedade*, (pp. 587-594). Universidade de Santiago, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico.

Machado, José Pedro (1995): *Dicionário Etimológico da Língua Portuguesa: com a mais antiga documentação escrita e conhecida de muitos dos vocábulos estudados*. Livros Horizonte.

Malkiel, Yakov (1955): *Español morir, portugués morrer con un examen de esmirriado, morriña, murria y modorra*. *Bulletin Hispanique*, 57 (1-2), pp. 84-128 <http://dx.doi.org/10.3406/hispa.1955.3426>

Miguel, Raimundo de (1897): *Nuevo Diccionario Latino-Español Etimológico*. Hermanos Sáenz de Jubera Editores.

Morriña (s.d.). *Diccionario Dialectal Peralêo*. <https://raicesdeperaleda.com/diccionario/morri-na/p-841>

Morriña (s.d.). *Gran Diccionario de la Lengua Española*. (2016): Retrieved September 11 2022 from <https://es.thefreedictionary.com/morri%c3%b1a>

Morrinha (s.d.). *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa* [em linha], 2008-2021. Consultado em 27-08-2022. <https://dicionario.priberam.org/morrinha>

Morrinha (s.d.). *Dicionário Online de Português* [em linha]. <https://www.dicio.com.br/morrinha/>

Michãelis, Carolina de Vasconcellos (1913): *A “saudade” portuguesa. Divagações filológicas e literário-históricas em volta de Inês de Castro e do cantar velho «Saudade minha - ¿quando te veria?»*. Renascença Portuguesa. <https://archive.org/details/saudadeportugues00vascuoft/page/120/mode/2up>

Mueller de Coethen, Eduard (1879): *Etymologisches Woerterbuch der Englischen Sprache*. Paul Schettler’s Verlag. https://books.google.com.pr/books?id=82gCAAAAQAAJ&printsec=frontcover&source=gbs_book_other_versions_r&cad=3#v=onepage&q&f=false

Nascentes, Antenor (1952-1955): *Dicionario etimológico da lingua portuguêsa*. Río de Janeiro.

Nascimento, A.R.A. e Menandro, P.R.M. (2005): Memória social e saudade: especificidades e possibilidades de articulação na análise psicossocial de recordações. *Memorandum*, 8, 5-19. <http://www.fafich.ufmg.br/~memorandum/artigos08/nascimenan01.htm>

Pap, Leo (1992): On the Ethymology of Portuguese *saudade*: An Instance of Multiple Causation? *Word*, 43 (1), pp. 97-102.

Piñeiro, Ramón (1961): *Dos ensayos sobre la saudade*. Editorial Alén-Mar.

Piñeiro, Ramón (1984): *Filosofía da saudade*. Galaxia.

Rebollo, Juan (2022): A fala do Val de Xálima, goza de boa soidi? *El Trapezio*, 31 de marzo do 2022. https://eltrapezio.eu/es/portugues/a-fala-do-val-de-xalima-goza-de-boa-soidi_28301.html

Salvá, Vicente (1847): *Diccionario de la Lengua Castellana*. (2º ed.). Librería de don Vicente Salvá. https://www.cervantesvirtual.com/obra-visor/nuevo-diccionario-de-la-lengua-castellana-1/html/0044fc4e-82b2-11df-acc7-002185ce6064_779.html

Saudade. (s.d.). *Infopedia (en liña)*. Recuperado de <https://www.infopedia.pt/dicionarios/lingua-portuguesa/saudade>

Saudade (s.d.). *Dicionário infopédia da Língua Portuguesa [em linha]*. Porto Editora. [consultado a 2022-08-27 20:09:43]. <https://www.infopedia.pt/dicionarios/lingua-portuguesa/saudade>

Saudade (s.d.). *Dicionário Priberam da Língua Portuguesa [em linha]*, 2008-2021. [consultado em 27-08-2022]. <https://dicionario.priberam.org/saudade>

Skeat, Walter William (1882): *A Concise Etymological Dictionary of the English Language*. Clarendon Press.

Torres Feijó, Elias (2008): A mais poderosa ponte identitária: Portugal e a saudade no nacionalismo galego. María Celeste; Teixeira, António Braz; Rocha, Afonso; Epifânio, Renato, (eds.), *Actas do III Cólóquio Luso-Galaico sobre a Saudade. Em homenagem a Dalila Pereira da Costa* (pp. 149-166). Zéfiro.

Torres Queiruga, Andrés (2003): *Para unha filosofía da saudade*. Fundación Otero Pedrayo.

Vilavedra, Dolores (1997) (coord.): Saudade. *Diccionario de literatura galega* (vol. II, pp. 437-438). Galaxia.

Wikipedia. (2022): Saudade. In *Wikipedia, The Free Encyclopedia*. Recuperado o 19 de setembro de <https://en.wikipedia.org/w/index.php?title=Saudade&oldid=1109842693>

II Edad Moderna y Contemporánea

El Tostado como poeta

Emiliano Fernández Vallina

335

Algunas veces se ha destacado la importancia que para la historia de la materia de la producción literaria en España sobre la interpretación de los mitos de la Antigüedad Clásica⁴³⁴ tuvo la figura del Tostado, quien habría servido de enlace –nosotros diríamos que imprescindible– durante tres siglos entre dos hitos significativos de aquella producción, es decir, entre los motivos y datos que ofrecía la *General Estoria* y la *Philosophía Secreta* de Pérez De Moya. En las líneas que siguen intentaremos poner de relieve, brevemente y mediante su propio estro, el grado de impregnación de autores clásicos y, sobre ello, el nivel de apropiamiento de inspiración poética que quedan reflejados en dos composiciones del maestro salmanticense, los denominados ya en el siglo XVI opúsculos *De optima politia* y *De statu animarum post hanc vitam*.⁴³⁵

Efectivamente, los proemios y prólogos que encabezan las obras de don Alfonso de Madrigal son muy instructivos y, aparte, naturalmente, de la información pertinente sobre la materia y características del tratado correspondiente, dicen mucho de la actitud y perspectivas, intelectuales y culturales, del maestro salmanticense. A esclarecer y poner un poco de relieve, como decíamos, las facultades insignes del profesor de esta universidad en dos de sus opúsculos van dedicadas estas líneas. Se escriben cerca de donde se escribieron esas composiciones del siglo XV y no lejos de donde nos sentamos, cercanos y en el recuerdo tan grato hermanados en el aprendizaje, Celso, don Celso y quien suscribe esto. Anécdotas graciosas en la clase

434 Cf., por poner ejemplos relevantes, M^a Isabel Lugo (1985: 174); Pilar Saquero Suárez-Somonte y Tomás González Rolán (1995: 47); José Fernández Arenas (1976: 338); Tomás González Rolán y Antonio López Fonseca (2021: 23-24).

435 Quede el enmarque singular de estas dos composiciones junto con el de *Sanctissima Trinitate* para otra ocasión, si Dios quiere. Utilizaremos aquí la edición de los opúsculos del Tostado debida a Alonso Polo y comenzada en las prensas de Pedro de Lichtenstein en 1529 en Venecia. Sobre los prólogos completos y la aparición de estos en las sucesivas ediciones séame permitido remitir a dos trabajos propios: E. Fernández Vallina (2014 y 2019). Por otra parte, el tratado *De optima politia* ha sido editado y traducido por Nuria Belloso Martín (2003).

de don Manuel Cecilio Díaz y Díaz. Charlas por el claustro de Anaya, frío y cielo azul, tiempos de esperas y de esperanza, tiempo de transición y tiempo de amistad sin falsa estampa. Con el corazón lleno de añoranza de aquella etapa inolvidable y con el convencimiento de que, cerca de Dios, de algún modo don Celso sonreirá alborozado a su manera humilde y a su manera entusiasta, quiere este pequeño trabajo contribuir al homenaje debido a su persona y dejar testimonio del gran valor de la persona infatigable y amistosa que fue don Celso.

